

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 53

Sesión Plenaria
21 de maio de 2025

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Interpelacións

4.1 23959 (12/INT-000943)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e tres deputados/as máis

Sobre as estratexias previstas polo Goberno galego para a defensa dos sectores produtivos de Galicia ante a nova política arancelaria de Estados Unidos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 188f3, do 16.04.2025

4.2 24272 (12/INT-000952)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e catro deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en materia de investigación do medio mariño e a eventual creación dunha comisión que coordine o traballo dos diferentes centros de estudo nesta materia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 193f1, do 02.05.2025

4.3 24427 (12/INT-000960)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre o impulso e a elaboración consensuada por parte do Goberno galego dun plan de mellora educativa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 193f1, do 02.05.2025

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

5.1 25219 E C.E. 25408 (12/POPX-000043)

Grupo Parlamentario Mixto

Ojea Bouzo, Armando

Sobre os compromisos que pensa asumir o Goberno galego cos emprendedores de orixe familiar ourensá residentes en México para impulsar o seu investimento en Galicia, singularmente na provincia de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 197f2, do 14.05.2025

5.2 25382 (12/POPX-000044)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a adopción por parte do Goberno galego das medidas que necesita a atención aos problemas do ámbito da saúde mental

Publicación da iniciativa, BOPG nº 197f2, do 14.05.2025



Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 25362 (12/PUP-000110)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma

Sobre o tempo de presenza do presidente da Xunta de Galicia no Centro de Coordinación Operativa da Estrada (Cecopi) nas xornadas da caída xeral do sistema eléctrico do 28 e 29 de abril
Publicación da iniciativa, BOPG nº 197f2, do 14.05.2025

6.2 16694 (12/POP-002560)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e dous deputados/as máis

Sobre a disposición da conselleira de Política Social e Igualdade a atender as peticións do alcalde de Foz relativas á xestión da residencia e centro de día desta localidade
Publicación da iniciativa, BOPG nº 144f1, do 24.01.2025

6.3 18945 (12/POP-002925)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e dous deputados/as máis

Sobre as demandas do persoal da residencia de maiores de Caranza, en Ferrol
Publicación da iniciativa, BOPG nº 153f2, do 06.02.2025

6.4 22873 (12/POP-003475)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e oito deputados/as máis

Sobre os beneficios fiscais acadados polos galegos en 2024 nos gravames que xestiona a Xunta de Galicia en relación coa adquisición de vehículos que tributan ao 3 por cento
Publicación da iniciativa, BOPG nº 185f2, do 09.04.2025

6.5 24859 (12/PUP-000106)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e oito deputados/as máis

Sobre o conflito que afecta a cooperativa de vivendas en alugueiro social de Xuxán, na Coruña
Publicación da iniciativa, BOPG nº 197f2, do 14.05.2025

6.6 25380 (12/PUP-000111)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir que as parcelas do Parque Ofimático da Coruña adxudicadas a Galivivienda sexan realmente vivendas de alugueiro social
Publicación da iniciativa, BOPG nº 197f2, do 14.05.2025

6.7 16225 (12/POP-002404)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e dous deputados/as máis

Sobre as estatísticas das cardiopatías na Área Sanitaria da Coruña e Cee e na de Ferrol
Publicación da iniciativa, BOPG nº 140f1, do 16.01.2025



6.8 24692 (12/POP-003634)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Grueira Fernández, Nicole e nove deputados/as máis**

Sobre as novidades que incorpora o novo Plan estratéxico de xuventude 2025-2027

Publicación da iniciativa, BOPG nº 195f1, do 07.05.2025

6.9 24449 (12/POP-003603)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e catro deputados/as máis**

Sobre as previsións da Consellería do Mar no que atinxe á realización dun estudo do impacto ambiental, económico e social da fábrica de Altri sobre o río Ulla e a ría de Arousa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 193f1, do 02.05.2025



SUMARIO (continuación)

Retómase a sesión ás dez e un minuto da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, sobre os compromisos que pensa asumir o Goberno galego cos emprendedores de orixe familiar ourensá residentes en México para impulsar o seu investimento en Galicia, singularmente na provincia de Ourense. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Ojea Bouzo (M). (Páx. 9.)

Resposta do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 11.)

Réplica do autor: Sr. Ojea Bouzo (M). (Páx. 12.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 13.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a adopción por parte do Goberno galego das medidas que necesita a atención aos problemas do ámbito da saúde mental. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 14.)

Resposta do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 15.)

Réplica da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 17.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 19.)

Alteración da orde do día.

O señor presidente anuncia un cambio no desenvolvemento da orde do día, consistente en adiantar o debate de dúas preguntas. (Páx. 20.)

Pregunta de D^a Cristina Sanz Arias e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os beneficios fiscais acadados polos galegos en 2024 nos gravames que xestiona a Xunta de Galicia en relación coa adquisición de vehículos que tributan ao tres por cento. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Sanz Arias (P). (Páx. 21.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado). (Páx. 22.)

Réplica da autora: Sra. Sanz Arias (P). (Páx. 23.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado). (Páx. 24.)



Pregunta de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as estatísticas das cardiopatías na Área Sanitaria da Coruña e Cee e na de Ferrol. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Abalde Alonso (S).* (Páx. 25.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño).* (Páx. 27.)

Réplica do autor: *Sr. Abalde Alonso (S).* (Páx. 28.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño).* (Páx. 29.)

Interpelación de D^a Paloma Castro Rey e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as estratexias previstas polo Goberno galego para a defensa dos sectores produtivos de Galicia ante a nova política arancelaria dos Estados Unidos. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Iglesias Rey (S).* (Páx. 30.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza).* (Páx. 33.)

Réplica da autora: *Sra. Iglesias Rey (S).* (Páx. 37.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza).* (Páx. 39.)

Interpelación de D^a Rosana Pérez Fernández e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en materia de investigación do medio mariño e a eventual creación dunha comisión que coordine o traballo dos diferentes centros de estudo nesta materia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG).* (Páx. 41.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez).* (Páx. 44.)

Réplica da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG).* (Páx. 47.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez).* (Páx. 49.)

Interpelación de D^a María Cristina Fernández Davila e D^a Ariadna Fernández González, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o impulso e a elaboración consensuada por parte do Goberno galego dun plan de mellora educativa. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Fernández Davila (BNG).* (Páx. 51.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González).* (Páx. 53.)

Réplica da autora: *Sra. Fernández Davila (BNG).* (Páx. 58.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González).* (Páx. 59.)

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o tempo de presenza do presidente da Xunta de Galicia no Centro de Coordinación Operativa da Estrada (Cecopi) nas xornadas da caída xeral do sistema eléctrico do 28 e 29 de abril. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 62.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 63.)

Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 64.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 65.)



Pregunta de D^a Lara Méndez López e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a disposición da conselleira de Política Social e Igualdade a atender as peticións do alcalde de Foz relativas á xestión da residencia e centro de día desta localidade. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Méndez López (S).* (Páx. 66.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez).* (Páx. 67.)

Réplica da autora: *Sra. Méndez López (S).* (Páx. 68.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez).* (Páx. 69.)

Pregunta de D. Ramón Tomás Fernández Alfonzo e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as demandas do persoal da residencia de maiores de Caranza, en Ferrol. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Alfonzo (BNG).* (Páx. 70.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez).* (Páx. 71.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Alfonzo (BNG).* (Páx. 71.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez).* (Páx. 72.)

Suspéndese a sesión á unha e vinte e oito minutos da tarde e retómase á unha e vinte e nove minutos. (Páx. 73.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica o debate acumulado de dúas preguntas ao Goberno. (Páx. 73.)

Pregunta de D. Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o conflito que afecta a cooperativa de vivendas en alugueiro social de Xuxán, na Coruña. (Punto sexto da orde do día.)

Pregunta de D^a Alexandra Fernández Gómez, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir que as parcelas do Parque Ofimático da Coruña adxudicadas a Galivivienda sexan realmente vivendas de alugueiro social. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor e da autora: *Sr. Rodríguez Martínez (P)* (Páx. 74.) e *Sra. Fernández Gómez (BNG)* (Páx. 75.).

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allege).* (Páx. 76.)

Réplica do autor e da autora: *Sr. Rodríguez Martínez (P)* (Páx. 77.) e *Sra. Fernández Gómez (BNG)* (Páx. 78.).

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allege).* (Páx. 79.)



Pregunta de D^a Nicole Grueira Fernández e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as novidades que incorpora o novo Plan estratéxico de xuventude 2025-2027. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Grueira Fernández (P)*. (Páx. 81.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos)*. (Páx. 81.)

Réplica da autora: *Sra. Grueira Fernández (P)*. (Páx. 82.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos)*. (Páx. 83.)

Pregunta de D^a Rosana Pérez Fernández e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Consellería do Mar no que atinxe á realización dun estudo do impacto ambiental, económico e social da fábrica de Altri sobre o río Ulla e a ría de Arousa. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 84.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez)*. (Páx. 85.)

Réplica da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 86.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez)*. (Páx. 88.)

Remata a sesión ás dúas e vinte minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e un minuto da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reiniciamos a sesión.

E permítanme que, en primeiro lugar, saúde os invitados da tribuna e, especialmente tamén, os alumnos de primeiro de bacharelato do centro de Melide, que hoxe visitan o Parlamento, e tamén os seus profesores. Benvidos ao Parlamento.

E agora continuamos co punto quinto da orde do día, que é preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, sobre os compromisos que pensa asumir o Goberno galego cos emprendedores de orixe familiar ourensá residentes en México para impulsar o seu investimento en Galicia, singularmente na provincia de Ourense

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Bos días a todas as persoas que seguen o pleno.

E bos días, presidente da Xunta. Grazas pola súa presenza.

Voulle plantexar a pregunta primeiro nos termos estritos nos que foi rexistrada e logo coméntoa un pouco para facela máis comprensible para todos e sobre cal é o fondo do asunto. A pregunta é: ¿ten pensado falar con emprendedores de orixe ourensá residentes en México, para animalos a impulsar proxectos que pechen o ciclo produtivo en industrias extractivas de minerais estratéxicos na provincia de Ourense?

Para contextualizar a pregunta, lémbrolle que, como seguramente sabe, están en proxecto diferentes posibilidades de implantación de minas en diferentes partes de Galicia, pero en concreto na provincia de Ourense. Unha das que se fala moito estes días é unha posible mina para extraer litio na zona de Doade, no concello ourensán de Beariz. De momento, estanse soamente facendo estudos acerca da súa viabilidade, pero existe certa probabilidade de que termine implantándose, superadas loxicamente as cuestións medioambientais etcétera. E, se non é esa, seguramente no futuro trataranse de explotar outras.

Unha crítica que se fai moitas veces —e eu entendo moi xustificada— é que na nosa Autonomía galega se implantan moitas empresas que teñen natureza puramente extractiva dos nosos recursos minerais —tamén doutros, pero agora falamos dos minerais—, pero que despois eses produtos van pechar o ciclo produtivo a outras partes de España ou a outras



partes de Europa, para fabricar os compoñentes que precisan desa clase de minerais, pero xeran emprego e xeran riqueza nesoutros lugares, e aquí soamente nos quedan esas extraccións que moitos cualifican —tamén con certa parte de razón— de espolio.

A cuestión é que desa zona concreta da que estamos falando son orixinarios grandes empresarios, residentes moitos deles en México e en Panamá; non fai falta que diga nomes propios, porque seguro que os coñecen todos vostedes, son coñecidos a nivel mundial mesmo. E eses empresarios residentes habitualmente en México, aínda que veñen moitas veces pasar as súas vacacións ao lugar de orixe das súas familias, pois teñen unha enorme capacidade investidora, están entre as capacidades investidoras máis altas do mundo. E ao mellor a eles non se lles ocorre ou fará falta pois recordárllelo ou plantexarlles a posibilidade de que, tendo en conta que esas empresas que procesan, que van procesar eses importantes materiais no presente e no futuro, dada a súa necesidade para a fabricación dos instrumentos das novas tecnoloxías, eles invistan —como digo, están entre os de maiores capacidades investidora do mundo— no que é no seu lugar de orixe familiar, e que implanten esas empresas transformadoras deses recursos minerais xerando o emprego e a riqueza pertinente na construción de baterías etcétera, etcétera, toda esa clase de instrumentos e de obxectos que precisan desa clase de minerais.

Eu penso que a Xunta de Galicia debería facer algún esforzo, contactar. A min cónstame que xa mantén contactos habitualmente cos empresarios no exterior, por este e por outros motivos; mesmo teñen certos plans de que retornen eses galegos do exterior para desenrolar a súa vida en diferentes ámbitos (laborais, empresariais, culturais etcétera). Están vostedes tamén en moitos aspectos nesa órbita. E penso que sería interesante e, desde logo, non teñen por que estar fisicamente aquí.

Loxicamente estamos falando de investimentos empresariais, e eses empresarios, como digo, cunha alta capacidade, poderían implantar esas empresas punteiras na nosa Autonomía, probablemente no contorno do que eles proceden. E eu estou seguro de que, compoñentes emocionais á parte, que poden ter, pois desde o momento en que esas empresas se perfilan...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor OJEA BOUZO: ...como moi rendibles a curto, a medio e a longo prazo, polas necesidades deses materiais, pois eu penso que non sería difícil animalos a que viñeran xerar riqueza e emprego nesta autonomía.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor OJEA BOUZO: Repítolle a pregunta de novo, tal e como foi rexistrada...

O señor PRESIDENTE: Xa entendeu, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Ben, pois dime o señor presidente do Parlamento que vostede entendeu. A bos entendedores, poucas razóns.



Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bos días.

Saúdo tamén os rapaces e rapazas de Melide.

E dígolle ao señor Ojea que, efectivamente, o entendín. Entendino porque a formulou con claridade.

Eu teño que agradecerlle, señora Ojea, o ton da pregunta, porque demostra que se poden facer preguntas nesta Cámara. Primeiro, pódese preguntar o que se dicía que se ía preguntar e non aproveitar para falar de cousas completamente diferentes; e pódese preguntar nun ton construtivo, intentando obter unha resposta que teña utilidade.

Polo tanto, vostede pono sinxelo —creo que como ten que ser— e eu vou intentar facer o mesmo; pero —insisto— primeiro agradecéndolle o ton construtivo, non habitual e, segundo, a pregunta. Porque abre vostede un debate moi interesante, que é o aproveitamento dos recursos mineiros en Galicia.

Ademais, na miña opinión, fai a pregunta como hai que facela: con rigorosidade, con obxectividade, sen complexos e dicindo que son oportunidades que hai que aproveitar. E vostede o que quere saber é como podemos aproveitalas. Iso é coherencia. E eu agradézollo.

Vostede leva máis dun ano nesta Cámara e xa foi testemuña —non antes porque non estaba— de como grupos que apoiaban proxectos industriais coa mesma énfase eses mesmos proxectos industriais agora os rexeitan, coa diferenza só de que houbo unhas eleccións en medio. E contradicións tamén —e vostede apuntábo, estou totalmente de acordo— entre peticións de que non se faga ningún tipo de explotación dos recursos mineiros, que non se toquen; levan alí milleiros de anos, millóns, e poden seguir o tempo que eles queiran. Os recursos mineiros non hai que tocalos, e, ao mesmo tempo, dicir que non se aproveitan para os recursos que temos aquí explotalos tamén ata o final, pechar o ciclo produtivo e evitar que as riquezas se vaian fóra. Esas contradicións son moi habituais.

Polo tanto, eu agradézolle que vostede as supere, entenda que non levan a ningunha parte e vaia directo ao miolo dunha cuestión que é moi interesante e moi valente, como lle digo.

E, polo tanto, benvido á política mineira que nós levamos moito tempo defendendo. E hai que dicirlle benvida á xente, benvida á xente que nos quere vir visitar. Son benvidos, non sobran, non hai que manifestarse contra eles. E benvida a xente que quere investir aquí, que



está habendo oportunidades e está véndoas aquí. E, polo tanto, aquí temos que abrir os brazos e dicirlles que é aquí onde teñen que investir. E benvidos os que queren crear riqueza respectando os nosos recursos naturais. E se nos coñecen, como é o caso das persoas de orixe polas que vostede pregunta, moitísimo mellor.

Entenderá que nos interesa o que máis poida investir aquí, respectando, por suposto, as normas. Esa cercanía sempre axuda, e todos os instrumentos —podemos falar na segunda parte da resposta— que ten a Xunta de Galicia serán utilizados.

Nesas viaxes recorrentes sempre hai encontros con empresarios; eses contactos constantes cando veñen aquí; esas persoas que teñen aquí de contacto e que sempre están atentas ás oportunidades que poidan aparecer sempre son unha vantaxe. Dende logo, estamos absolutamente interesados en persoas que, ademais, teñan vinculación con Galicia; diso vai a estratexia Retorna tamén. Non só que veñen aquí, senón que entendan que aquí poden facer unha segunda vida, aínda que sexa a distancia, e todas esas persoas interesan.

Polo tanto, seguiremos traballando non só coas persoas que están en México, non só coas persoas que están en Latinoamérica, senón con todo o mundo, para dicirlle que en Galicia hai oportunidades; en Galicia, se son respectuosos co noso, coa nosa lexislación, coa nosa xente, co noso entorno, aquí pódese investir, sen demagoxias, sen contradicións e sen dicir unha cousa e a súa contraria case ao mesmo tempo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica do señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Ben, se a miña capacidade comprensiva alcanza o suficiente, entendo que responde afirmativamente á pregunta; que, efectivamente, ten pensado ou ten intención de animar eses empresarios a investir nesa clase de empresas que pechen o ciclo produtivo, eliminando a dependencia que temos moitas veces do exterior en moitos aspectos, ganando autonomía económica na nosa autonomía.

Efectivamente, eu penso que mantendo as conversas axeitadas, dando facilidades cando proceda dentro do ámbito das competencias a eses empresarios, e tendo en conta que os empresarios habitualmente non é que se movan por cuestións emocionais —iso xa é unha cuestión persoal de cada un deles—, pero, tendo en conta que esta clase de empresas teñen todo..., vamos, hai motivos para pensar que van ser economicamente moi rendibles no futuro inmediato, pois están cambiando os hábitos de consumo da xente; dependemos cada vez máis de toda clase de dispositivos que manexan baterías e outros compoñentes que precisan do litio e dos materiais minerais que prevén extraerse nesas minas e noutras da nosa Autonomía.

Agardamos que eses encontros frutifiquen, que establezan sinerxías con outra clase de iniciativas empresariais que se poidan establecer na nosa autonomía, fertilizando mutuamente



as economías tanto de Galicia como de México e de Panamá, onde residen eses empresarios de orixe ourensá.

Aínda que digo que os empresarios se moven fundamentalmente por outros motivos, a compoñente emocional pois tamén pode estar presente. Esas persoas marcharon, as súas familias marcharon nalgún momento deses lugares que verdadeiramente eran moi improdutivos desde o punto de vista dos recursos económicos; practicamente só había gandería, ovellas e chibas por aqueles montes. (*Murmurios*.) Si, chibas, chibas, *cabras* en castelán; *goats* en inglés. (*Murmurios*.) Aínda se conservan os chouzos, os chouzos dos pastores, onde...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor OJEA BOUZO: ...pasaban ás veces invernos enteiros.

Entón, ben, igual incluso a compoñente emocional pódelle valer para xerar riqueza no país e que os seus descendentes ou veciños desas cidades non teñan que emigrar, como fixeron as súas familias.

E nada máis, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Turno de peche da pregunta, o señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Si, señor Ojea, efectivamente, a compoñente emocional é importante, por iso é importante tamén visitalos, ir velos e transmitirles o cariño e o interese dende Galicia do que fan, como o fan, e agradecerlles ir velos alí, acollelos cando veñen aquí nas vacacións ou en calquera viaxe, claro que é importante.

Hai moitísimos galegos polo mundo, mexicanos tamén, moitos con orixe en Ourense, orgullosa orixe, que están comprometidos co desenvolvemento das terras onde naceron en moitos casos, pero tamén de Galicia, igual que entendo que está vostede, polo que acaba de dicir.

Insisto: alábolle a coherencia e a valentía, comparado co que algúns falan destas cousas, e estalle a Xunta de Galicia.

Polo tanto, temos que coincidir todos en mandar esa mensaxe: que Galicia é unha terra aberta, unha terra axeitada para investir. Xa se van encargar outros e outras de facer o contrario, de dicir que aquí nos sobra todo, que aquí non queremos nada, que aquí non se toca, montar unha plataforma, sacar aquel risco de alguén que quere investir, mandarlles a mensaxe de que aquí todo van ser problemas, todo van ser sabores, que, se quere comodidades, que as busque noutras terras. Hai outros e outras que van facer iso. Polo tanto, iso de pechar Galicia, illala, levantar muros, tapiar o seu futuro, todo iso está ben que os que non concordamos con iso teñámolo claro e actuemos de xeito coordinado.



Efectivamente, a Unión Europea acaba de sinalar Galicia —non son moitos territorios, pero si Galicia— como un dos lugares onde hai recursos minerais estratéxicos, co que iso supón neste momento. E, polo tanto, temos que ser conscientes desa oportunidade, ter o sentidiño para saber que, efectivamente, hai que saber xestionalo ben e aprobeitalo, e se podemos, canto máis se poida pechar o ciclo produtivo, mellor. Agora todo iso está en investigación, oxalá que frutifique, creo que é un magnífico sinal ese interese e esa determinación da Unión Europea.

Sabe vostede que hai concursos de dereitos mineiros agora mesmo, permisos de investigación que estaban caducados; volvéronse convocar; en canto se resolvan, volveremos convocar outros de todos aqueles minerais que poidan ser estratéxicos ou que poidan ter algún tipo de utilidade económica, xerar riqueza e xerar emprego no territorio e, se é posible, por suposto, pechar o ciclo produtivo: cobre, feldespatos, niobio e tántalo.

Podemos ter recursos deste tipo en Galicia e, polo tanto, hai que aproveitar esa oportunidade, hai que velo, a ver se é posible, compatibilizando todo iso coa protección do medio ambiente.

Xa lle digo que, en canto empecemos con iso, os de sempre farán o de sempre, que é opoñerse por sistema, preventivamente; canto máis ruído, canta máis algarada, canta máis —¿como era?— tensión social, mellor. Iso vai pasar, e, polo tanto, nós témolo claro: respecto absoluto ás normas, pero abrir os brazos ás oportunidades aos investidores que queren crear riqueza en Galicia e queren entender que non hai futuro sen apertura, non hai vida sen vida económica.

Polo tanto, agradézolle a coherencia e agardo que, se todo isto empeza, como agardo que empece, esta mesma coherencia que hoxe mostra a mostre durante o proceso, porque os de sempre —insisto— farán o de sempre. Aí nos veremos, e agardo que vostedes estea non do noso lado, senón do lado de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a adopción por parte do Goberno galego das medidas que necesita a atención aos problemas do ámbito da saúde mental

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Bos días.

Quero sumarme a darlles a benvida aos alumnos e ás alumnas de Melide.

Señorías.



Señor Rueda, a verdade é que me alegra que hoxe teña tempo para vir a este Parlamento, en lugar de saír correndo para Madrid a recibir ordes de Feijóo, como fixo o pasado luns. (*Aplausos.*) O certo é que o seu nivel de servilismo é de tal calibre que a vostede parécelle normal abandonar as súas obrigas de presidente para ir a un acto de partido. Señor Rueda, a súa submisión a Madrid dá auténtica vergoña allea. (*Aplausos.*)

Señor Rueda, vostede é un presidente desleal con Galiza e, ademais, goberna desde a propaganda e desde a mentira. Levan anos facendo da mentira a súa forma de gobernar, e o último exemplo témolo na saúde mental.

Tras ter a saúde mental no máis completo abandono, en xuño de 2020 anuncian un Plan de saúde mental 2020-2024, polo que ían investir 83 millóns de euros, e isto resultou ser outra gran mentira do Partido Popular. E isto non llo digo eu, é que llo di o Consello de Contas, nun informe demoledor, onde desvela que o investimento real foron 33,5 millóns de euros, incluíndo a contratación de persoal, é dicir, o 60 por cento do que anunciaran.

E esta mentira como forma de goberno ten consecuencias nefastas para milleiros de persoas que teñen problemas de saúde mental nunha Galiza que encabeza o dramático *ranking* de suicidios e tamén de consumo de fármacos.

Preste atención a este dato, señor Rueda: 8.864.169. ¿Sabe a que corresponde? Son as receitas de ansiolíticos e antidepresivos en 2023, unha cifra que non deixou de aumentar. Igual que están aumentando as esperas en saúde mental; ten vostede 9.000 persoas agardando por unha primeira consulta en psiquiatría.

Vostede hai máis dun ano tamén nos anunciou que ía haber psicólogos e psicólogas clínicas en atención primaria. ¿Onde están, señor Rueda? É que a vostedes lles dá igual, menten con calquera cousa.

E, mentres vostede mente, a realidade é que estamos moi lonxe dos obxectivos marcados pola Organización Mundial da Saúde e estamos por debaixo da media de Europa e do Estado español en profesionais. E todo isto o que provoca é que no noso país hoxe a saúde mental é un luxo ao alcance duns poucos. E o que non pode ser, señor Rueda, é que a túa saúde mental dependa da túa conta bancaria, que dependa de se tes recursos ou non para poder pagar unha consulta privada, porque o único que lles ofrece vostede é propaganda e mentiras.

Por iso, señor Rueda, pregúntolle: ¿que medidas vai tomar para garantir a saúde mental dos galegos e das galegas, ou se vostede vai seguir gobernando desde a propaganda e desde a mentira, nun asunto, señor Rueda, tan delicado como este? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.



Bos días, señora Pontón.

Non pode evitalo, ¿eh?!, nunha pregunta. Isto é que lle importa vostede á saúde mental. Ten tres minutos, o primeiro minuto a dar o recado que de verdade lle importa, que é o de sempre, o de sempre: a obsesión con Génova, con Feijóo, coas submisións.

Mire, dúas cousas. Vostede non entende, porque durante catro anos non o practicaban, non o poden entender, que non hai ningún problema. Vostedes no Bipartito, se faltaba o presidente, había que suspender o Consello, porque deixalo en mans de calquera outra persoa, imposible. Aquí funcionamos con absoluta normalidade. Iso o primeiro, que vostedes non o poden entender, non o poden concibir, porque resultaba imposible para vostedes.

E, segundo, mire, en todo caso sempre preferirei —e temo, temo que non, alégrome de que os galegos estou seguro de que na súa inmensa maioría tamén— ir a Madrid falar con Feijóo que ir a outros sitios aplaudir a Otegi, que é o que fan vostedes, señora Pontón. (*Aplausos.*) E, polo tanto, se vostede actuara con boa fe, que xa sabemos que non, eu alegraríame moito desta pregunta.

Efectivamente, a saúde mental é un problema crecente, e así o estamos tratando, por suposto que é un problema. Pero, claro, vostede fai o de sempre: utiliza un día os enfermos mentais, outro día as persoas con dependencia, outro día os parados. Son as vítimas na primeira parte, na segunda xa se coloca sempre vostede de vítima, na réplica, e así constrúe os seus argumentos. Fala de todo, menos do que interesa de verdade.

Eu si que quero falar, creo que era importante, xa que vostede empezou así, facerlle esta aclaración de inicio. Falar de saúde mental é falar en serio. Eu xa sei que é imposible, é imposible que vostede este tema o tome como hai que tomalo. Tería que ter algún tipo de noción de responsable do Goberno e non a ten. Leva aquí moitísimo tempo e nunca a tivo. Polo tanto, ten que facer o de sempre: montar algarada, que son as instrucións que ten, terxiversalo todo, coller as partes que lle interesa e facer, por suposto, oídos xordos.

Onte estivo aquí o conselleiro de Sanidade falando deste tema, e dálle exactamente igual. Vostede, se non sesga, se non alarma, se non terxiversa, claro, queda sen contido para preguntar nada.

Pregúntame polo informe do Consello de Contas, que é o único que a motiva a vostede para falar de saúde mental. Se non, de saúde mental non falaba, falaría de Feijóo ou outro demo deses que vostede saca a pasear sempre. É o que fai, pero, como ten un informe do Consello de Contas, cólleo na parte que lle interesa e non conta a verdade, señora Pontón.

Non conta que analiza só un período orzamentario, faltan máis de dous anos por analizar. Se non, a execución daría o que di o Consello de Contas, que dá unha desviación de menos dun 1 por cento na execución orzamentaria. Non conta, porque non lle interesa, que ese mesmo informe do Consello de Contas alaba o esforzo especial que se fixo en contratación de psicólogos e psiquiatras, que foi incluso maior do previsto. Non fala de que, efectivamente, non se computan os gastos de persoal; vostede meteunos agora, menos mal que ten unha mínima obxectividade. O que pasa é que, claro, non fala de todo o demais.



En definitiva, terxiversa, como sempre. ¿Sabe por que? Porque —perdoe que llo diga, pero é que isto é así, e, por moito que o repitamos, iso non vai cambiar— vostede ten as instrucións, porque ten agora mesmo supoño que bastantes cuestionamentos internos, de cumprir o que lle dixeron: algarada, colle o que sexa, manipula ou terxiversa e fai ruído; canto máis ruído, mellor; cantas máis inconcrecións e canta máis confusión e canta máis crispación, mellor.

Pero dígolle unha cousa, señora Pontón: hai algunhas cousas en que debería ter un pouco de respecto, e a saúde mental é unha delas. Se quere falar en serio, fale en serio das cifras e dos informes. Eu diríalle que os enfermos mentais e as súas familias os deixe fóra de todo isto; xa sei que non é capaz, pero aí deixo a recomendación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, o que lle importa a saúde mental e o que lle importan os enfermos e as súas familias acabamos de velo agora mesmo, cunha resposta que, realmente, é unha cousa, de verdade, denigrante. (*Aplausos.*) Tres minutos e non fala vostede dun dos principais problemas da sanidade que hai no noso país. Vostede falounos de Otegi, falounos de algaradas, falounos de non sei que, pero non fala vostede dos problemas de saúde mental, porque sabe que a situación é gravísima, e, se alguén quixo utilizar a saúde mental como unha arma electoral, foi o Partido Popular cando anuncia un plan que logo non ten fondos, señor Rueda. (*Aplausos.*) Aí é cando se ve quen quere utilizar e quen non quere utilizar.

E mire, o certo, señor Rueda, é que eu tomei a molestia de ver os datos dese informe, e é que son demoledores, e vostede debería de explicar neste Parlamento por que lle mente á cidadanía, sobre todo cando vemos como se están incrementando as listas de espera en psiquiatría, con casos que son gravísimos; un incremento dun 174 por cento da lista de espera en Lugo, de case o 300 por cento en Ourense.

Esta é a realidade que sofren miles de persoas no noso país. Porque o certo, señor Rueda, é que a saúde mental é un drama no noso país, un drama que lles está afectando a miles de persoas.

¿Vostede sabe que se incrementou nun 52 por cento o consumo de ansiolíticos e antidepressivos entre os menores de 19 anos, mozos, mozas, xente adolescente, á que o único que lle están ofrecendo é unha pastilla para saír adiante no seu día a día, nunha Galiza que está encabezando o *ranking* de suicidios?

E, mentres isto pasa, señor Rueda, vostede convertido no Goberno da mentira. Menten con Altri, menten cando nos anuncian vivendas de alugueiro social que logo son un fiasco, menten nas residencias, na dependencia, menten cando din que o galego está na mellor situación



da súa historia e menten tamén cando fan anuncios falsos en relación coa saúde mental, señor Rueda.

Porque é que eses anuncios tamén os fixo vostede en outubro de 2023. Teño aquí o recorte oficial da Xunta de Galiza (*A señora Pontón Mondeiro mostra un documento.*) dicindo que se estaban investindo 80 millóns de euros, cando agora sabemos que isto non existiu nin no papel, señor Rueda. Porque, se vostede lera o informe do Consello de Contas, ve que os datos que mandou a Xunta é que non presupostaron xamais eses 80 millóns de euros. (*Aplausos.*) Iso é o que lle importan a vostedes os problemas que hai neste país en materia de saúde mental. Por iso vostede, señor Rueda, mente.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDEIRO: Mire, como de costume, vostede vén aquí enlamar, crispas e aos ataques persoais. A min, sinceramente, señor Rueda, aí non me vai atopar nunca. Onde nos vai atopar ao BNG é nas propostas, e déixolle propostas: contrate cen psicólogos e psicólogas en atención primaria, para cumprir coas recomendacións da OMS.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDEIRO: Poña en marcha, señor Rueda, unidades de hospitalización infantoxuvenil...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora PONTÓN MONDEIRO: ...en todas as áreas. E articule un verdadeiro plan de prevención de suicidios...

O señor PRESIDENTE: Remate, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDEIRO: ...que teña medios e recursos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDEIRO: Estas son as medidas que necesita...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDEIRO: ...a saúde mental e non as súas mentiras. Porque, señor Rueda...

O señor PRESIDENTE: Terminou...

A señora PONTÓN MONDEIRO: ...as súas mentiras son unha ofensa...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.



(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Grazas.

Peché da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón.

Señorías, ¿danse vostedes conta? Sempre se cumpre o esquema: na primeira parte hai unhas vítimas, primeiro toca a un, e a segunda sempre a vítima é a señora Pontón. Ela mesma o di. Comprendo que estea nerviosa, señora Pontón, ¿eh?!

Fala de que mentimos en vivenda. Ten que ser duro: a mesma mañá que vostedes saen dicindo que non facemos absolutamente nada en vivenda pola tarde asinamos co Concello de Pontevedra, o primeiro dos concellos que nos cede chan para facer vivenda pública. Ten que ser moi complicado facer ese tipo de papelóns. *(Murmurios.)* Si, si. ¡Ah!, non se enterou de que firmou o alcalde Lores. Ben, xa se ve a coordinación que teñen.

Mire, volvo dicilo: vostede ten moi pouco interese neste asunto, seino, sábese perfectamente, e, polo tanto, pedirlle rigor é moi difícil e, polo tanto, imposible practicamente.

Polo tanto, eu si quero deixar mensaxe nesta resposta, non a vostede, que lle dá igual —vostede é a protagonista sempre, a que se vitimiza—, senón aos enfermos mentais e ás súas familias, de que somos conscientes do problema e de que estamos poñendo solucións.

Mire, a demanda de servizos de saúde mental medrou dende a pandemia nun trinta por cento, nada máis e nada menos. É certo que medrou a lista de espera en moitas máis persoas, pero medrou un once por cento, a demanda un trinta por cento e a lista de espera un once por cento. ¿Que o once por cento é moito? Si, pero é tres veces menos do que é o aumento da demanda.

O ano pasado atendemos máis dobre de persoas das que se atendían no ano 2010, concretamente, 477.431 persoas atendidas en consulta de saúde mental. As consultas de psicoloxía aumentaron, efectivamente, en cinco anos case un 50 por cento —un 46 por cento—, e o 83,4 por cento dos pacientes de saúde mental agardan —vou dicir unha cifra que ten que baixar— menos de cento oitenta días; ten que baixar moitísimo máis, pero é moito máis do que vostedes están dicindo; por suposto que ten que baixar e por suposto que hai que poñer as cifras enriba da mesa.

Mire, en psicoloxía en atención primaria, neste ano 2025 contrataremos 14 profesionais, xa estamos nese proceso; remataremos con 21, e queremos chegar ao ano 2030 con 50. Están cubertas o cen por cento das prazas de psicoloxía clínica, e máis que houbera.



Vostede lanza —xa mo dixo unha vez, cando tivemos unha reunión— que todo se arreglaba, as solucións máxicas de quen nunca gobernou, de que non ten nin idea e non ten interese en saber: contraten vostedes cen psicólogos para traballar na primaria. ¿Sabe vostede que teñen que ter o mestrado habilitante en psicoloxía xeral sanitaria? ¿Sabe vostede que teñen que superar o PIR? ¿Sabe vostede que despois teñen que ter catro anos en residencia? ¿Sabe vostede que todos os que teñen iso e estean dispostos a traballar os contratamos? ¿Sabe vostede algo do que é o rigor de gobernar, señora Pontón? (*Aplausos.*) ¿Sabe vostede iso? ¡As súas solucións máxicas! ¡Que máis lle dá! A vostede ¡que máis lle dá! A quen leva vinte e cinco anos en política profesional sen gobernar ¡que pouco lle importa como hai que facer as cousas dende a Administración! Pódense lanzar ese tipo de mensaxes: se non o fan, é porque non queren; ¿que máis dá? E así todo, tamén coas cifras do Consello de Contas —vólvolle dicir—, unha desviación de menos do 1 por cento.

¿Sabe vostede que dobramos o número de profesionais nos últimos anos de atención sanitaria? De 557, había 285 no ano 2010. A *ratio* de psiquiatras está un pouquiño por debaixo da media nacional, pero moi pouco, e aumentou.

E podería seguir, hai moitísimos datos, señora Pontón. Pero, mire, eu dígolle unha cousa: non vale todo, non valen todas as cousas para facer ruído, para cumprir as instrucións que lles deron a vostedes: tensionar, aínda a custa da verdade. Non vale, non debería valer en ningún campo, pero moito menos na saúde mental. Aquí hai que ter empatía, intentar traballar e ir avanzando, señora Pontón, con realismo, non mandando mensaxes nin consignas, nin cousas que..., ben, ía dicir, sabe de sobra que non se poden facer. Vostede nin sabe nin lle importa, pero a xente ten que saber que as cousas, todos os profesionais en psicoloxía que poidan traballar no Sergas terían que ser contratados inmediatamente e o Sergas estao facendo; outra cousa é a dispoñibilidade, señora Pontón. E así tantísimas cousas.

En todo caso, xa lle digo: estar en contra de todo, a política do «non» ás veces non vale. E en saúde mental vostede debería ser —xa sei que non o é, non o é en nada, moito menos nisto— especialmente respectuosa e especialmente rigorosa.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Pero para iso tería que ser outra Ana Pontón, e iso, xa a estas alturas, debe ser moi difícil.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Continuamos coa orde do día.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Substanciamos agora dúas alteracións, que son dúas preguntas ao Goberno.



Comezamos con esta pregunta.

Pregunta de D^a Cristina Sanz Arias e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os beneficios fiscais acadados polos galegos en 2024 nos gravames que xestiona a Xunta de Galicia en relación coa adquisición de vehículos que tributan ao tres por cento

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora SANZ ARIAS: Grazas, presidente.

Benvido, señor Corgos.

Señorías, para o Partido Popular o programa electoral non é tan só unha folla de ruta, senón que é o contrato que en cada elección firmamos cos cidadáns e que, sempre que nos dan a oportunidade de gobernar, cumprimos.

Respecto aos impostos, e fronte á política asfixiante do Goberno de Sánchez, con 94 subidas tributarias de cotizacións sociais desde que chegou á Moncloa, en Galicia temos o compromiso de avanzar coa política de rebaixas fiscais selectivas, co fin de axudar a quen máis o necesita e co fin de reactivar a nosa economía.

E hoxe, en concreto, falamos da rebaixa fiscal introducida a partir do 1 de xaneiro do ano 2024 no imposto sobre transmisións patrimoniais que grava a compravenda de vehículos entre particulares. Señor Corgos, xa lle avanzo que estou segura de que este tipo de medidas non lles gusta aos partidos da oposición, sempre empeñados no seu falso relato e demagogia de que o Partido Popular favorece as rendas altas. Pero a realidade unha vez máis os desmonta, porque con esta iniciativa estase permitindo que quen compre un vehículo usado pague menos impostos que antes, ou incluso que non pague impostos; e o habitual é que este contribuínte sexa unha persoa con rendas máis modestas que a que compra un vehículo novo.

Estamos a falar, en concreto, da baixada deste tributo do oito por cento ao tres por cento, unha redución de máis do sesenta por cento dos impostos que paga o comprador dun coche usado. Unha medida aprobada polo seu goberno, con vostede á fronte da Consellería de Facenda, co obxectivo de axudar as familias na adquisición de vehículos usados nun contexto de inflación e nun contexto de elevados tipos de interese.

Estamos a falar da aplicación dun tipo do cero por cento para as transmisións de vehículos cero emisións, das bicicletas de pedaleo asistido e dos vehículos de mobilidade persoal, como medida de apoio ao medio ambiente, en liña coa política marcada pola Xunta de impulso a unha mobilidade sustentable.

Estas medidas mantéñense no día de hoxe, a pesar do actual contexto de contención da inflación e da baixada dos tipos de interese, nunha mostra de sensibilidade do seu goberno ante o incremento do prezo do coche usado, importe que non deixa de subir mes a mes, como amosan os máis recentes datos da Asociación Nacional de Comerciantes de Vehículos.



Segundo estes datos, os últimos datos do mes de abril deste ano, o coche de segunda man subiu en Galicia un 3,9 por cento respecto a abril do ano anterior, co que o mantemento deste tipo reducido de imposto nas transmisións dos vehículos resulta unha medida especialmente acaída.

Señor Corgos, por todo iso, desde o Grupo Parlamentario Popular formulámoslle a seguinte pregunta: ¿a canto ascenden os beneficios acadados polos cidadáns galegos desde o 1 de xaneiro de 2024 na adquisición de vehículos usados?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos López-Prado.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Señor presidente.

Señoría, moitas grazas pola súa pregunta.

O primeiro que me gustaría salientar, como sempre, é que o Goberno galego xestiona as súas competencias en materia tributaria co obxectivo de aliviar a carga fiscal da cidadanía e beneficiar os galegos dos dividendos da boa xestión financeira, unha vez blindado o financiamento dos servizos públicos.

Por iso, no caso dos automóviles, no ano 2023, nun contexto inflacionista no que os xuros para o acceso ao crédito do consumo eran moi elevados e os prezos dos vehículos de primeira e de segunda man tamén estaban a medrar de xeito importante —como acaba de sinalar—, dende a Xunta de Galicia decidimos tomar unha medida para aliviar o custo fiscal de adquisición de vehículos de segunda man, que é onde temos competencias.

Por iso, dende o 1 de xaneiro de 2024 rebaixamos máis da metade do imposto de transmisións patrimoniais, pasando do oito por cento ao tres por cento, para situar Galicia como a comunidade con tributación máis baixa de toda España. E isto tradúcese en aforro para os galegos. Por poñerlle un exemplo, unha persoa que merca un vehículo de segunda man en Galicia por un valor, por exemplo, de 10.000 euros pasaría de pagar 800 euros de transmisións patrimoniais a aboar 300, cun aforro de 500 euros.

Ademais, coa finalidade de incentivar a adquisición de vehículos máis respectuosos co medio ambiente, decidimos eliminar este imposto para os de cero emisións e —como acaba de dicir— tamén para as bicicletas con pedais asistidos e vehículos de mobilidade persoal. Deste xeito, Galicia é a única comunidade autónoma, xunto con Baleares, que exime de tributación este tipo de vehículos, fomentando así a mobilidade sustentable.

E, señoría, indo á súa pregunta concreta, os resultados deste primeiro exercicio en vigor destas medidas de rebaixa na tributación para vehículos de segunda man pois pensamos que son



moi positivos. Dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 30 de abril deste ano, máis de noventa e dous mil catrocentos galegos e galegas se beneficiaron da mesma, cun aforro conxunto de 11 millóns de euros, uns cartos que contribuíron a mellorar as economías das familias galegas.

Por outra banda, estas medidas supoñen un aforro fiscal para os beneficiarios, e tamén hai que sumar a estas axudas as axudas do Plan Renova o teu vehículo, para os vehículos novos, para favorecer a remuda da frota de vehículos; unha frota que é moi antiga na nosa comunidade autónoma, pois ten unha idade media de dezaseis anos, coas implicacións medioambientais que isto ten. Entre as vantaxes destes incentivos á renovación están tanto a de dispor de vehículos máis eficientes e menos contaminantes como a de favorecer a seguridade viaria, retirando das estradas os vehículos de maior antigüidade.

Por tanto, o Goberno galego está moi satisfeito do resultado que está a ter a nosa decisión de apostar por rebaixar máis da metade do imposto de transmisións patrimoniais para a compra de vehículos de segunda man e de eliminar este imposto para os vehículos de baixas emisións de mobilidade persoal. E agardamos que este aforro fiscal destas axudas á renovación continúen para, por unha banda, seguir axudando as familias e as empresas e, por outra, un dos sectores máis importantes da nosa comunidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica da señora Sanz.

A señora SANZ ARIAS: Señor Corgos, moitas grazas pola súa resposta. Acabámolo de ver, o Goberno que preside Alfonso Rueda aplica políticas responsables con resultados medibles. Falou de que, desde o 1 de xaneiro de 2024 ata o 30 de abril de 2025, máis de noventa e dous mil catrocentas galegas e galegos se beneficiaron desta medida de apoio á compra de vehículos usados, cun aforro conxunto de case 11 millóns de euros. Vostede díxoo: esta decisión converte Galicia na comunidade autónoma con mellor trato fiscal para as transmisións de vehículos de segunda man de toda España. E esta decisión converte Galicia na única comunidade, xunto a Baleares, que establece un trato diferenciado de tributación a tipo cero para os vehículos e inscricións para as bicicletas con pedaleo asistido e para vehículos de mobilidade persoal; medida que amosou a súa utilidade para apoio a familias traballadoras, para mozos que merquen o seu primeiro coche, para autónomos que necesiten dunha furgoneta usada para traballar, para aqueles que precisan un vehículo de mobilidade persoal ou para aqueles concienciados co medio ambiente que deciden adquirir un vehículo con cero emisións.

Vostede así o explicou: Galicia conta cun modelo fiscal propio, responsable e sostible. Somos unha comunidade fiscalmente competitiva na que levamos tempo demostrando que é posible baixar impostos, mellorar os servizos públicos e cadrar as contas, todo ao mesmo tempo.

E, aproveitando que estamos en plena campaña da declaración da renda, señor Corgos, non sei se podería dar máis detalles sobre o modelo galego de redución de impostos, que foi un



compromiso do Partido Popular desde que chegou ao Goberno no ano 2009 e que ten consolidado ao longo das cinco últimas lexislaturas. Porque para o PP o primeiro son as persoas. E por iso gustaríanos que na súa réplica detalle medidas tan útiles como as que a Xunta puxo en marcha en materia de renda, en materia de sucesións, ou o anuncio máis recente, feito polo presidente Rueda no Debate do estado da Autonomía, sobre a desgravación dos custos das reformas das vivendas que se poñan en alugueiro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, o señor Corgos.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, presidenta.

Señoría, como xa lle avancei, o Goberno galego busca aliviar, na medida do posible, a carga tributaria da cidadanía. Por iso, ademais da xa referida rebaixa na compra de vehículos usados, na que fomentamos que puidesen acceder a este vehículo de segunda man, que non é precisamente un ben de luxo nin é un ben ao que acceden as familias das rendas máis altas, senón todo o contrario, fomentamos que medrara máis dun dez por cento a compravenda de vehículos neste último ano, dende que se aplica a medida.

Nos últimos anos tamén tomamos outras decisións que contribuíron a mitigar a alza de prezos que xurdiu no ano 2021. Unha foi reducir a imposición persoal sobre a renda das persoas físicas, deflactando no ano 2023 con carácter retroactivo dende xaneiro, dende o 1 de xaneiro de 2022, os tres primeiros tramos do IRPF, os tres tramos máis baixos, e mellorando tamén o tramo máis baixo ata o nove por cento, ademais de aumentar os mínimos persoal e familiar.

Grazas a estas medidas, ás rebaixas acumuladas, cada contribuínte galego que está nestes días facendo precisamente a súa declaración da renda paga de media case quíntos euros menos do IRPF que no ano 2009.

Ademais, no IRPF tamén temos en vigor dende hai tres anos unha dedución de 250 euros para os contribuíntes con dous fillos, equiparando así esta condición á das familias numerosas.

E Galicia tamén foi a primeira comunidade autónoma en apoiar unha medida deste tipo para as familias con dous fillos, ao tempo que duplicamos a dedución que se aplicaba ás familias numerosas ata os 500 euros, cun aumento doutros 250 euros por cada fillo a maiores.

E para referirnos ao máis recente, dende o 1 de xaneiro do ano 2025 temos en vigor, por unha banda, unha nova rebaixa do imposto de sucesións. Xa eramos a comunidade autónoma con maior tratamento para as herdanzas entre familiares directos, e a partir deste ano estaremos entre as mellores para as herdanzas entre parentes; porque as transmisións *mortis causa* do grupo III, entre irmáns, tíos, sobriños, sogros, cuñados, xenros e noras, se benefician dunha exención de 25.000 euros. Non pagan nada se ten unha base imponible menor



que esa contía e pagan esa contía de menos, tributan por esa contía, a menos que tiveran unha base imponible superior. As herdanzas de superior contía pagan menos por tanto por esta redución. Dous de cada tres destes herdeiros non tributan nada na actualidade.

E, por outra banda, xa temos en vigor un amplo paquete tamén, como se sinalaba, de medidas fiscais para reforzar a nosa aposta pola vivenda, tanto en compra como en alugueiro.

Para favorecer a compra, reducimos e equiparamos os tipos de transmisións patrimoniais aos que merquen vivendas e locais comerciais para dedicalos á vivenda, que se beneficien desas deducións, dende o sete por cento ao cero por cento e nas diferentes casuísticas que contempla a nosa normativa autonómica.

Bonificamos o 75 por cento de actos xurídicos documentados para adquirir, construír a rehabilitar edificios de vivendas en alugueiro.

E para dinamizar o mercado en alugueiro, unha dedución no IRPF do quince por cento dos custos para adecentar inmobles baleiros para ser dedicados ao alugueiro, ou a dedución de quingentos euros no IRPF por alugueiro de vivendas baleiras.

No Goberno galego, señoría, estamos moi satisfeitos co resultado que están a ter estas medidas, e por iso xa lle avanzo que, na medida do posible, como facemos sempre, estudaremos a posibilidade de implantar novos incentivos fiscais que permitan...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): ...completar os existentes, para seguir a axudar as familias no seu día a día nos vindeiros orzamentos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Pregunta de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as estatísticas das cardiopatías na Área Sanitaria da Coruña e Cee e na de Ferrol

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: Bos días, presidenta.

Bos días, conselleiro.

Quero, en primeiro lugar, saudar a Carlos Piñeiro e os membros da asociación Amicor, que nos están seguindo por *streaming*, porque, precisamente, como son enfermos de cardiopatías, non poden viaxar.



Señor conselleiro, ben, imos falar hoxe aquí de cardiopatías. Tamén é un tema onde, como vostede sabe, estamos en cabeza en Galicia, lamentablemente —perdón, en España—. De feito, somos a comunidade autónoma que ten un maior índice de mortalidade por cardiopatías. En xeral é un 33,7 por cento e, curiosamente, no caso das mulleres é 37,8 por cento a incidencia de cardiopatías, segundo a Sociedade Cardiolóxica de Galicia. Polo tanto, non son datos nosos, son datos dos demais. Polo tanto, temos un problema importante, porque un terzo dos galegos e as galegas morren precisamente por enfermidades coronarias.

E a realidade é que a Estratexia nacional de saúde establece dous principios básicos —digamos—: a prevención e a vida saudable antes de que se produzan os episodios de cardiopatías e, posteriormente, a rehabilitación cardíaca nos casos de enfermos xa de cardiopatías.

A realidade é que estudos internacionais americanos e demais establecen que, precisamente, a utilización desas unidades de rehabilitación cardíaca supón unha mellora substancial na supervivencia e, sobre todo, da non posibilidade dun novo episodio de cardio. Polo tanto, é importante que dispoñamos desas unidades.

No sistema sanitario galego, como vostede moi ben sabe, temos unidade de rehabilitación cardíaca en Lugo —que foi a primeira—, en Santiago —incluso hai na Estrada e no Barbanza— e en Vigo e este verán abriuse unha unidade de rehabilitación cardíaca no hospital de Ourense; todas elas comandadas fundamentalmente polos especialistas en cardioloxía, que son moitos e moi bos aquí en Galicia e no que somos referencia en moitos casos; hai hospitais, como o de Santiago ou o da Coruña, que son referentes en cardioloxía e en cirurxía cardíaca.

Non obstante, no hospital e na Área Sanitaria de Ferrol e na Área Sanitaria da Coruña-Cee non existe esa unidade de rehabilitación. Na Coruña existe unha de rehabilitación pediátrica en colaboración cunha fundación, pero non existe para adultos.

Polo tanto, consideramos que é importante que nesas dúas áreas existan, porque un enfermo de cardiopatía da Área de Ferrol, se quere asistir a esas unidades, ten que desprazarse ou a Lugo ou a Santiago, co problema que iso supón (*Murmurios.*) —despois ten vostede o tempo para explicarmo— desde o punto de vista de desprazamento, porque moitos deles non poden utilizar o seu vehículo particular e teñen que depender de vehículo de transporte público, e xa sabemos as dificultades de comunicación pública, de medios públicos, como hai por exemplo na Área de Ferrol, que vostede coñece perfectamente, porque é de alí.

Polo tanto, eu o que lle pregunto é: ¿que nivel de incidencia de cardiopatías hai nesas dúas áreas e como non poden xustificar o feito de que se creen esas dúas unidades, tanto no caso do hospital de Ferrol como tamén no hospital da Coruña, na Área da Coruña-Cee.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O señor ABALDE ALONSO: Polo tanto, esa é a pregunta inicial. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.



Para dar resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, presidenta.

Señor deputado.

Quero saudar tamén todos os pacientes cardiópatas que nos seguen por *streaming*.

Pinta un pouco negro de máis a situación da cardioloxía en Galicia. Permítame dicirlle que non hai nada máis afastado da realidade.

O compromiso da Xunta de Galicia coa cardioprotección da poboación maniféstase a través do reforzo da prevención, a atención especializada, a investigación e investimentos en alta tecnoloxía.

Puxemos en marcha iniciativas como o Rexistro Galego de Infarto Agudo de Miocardio; a Rede de atención ao *shock* cardioxénico, no que fomos pioneiros a nivel estatal; o proxecto Ariadna, para o rexistro e xeolocalización dos desfibriladores externos, sendo a primeira comunidade en integrarnos a través do 061, que ten tamén a liña de intervención colaborativa Acude e axuda. Nos últimos anos tamén desenvolvemos o Programa galego de atención ao infarto agudo de miocardio, Progaliám, para a actuación en pacientes con síndrome coronaria aguda.

Asegúrolle que son iniciativas que nos permiten mellorar a asistencia, ofrecendo unha resposta máis áxil, máis rápida e eficaz para reducir a mortalidade das doenzas coronarias.

Señoría, Galicia, en concreto os hospitais das sete áreas sanitarias, gozan dos mellores recursos para atender as patoloxías do corazón, como así o avalan os distintos indicadores.

Podemos falar, por exemplo, dos tempos de espera para as consultas de cardioloxía nas dúas áreas sanitarias ás que se refire. A Área Sanitaria de Ferrol ten un tempo de espera para consulta co cardiólogo de 47 días; a Área Sanitaria da Coruña, 23,6 días; tempo medio de espera en España, 71 días. Iso quere dicir que un ferrolán agarda de media 24 días menos que a media dos españois e un coruñés agarda 48 días menos.

Tamén para intervención cirúrxica temos uns tempos de media razoables. O Complexo Hospitalario Universitario da Coruña ten na actualidade a espera máis baixa dos últimos trinta anos para operacións cardíacas; e iso á vez que a actividade foi moi intensa, con 1.000 intervencións cardíacas durante o ano pasado. Isto converte o CHUAC nun dos centros que realizan máis cirurxías cardíacas en toda España, pois só existen 6 hospitais que realizan máis de 600 ao ano. E tamén o CHUAC é un dos hospitais que máis transplantes de corazón realiza, 30 o ano pasado.

Señoría, non é verdade que os pacientes de Ferrol e da Coruña se teñan que desprazar a outras áreas sanitarias para a súa rehabilitación cardíaca. As instrucións para a rehabilitación cardíaca son proporcionadas polo seu cardiólogo, pautadas e dirixidas desde eses hospitais.



Desde a Xunta estamos a traballar para dispoñer dos espazos necesarios no marco da ampliación e reforma dos hospitais da Coruña e Ferrol que temos en marcha. É máis, no caso de Ferrol estamos a avaliar unha pequena actuación en rehabilitación que nos permita dotar desta área e iniciar a actividade o antes posible.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Antes de darlle o turno de réplica ao señor Abalde, se mo permite, doulles a benvida e saúdo os alumnos e alumnas do IES Ricardo Carballo Calero, de Ferrol. Benvidos e benvidas ao Parlamento. Bo día a todos.

Agora, para a quenda de réplica, o señor Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: Benvidos os alumnos de Ferrol, porque estamos falando precisamente de Ferrol e de que, aínda que son xoves, seguro que ao mellor algún familiar se beneficiaría de que a consellería nos fixese caso hoxe. (*Aplausos.*)

Ben, señor conselleiro, estame falando vostede do servizo de cardioloxía. Eu xa lle dixen que o servizo de cardioloxía son magníficos e marabillosos. Estamos falando de unidades de rehabilitación cardíaca, que son grupos e equipos multidisciplinares, onde hai cardiólogos, onde hai médicos e rehabilitadores, onde hai fisioterapeutas, onde hai psicólogos, onde hai nutricionistas, onde hai terapeutas ocupacionais. Polo tanto, son grupos multidisciplinares que actúan despois de que os cardiólogos das consultas xa atenden os períodos críticos.

Eu son biólogo, vostede é médico e diso sabe seguro máis ca min. Pero estamos falando de despois de que pasan polo servizo de cardioloxía e despois de que pasan por unha fase de cirurxía cardíaca. Porque esa rehabilitación é moi longa, é a longo prazo. (*Murmurios.*) Non, non, rehabilitación... Vostede estude cuestións vinculadas á rehabilitación cardíaca, porque son sistemas de catro ou cinco fases onde se establecen despois incluso tratamentos cando xa non están en fase crítica nin están en fase hospitalaria.

Polo tanto, o que se pide son esas unidades. E vostede sabe perfectamente que son necesarias. ¿Por que? Porque hai cinco áreas sanitarias que as teñen, porque vostedes as teñen. ¿Por que? ¿Que diferenza hai entre un enfermo de cardiopatía en Ferrol ou na Coruña e un enfermo de cardiopatía en Ourense, que acaban de abrir agora unha unidade de rehabilitación cardíaca? —por certo, por impulso de cardiólogos deses hospitais—.

Polo tanto, o que pedimos aquí é que vostede, como xestor do Servizo Galego de Saúde, garanta a igualdade de oportunidades e a igualdade de trato e de servizos de todos os galegos e todas as galegas. Porque, lamentablemente, os —digamos— enfermos de cardiopatías da Coruña e de Ferrol non teñen as mesmas posibilidades de atención por parte do Sergas. ¿Por que? Porque hai unha unidade que o Sergas ten noutras áreas sanitarias e que, non obstante, nesa non está.



E a incidencia —por certo, non me contestou a ningún tipo de incidencia— vostede sabe que na Área de Ferrol é moi importante, de cerca de quiñentos infartos anuais, e hai cerca de trescentos enfermos con cardiopatías. Eses enfermos, lamentablemente...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor ABALDE ALONSO: ...non teñen un servizo de rehabilitación cardíaca, e a súa consellaría...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor ABALDE ALONSO: ...é a responsable de facelo, directamente, porque é xestión propia. Aquí non...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: —Si, xa remato—. Aquí non hai o comodín de Sánchez. *(O señor Abalde Alonso pronuncia palabras que non se perciben.)* (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematou o seu tempo. Moitas grazas.

Para a Réplica do Goberno, o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, presidenta.

Señor deputado, os pacientes con cardiopatías das áreas sanitarias da Coruña e Ferrol teñen a asistencia sanitaria de calidade garantida.

Mire, no caso concreto da Área Sanitaria de Ferrol, conta con once cardiólogos. Alí o ano pasado leváronse a cabo máis de dez mil consultas presenciais de cardioloxía. No ano 2023 creouse unha nova unidade de intermedios e no ano pasado iniciouse un programa de detección de sarcopenia e desnutrición en pacientes hospitalizados por insuficiencia cardíaca. Tamén se puxo en marcha o proxecto SCA: Vixía e Actúa. Trátase dun programa que inclúe novas ferramentas intelixentes na historia clínica e permite identificar de maneira rápida os pacientes que precisan unha intervención para alcanzar obxectivos de prevención secundaria. Funciona como un radar: localiza automaticamente os pacientes que non cumpren os obxectivos e avisa o médico responsable en cada momento.

Para os pacientes con insuficiencia cardíaca, supuxo unha importante mellora a posta en marcha da consulta cardiorrenal neste ano; unha consulta multidisciplinar integrada por un nefrólogo, un cardiólogo e enfermería con formación específica.

En canto á Área Sanitaria da Coruña, desde 2018 conta cunha sala de rehabilitación cardíaca pediátrica avanzada tras un convenio coa Fundación María José Jove, axudando nenos e adolescentes con cardiopatías conxénitas a mellorar a súa capacidade persoal.



Para adultos, cabe resaltar a Unidade de Manexo Integral do Paciente con Insuficiencia Cardíaca, que foi galardoada co premio á excelencia operativa na xestión sanitaria; e da cal tamén a súa coordinadora foi premiada polo seu proxecto de dixitalización do proceso de transición á alta da insuficiencia cardíaca. Á vista está que a cardiloxía na Área Sanitaria da Coruña está na vangarda, por moito que vostede intenten ou traten de dicir o contrario.

O CHUAC tamén conta cunha Unidade de Insuficiencia Cardíaca Avanzada, que permite reducir a taxa de reingresos apenas a un cinco por cento. E para garantir a continuidade asistencial, púxose en marcha a lista de verificación Conecta 72, que permite á enfermería dos centros de saúde contactar cos pacientes nos primeiros tres días tras a alta do hospital.

Podería aburriros con galardóns, novas unidades e protocolos que demostran a innovación constante desas áreas sanitarias. É máis; a mensaxe está clara: as áreas sanitarias da Coruña e de Ferrol están plenamente preparadas para atender as cardiopatías nas mellores condicións.

Moitas grazas e máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coas interpelacións.

Interpelación de D^a Paloma Castro Rey e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as estratexias previstas polo Goberno galego para a defensa dos sectores produtivos de Galicia ante a nova política arancelaria dos Estados Unidos

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidenta.

Bos días a todos e a todas.

Señora Lorenzana, non vou andar con rodeos, porque aquí en Galicia pensamos as socialistas que Feijóo manda, Rueda obedece e Galicia perde. Así de sinxelo.

Seguen a facer oposición á oposición en moitos sectores estratéxicos, como é o sector da economía, da industria. E, ¿sabe unha cousa, señora conselleira? Que gobernan aquí na Xunta. Isto non é un plató da Radio Televisión de Galicia, que controlan, como se acaba de amosar coa proposta de directora xeral, que representa a ala máis dura dese control do medio público. A única vontade pensamos que é destruír e confrontar, e calquera iniciativa que vén do Goberno de Pedro Sánchez, aínda que sexa boa para Galicia, para as empresas, rexeitase simplemente porque vén da man do socialismo. Trátase de boicotear por razóns partidistas dun PP presidido por un galego que está un pouquiño perdido e que —dicía onte— pode entrar Papa e saír cura de parroquia dese cónclave do Congreso Nacional que se vai celebrar, polas declaracións un pouco sibilinas que facían onte tanto a señora Ayuso como tamén á señora Aguirre, que entra no taboleiro.



Iso si, ese señor Feijóo deu ordes aos deputados e deputadas galegos e galegas que están no congreso de que votasen «non» á subida do salario mínimo interprofesional; «non» ao ingreso mínimo vital; «non» á reforma laboral, que beneficiou moitos galegos e galegas; «non» ao incremento das pensións; «non» ao abono da gratuidade do transporte; «non» á excepción ibérica; «non» á senda de estabilidade orzamentaria; «non» a que viñesen a Galicia neste 2025 os anticipos á conta de 700 millóns de euros, e «non», señora Lorenzana, ao plan de resposta para o relanzamento comercial de 14.000 millóns de euros para beneficiar as empresas españolas e galegas das políticas arancelarias de Trump, situándose de novo —e isto é moi preocupante— do lado da extrema dereita de Vox no Congreso dos Deputados.

Aquí no Congreso, o PP abraza Vox, mentres noutros países, como Alemaña, lle seguen facendo o cordón sanitario. Evidentemente, é este mesmo Vox que onte incluso votou tamén co PP en contra do embargo de armamento a Israel, en contra da maioría do Congreso. E tamén é ese PP que rexeita e que lle custa rexeitar de maneira decidida o xenocidio que se está cometendo en Israel. (*Aplausos.*)

¿Como se explica? É o mesmo partido, señora conselleira —estráñalle—. É o mesmo partido o PP de Galicia que o PP que está no Congreso, e presidido por un galego, como digo. ¿Como se explica ese «non» dos deputados e deputadas galegas que están no Congreso —que é o mesmo partido, vólvolle reiterar— a todas as políticas públicas que benefician os galegos e as galegas que lle acabo de relatar? Pois explícase, señora Lorenzana, por unha razón sinxela: que o señor Feijóo segue sen aceptar que non foi presidente porque non quixo. Oposición sen ideas, sen dirección e sen escrúpulos. E a historia repítese agora neste mesmo patrón: confrontación, sen unha soa medida de calado no longo prazo do Goberno galego da Xunta de Galicia para axudar de forma directa os sectores máis afectados polas políticas arancelarias do presidente Trump.

Nun momento cheo de grandes incertezas, eu pregúntome que van facer, señora Lorenzana. ¿Van dicir ás empresas galegas que non acepten eses millóns de euros que se poñen enriba da mesa para axudar as empresas galegas, como fan co tema da quitación da débeda galega, que non queren aceptar os 4.000 millóns de euros? Seguidismo absoluto do señor Rueda ao seu xefe de filas, que é o señor Feijóo.

Como sabe, señora conselleira, o Goberno de España propuxo e aprobou un plan de resposta no 8 de maio deste ano, o Real decreto 4/2025, que pon enriba da mesa 14.000 millóns de euros para axudar os sectores afectados pola política arancelaria de Trump. Un plan serio, ambicioso, urxente e destinado a mitigar eses danos provocados por esa política comercial inxusta do presidente dos Estados Unidos, que afecta o sector agroalimentario, o sector do viño, o conserveiro, o naval, o manufactureiro, entre outros. E a negativa do PP non só é un erro político; é unha irresponsabilidade histórica. Porque votar en contra deste plan é darlle as costas a Galicia, señora conselleira. É poñerse do lado dos aranceis de Trump e poñerse do lado da extrema dereita.

Ese PP en Madrid, que é o mesmo partido —volvo reiterar— que o PP de Galicia, xustifícase con argumentos, de novo, partidistas, non pensando no interese xeral dos galegos e as galegas. ¿Por que? Porque había outras prioridades. ¿E cales eran esas prioridades para votar



«non» ao Plan de rescate? O interese dos *lobbies*, señora conselleira. Os *lobbies* das nucleares, que entraron no taboleiro, e os intereses do *lobby* do oligopolio eléctrico. Así de sinxelo. Oposición sen ideas, sen dirección e sen escrúpulos.

Señora conselleira, nós si que cremos que hai que actuar aquí. Hai que actuar aquí en Galicia, hai que estar á beira do tecido produtivo galego e hai que apoiar as pequenas e medianas empresas que crean riqueza e emprego. Por iso defendemos este Plan nacional de resposta ata as últimas consecuencias, porque é de xustiza e por que é de país e é bo para os galegos e as galegas. E aquí en Galicia, o Goberno galego non actuou —entendemos nós— de forma contundente e con anticipación.

Voullo explicar. ¿Por que? Porque hai unha ausencia dun plan específico de resposta para os sectores directamente prexudicados, mentres outras comunidades autónomas, que relatarei, si establecen fondos e liñas específicas de subvencións directas para os sectores afectados. Galicia limitouse a unhas declaracións xenéricas: reuníronse co sector no 14 de abril de 2025 para facer a foto cos *clusters* empresariais —por certo, non estiveron sindicatos representativos, como Unións Agrarias, co cal, realmente, non foi unha reunión multilateral como tiña que ser; os sindicatos que lle estorban, evidentemente, non se convocan— e, logo desa reunión, anunciou nos medios medidas que xa estaban en marcha, señora conselleira, como é a liña de préstamos do Igape —que non saíron... a modificación... eu, polo que vin, non saíron aínda publicadas no *DOG*—, que non son axudas directas; o aumento do período de carencia a catro anos, e a activación da antena do Igape que xa tiña en Miami —entendo que esa antena xa estaba feita—. Eran medidas xa postas e que xa estaban enriba da mesa; nada novo, nada específico e nada de axuda de liñas directas.

No luns desta semana, o Consello da Xunta volveu anunciar esas mesmas medidas que anunciara no 14 de abril de 2025, hai un mes. Pero no *DOG* segue sen saír esa modificación dos préstamos dos avais do Igape. É verdade que estamos acordes coas mesas de traballo que se van constituír, e nós aplaudimos esa medida e esperamos que sexa periódica e que se dea conta neste Parlamento desa evolución dos sectores máis afectados polas políticas arancelarias de Trump.

¿Que fixeron outras comunidades autónomas? E nós aquí pensamos que é onde está a diferenza. Voulle dicir. Mentres en Galicia se aplicaba a estratexia da foto, e realmente un pouquiño de política de brazos caídos, outras comunidades actuaron con mais intelixencia, máis responsabilidade e máis proactividade.

Cataluña activou unha liña de axudas directas ás empresas exportadoras afectadas; impulsou campañas de internalización específicas para enviar exportacións cara a Asia e cara a América Latina e promoveu a participación en feiras internacionais, cunha política de apoio económico específico ás pemes.

La Rioja: o Goberno autonómico negociou en Madrid medidas compensatorias para o sector do viño, puxo en marcha bonificacións fiscais para sectores prexudicados e articulou un fondo específico de promoción exterior para abrir novos mercados cara ao Canadá, ao Xapón e a Corea.



Andalucía creou unha oficina de análises de impacto de aranceis, derivou accións concretas e directas de apoio aos sectores do aceite e do viño e desenvolveu un mecanismo de protección tamén para pequenas empresas exportadoras.

E Galicia pois foi unha excepción. E non podemos aceptar que outras comunidades autónomas defendan os seus sectores con valentía, con proactividade e con anticipación, mentres a Xunta aplica unha política de brazos caídos. Non podemos tolerar que as empresas que levan o nome de Galicia polo mundo —esa marca de Galicia Calidade— se vexan abandonadas pola súa Administración máis próxima.

Por tanto, exiximos esas accións concretas: que a Xunta active un fondo específico directo para os sectores afectados, que lidere a diversificación de mercados internacionais para produtos galegos, que impulse campañas de promoción exterior co selo de Galicia Calidade, que abra o diálogo multisectorial con todos os sectores afectados—os *clusters* empresariais, pero tamén todos os sindicatos representativos do sector— e que faga comparecencias trimestrais neste Parlamento para ver a evolución da afectación presente e futura da política arancelaria do presidente estadounidense.

Porque, señora conselleira, defender Galicia non é poñer bandeiras ou ir de celebración de festa en festa —que tanto lles gusta a vostedes—, senón gobernar e protexer as súas empresas, os seus produtos e os seus traballadores e traballadoras. Por tanto, pregúntolle, interpélolle: ¿vai reunirse o señor Rueda cos voceiros dos grupos da oposición para darlles conta da afectación da política arancelaria de Trump aos sectores produtivos galegos? ¿Vaise aprobar un plan específico de axudas directas para os sectores afectados, no presente e no futuro, polos aranceis do presidente estadounidense Donald Trump?.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Economía e Industria, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

Señora Iglesias, eu lamento ter que empezar dicíndolle que vostede non é deputada no Congreso dos Deputados; estamos no Parlamento de Galicia. É impresionante a intervención que fixo. Eu non represento o Partido Popular de España no Congreso dos Deputados; eu son a conselleira de Economía e Industria do Goberno de Alfonso Rueda. (*Aplausos.*) É impresionante ter que empezar unha interpelación recordándolle isto. Pero, ¿sabe que creo que lle pasa? Que como vostede defende e protexe deste xeito tan exacerbado o Goberno de Pedro Sánchez aquí en Galicia, cre que todos facemos o mesmo ¡Canto mellor lle iría a Galicia se collesen identidade propia os socialistas galegos! ¡Canto mellor lle iría a Galicia se intentasen defender Galicia e non o señor Pedro Sánchez!.



¿Cantos temas sacou aquí que non teñen absolutamente nada que ver coa interpelación que vostede fai? Nin un só dato, que llos vou dar eu, e por suposto que vou comparecer as veces que queira para saber a situación de Galicia en relación co comercio internacional cos Estados Unidos. Unha análise absolutamente de plano comparando a situación de comunidades como Andalucía, que teñen unha afección moitísimo máis grande da que ten Galicia co mercado comercial cos Estados Unidos. ¿Que clase de medidas quere vostede plantexar, se nin sequera coñece a situación na que se atopa Galicia? Fala de oligopolio eléctrico. ¿Pero vostede cre que me pode dicir a min e ao Goberno da Xunta de Galicia que defendemos o oligopolio eléctrico? ¿Pero vostede cre que pode vir aquí a dicir iso? Non o pode dicir. A cuestión é que o que intenta é defender unha e outra vez o señor Pedro Sánchez, porque vostede non ten política propia do Partido Socialista en Galicia. Iso é exactamente o que pasa.

¿Cal é a confrontación do Goberno da Xunta ou a miña confrontación como conselleira de Economía e Industria co Plan de medidas, co Plan ICEX, que foi debatido con todas as comunidades autónomas por parte do ministro de Economía? Cero. Si a hai doutras comunidades autónomas. Colla as miñas declaracións. Agradecín a reunión feita no seo do Consello de Internacionalización por parte do ministro Cuerpo, e estou absolutamente coordinada —e agora dareille conta— co ministro Cuerpo en relación coas medidas que se están adoptando.

Vostede está falando dun real decreto que non se debateu en ningún momento coas comunidades autónomas. Polo tanto, eu non me puiden pronunciar, porque non existiu ningún tipo de debate coas comunidades autónomas. Existen dous lanzamentos de medidas —eu creo que nin o sabe—: ese primeiro real decreto que se fixo ao *modus* Pedro Sánchez, e logo un Plan ICEX que se traballou coas comunidades autónomas, respecto do cal lle repito —e pode ver as declaracións doutros conselleiros de Economía doutras comunidades do Partido Popular e as miñas— que en ningún momento me expresei en contra; todo o contrario.

Contexto para saber que medidas temos que adoptar. Vostede supoño que sabe que as taxas arancelarias iniciais previstas foron moito máis agresivas das que actualmente se están impondo sobre os produtos do bloque da Unión Europea. Actualmente, temos tres aranceis que están xa aplicándose: 25 por cento a aceiro, aluminio e automóbiles. En concreto, os aranceis ao aceiro e ao aluminio empezaron a aplicarse o 12 de marzo, e os que afectan os automóbiles entraron en vigor en abril. Polo tanto, temos estes tres gravames, e o arancel que chaman universal, que practicamente se impón polos Estados Unidos a todas as importacións, con algunhas excepcións, que é dun 10 por cento. Porque o arancel específico —ese arancel recíproco do 20 por cento ao bloque da Unión e a outros países— está para nós, para a Unión Europea, en suspenso durante noventa días, que é un período que se está aproveitando por parte da Unión para negociar unha solución a este conflito arancelario; cuestión na que coincide o Ministerio de Economía e coincide este Goberno.

Temos que intentar, a todas luces, reducir esta guerra ao mínimo posible e tratar de negociar. Esta é a primeira cuestión na que hai que traballar de xeito coordinado como Unión Europea e como Goberno de España. E por suposto, en Galicia hai que apoiar o Goberno de España nesa negociación que ten que facer a través da Unión Europea para reducir, na medida do posible, ese impacto da guerra comercial.



Neste contexto, ¿onde está Galicia? Galicia sabe que está nun momento exportador magnífico. Os datos cos que pechamos o ano 2024 amosan o mellor dato da historia: máis de 31.000 millóns de euros. ¿E onde estamos no ano 2025? Pois no ano 2025 seguimos de momento ben, que é o que temos que seguir vixiando. Son os datos que eu teño que dar aquí. En marzo de 2025, rexistramos exportacións por valor de 2.746,9 millóns de euros, cifra moi superior aos 2.453 millóns acadados no 2024; en concreto, un 12 por cento máis de exportacións en interanual e, á súa vez, o mellor dato en canto a exportacións da Comunidade galega, neste ano 2025. Valor acumulado de xaneiro a marzo de 2025: 7.456,1 millóns; un 3,1 por cento máis de variación interanual. No que vai de 2025, polo tanto, mantemos a posición destacada exportadora que tiñamos. Estamos na media que tiñamos: un 8,1 por cento no total das exportacións españolas, moi por riba do noso peso poboacional.

En importacións, tamén crecemos un 4,8 por cento respecto de marzo do 2024, e levamos un valor acumulado en 2025 de 5.242,2 millóns de euros. Polo tanto, neste momento —2025—, Galicia ten un saldo positivo en materia de exportacións, un superávit na balanza comercial do sector de comercio exterior en marzo do 2025 de 944,6 millóns de euros—co cal temos unha taxa de cobertura agora mesmo de 152,4 por cento— e, na balanza acumulada de 2025, estamos en 2.213,9 millóns de euros.

Contextualizado isto nas relacións comerciais cos Estados Unidos, os Estados Unidos ocupan o undécimo lugar nas exportacións. O mercado fundamental que ten Galicia é a Unión Europea. É dicir, deses 31.000 millóns de euros dos que eu lle falaba no ano 2024 de exportacións, os Estados Unidos representan 800,1 millóns, un 2,58 por cento das nosas exportacións. Este é o peso que hai que ter en conta para ver, en primeiro lugar, o efecto directo, que non é o mesmo que nas comunidades que vostede mencionou —quizais Madrid é a que máis se pode parecer a Galicia—.

Dentro do total de exportacións, os sectores máis afectados —para que tamén o coñezan ás súas señorías— son as industrias químicas, con case 200 millóns de euros de exportacións; agroalimentación e bio, 135,8 millóns de euros; metalmecánico, 114 millóns; 92 millóns, o naval; e os produtos minerais e a automoción, uns 60 millóns —non chegan—.

Exportacións galegas aos Estados Unidos en 2025. No mes de marzo, subimos respecto do ano pasado un 40,6 por cento en interanual, 52,84 millóns. Acumulado de xaneiro a marzo, a cifra é de 161 millóns de euros; un crecemento das exportacións galegas a Estados Unidos dun 4,7 por cento respecto do mesmo período. ¿Contexto comercial da Unión Europea? Semellante. Aumentou o superávit no mes de marzo no comercio de bens cos Estados Unidos, tanto se o se collemos dende o punto de vista de marzo en concreto como do mesmo período.

¿Esta realidade quita que teñamos que estar alerta e que se poden dar...? Por suposto que hai que estar alerta. ¿Efecto directo? É o que menos nos preocupa a nós e ás empresas. O que máis nos preocupa é o efecto indirecto respecto dos aranceis recíprocos nas importacións, e respecto das relacións comerciais coa Unión Europea e como estas poden afectar indirectamente os produtores galegos.



Por esta razón, viaxamos a Madrid ao pleno que lle dicía do Consello Interterritorial. No 14 de abril, falamos con 26 representantes —non para facer unha foto— do sector agroalimentario. Non teño tempo pero póñoos á súa disposición: 26 asociacións, *clusters* de todo tipo. Neste encontro, anunciamos unhas medidas en materia de financiamento; por un lado, di que son as mesmas e, por outro lado, que non saíron. Non son as mesmas; son uns préstamos ao circulante cunha carencia extraordinaria e cunhas condicións moi brandas. Están citados todos os *clusters* no próximo 26 de maio para compartir con eles —como facemos sempre— as bases desta convocatoria e, inmediatamente, cando fagan as súas alegacións, será publicado.

A Oficina Económica de Galicia creou unha unidade especializada de atención. Esta unidade especializada de atención está sacando servizos específicos —non é o mesmo— en coordinación coa unidade de Miami, que é a que ten que traballar nos Estados Unidos. Levamos feito xa charlas informativas no 19 de maio, co sector agroalimentario; no 20 de maio, co sector naval, o da enerxía renovable e o metalmecánico; hoxe estanse reunindo co da pedra e o dos materiais de construción; no 22 de maio, co sector da biotecnoloxía e das TIC, e no 23 de maio, cos restantes sectores industriais. Imos adaptar, dentro do Programa Reacciona, un novo servizo de consultoría especializada en internacionalización —que preguntaba vostede— para traballar coas empresas que estean máis afectadas —unha vez se coñeza o impacto real— na súa estratexia de apertura a novos mercados, acompañamento técnico e orientación profesional, para avanzar na diversificación xeográfica, que é un dos elementos clave, e na identificación de novas oportunidades nese novo mercado global que vai xurdir.

Continuamos mantendo reunións tanto co ministro de Economía como a nivel de direccións xerais. Co ministro reunímonos no día 10 de abril e no 19 de maio —este mesmo luns—, e estanse celebrando todas as semanas reunións nas que participa o Igape co ICEX e co equipo do Ministerio de Economía: no día 25 de abril, no día 29 de abril, no 6 e 13 de maio, e a próxima reunión, no 27 de maio.

Todo este labor estase realizando de xeito absolutamente coordinado co Goberno de España e as comunidades. E Galicia, neste sentido, non temos nada que dicir. Estase levando de xeito adecuado, co coñecemento que temos agora mesmo. Co cal, ¿estamos de acordo?, ¿hai que estar precavidos nesa situación? Por suposto. Pero isto exige unha análise moi profunda, exige moitísima coordinación co Goberno nacional e co da Unión Europea, e, sobre todo, exige sensatez e prudencia coa incerteza que temos agora mesmo.

O que lle digo é que as medidas que tomamos e o traballo que estamos facendo parte destas premisas. E imos seguir acompañando as empresas galegas todo o tempo, traballando con elas, falando con elas, con estas premisas: coordinación co Goberno da Unión Europea, co Goberno central, e sensatez nas medidas que se vaian adoptando unha vez que coñezamos como queda o escenario internacional, o cal é moi complicado ata que o señor Donald Trump decida e negocie coa Unión Europea nestes noventa días cales van ser os aranceis definitivos.

De momento, nada máis e grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, conselleira.



Para a quenda de réplica, ten a palabra a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidenta.

Señora Lorenzana, canto mellor lle iría a Galicia se Rueda non fixese seguidismo do xefe de filas, que é Feijóo.

Que eu saiba, no Congreso dos Deputados, os deputados galegos e galegas votaron en contra do Real decreto lei 4/2025, (*Aplausos.*) que mobiliza 14.000 millóns de euros tamén para beneficiar os sectores afectados en Galicia, señora conselleira. ¿Acaso non é o seu partido? (*Aplausos.*) Claro que é conselleira de Economía e Industria. ¡Tamén presidenta da sociedade Impulsa, tamén presidenta da sociedade Recursos de Galicia; é de todo aquí! E, se non fixese seguidismo de Feijóo, moito mellor lle iría a Rueda, que preferiu estar en Madrid nun acto de partido que presidir o Consello da Xunta, señora conselleira. O presidente da Xunta, de todos os galegos e as galegas.

Aplaudo tamén o que fala de cooperación institucional, do tema do Plan ICEX. Bueno, pois aplaudimos esa coordinación. Pero vólvolle reiterar que votaron en contra do Real decreto lei 4/2025. (*Aplausos.*) ¡Vólvollo reiterar, señora conselleira!

Evidentemente, non sei, tamén será culpa de Pedro Sánchez ese voto en contra. ¿Será culpa de Pedro Sánchez tamén? ¿Ou tamén será culpa Pedro Sánchez que aquí non exista unha política, unha estratexia de transición ecolóxica e transición enerxética no noso país?, que temos oitenta parques eólicos suspendidos, señora conselleira, e os PIE todos en *stand by*. ¿Tamén é culpa do Goberno de España que os proxectos industriais estean en *stand by*, inactivos? ¿Tamén é culpa do Goberno de España o tema de enchufarse do proxecto político abandeirado polo señor Rueda, o Proxecto Altri? Si, señora conselleira, cando as competencias exclusivas de Industria son súas: artigo 32 do Estatuto de autonomía de Galicia, señora conselleira. ¿Que quere? ¿Tirar balóns fóra? Nótase que non está tranquila con ese proxecto de Altri.

É indefendible, señora Lorenzana, que sigan a facer seguidismo do señor Feijóo en Madrid; intolerable, indefendible. E votar en contra dese plan de rescate —volvo reiterar, de 14.000 millóns de euros— é votar en contra das nosas adegas do Ribeiro, da Ribeira Sacra e das rías Baixas, que —falaba dos efectos indirectos— poden ver como poden deixar de exportar, poden ver como se pechan as portas dun dos principais mercados exteriores do sector vinícola, señora conselleira. É tamén votar en contra das conserveiras galegas, que son líderes europeas no sector e que poden verse obrigadas —efecto indirecto— no futuro a renegociar prezos, frear investimentos ou paralizar investimentos, mentres outras rexións si eran respaldadas polas súas administracións autonómicas, señora conselleira. É votar en contra do sector lácteo e dos produtos agroalimentarios, que poden ver desaparecer oportunidades comerciais no mercado *gourmet* estadounidense. Señora Lorenzana, non houbo previsión, non houbo proactividade e non houbo anticipación.

Dicía nas súas declaracións, antes da reunión do 14 de abril, que estaba esperando a ver que ía facer o Goberno de España co Plan de resposta. ¿Que fixo, que fixeron? Votar en contra



dese plan de resposta. ¿É coherencia?, ¿fálame a min de coherencia, señora conselleira? Pois iso penso que non é coherencia. E mentres, ¿que fixo a Xunta? Pensamos nós, as socialistas de Galicia, que nada serio, nada suficiente e nada eficaz, porque non houbo un plan específico de axudas directas aos sectores afectados. Falaba da modificación dos préstamos do Igape. ¿Onde están?, ¿onde están esas modificacións das bases reguladoras? Na reunión do 14 de abril, anunciaba ese período de carencia de catro anos e condicións máis beneficiosas de 1 millón de euros aos sectores afectados. ¿Onde están esas modificacións das bases que volveron anunciar este luns? ¿E mentres? E mentres esta mesma semana mobilizáronse 1.000 millóns de euros dese Plan de resposta por créditos ICO, no que hai dispoñibles 5.000 millóns de euros por parte do Goberno de España. Compare, señora conselleira. Compare fotos, propaganda e anuncios con medidas efectivas postas xa esta semana por parte do Goberno de España a través do ICO. Señora conselleira, ¡compare!

Tampouco se puxo en marcha ningunha estratexia de apertura de novos mercados para compensar a caída presente e futura do mercado... Esa antena de Miami xa estaba. Entendo que ao mellor especializada, non sei cal é a especialización. Estaba xa a antena de Miami do sector de exportación en Miami. ¡Non me diga que non, señora conselleira. ¿Estaba ou non estaba? ¡Respóndame esa pregunta! E non se convocaron mesas de diálogo reais cos sectores produtivos. É certo —e xa llo dixen— que aplaudía o anuncio que se fixo no Consello da Xunta neste luns de que vai haber reunións periódicas. Esperemos que sexan periódicas e que, sobre todo, estean todos os sectores afectados e —como lle dicía tamén— Unións Agrarias, que representa un sector agroalimentario en Galicia bastante importante. Non só os *clusters* empresariais; tamén os sindicatos máis representativos, señora conselleira, ¿vale? Esas son mesas multisectoriais onde están todos os sectores representados.

En definitiva, ante os aranceis de Trump, outras comunidades autónomas —cremos nós— reaccionaron antes, e o Goberno de España tamén pechaba un plan de resposta ambicioso e de escudo protector das empresas e os sectores afectados. A Xunta mirou cara a outro lado e non foi proactiva e non se anticipou. É verdade que temos menor impacto que outras comunidades autónomas —de en torno a un 2,5 por cento no sector da exportación dos sectores afectados, segundo se facía referencia no informe que se fixo público tras o Consello da Xunta—, pero ¡como se o impacto non fose con nós! Claro que pode haber impacto. Ao mellor, agora, non directo, pero indirecto —do que falaba vostede que hai que estar vixiantes—.

E non é tarde, señora conselleira, para actuar, pero cada día pode ser un mercado máis que se escapa ou un emprego máis que se perde.

Moitas grazas.

Nada máis pola miña parte. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Iglesias.

Para a quenda de réplica, ten a palabra a conselleira de Economía e Industria, a señora Lorenzana Somoza.



A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Señora Iglesias, de verdade que esta interpelación é unha mostra palpable da incongruencia constante do Partido Socialista.

É moi complicado contestar o salto de cuestións que vostede plantexa desa maneira desordenada, enganchando... Volvo dicirlle: non estamos no Congreso dos Deputados. Dálle igual o que eu lle dixen na primeira intervención. Estoulle dicindo que hai dúas normas ou dous plans liderados polo Estado. Un é o Real decreto, que, que eu saiba —pero eu non son deputada no Congreso e, polo tanto, non coñezo a fondo ese Real decreto—, analiza máis cuestións que as meramente de resposta á guerra arancelaria. Entón, eu non teño que vir aquí dar conta das razóns polas que os deputados —sexan galegos ou non— do Partido Popular no Congreso dos Deputados votaron a favor ou en contra. Eu veño aquí dar conta da resposta do Goberno da Xunta de Galicia cando somos convocados polo Goberno central (*Aplausos.*) e das medidas que se están dialogando coas comunidades autónomas. Iso é do que eu lle teño que dar conta aquí.

A cuestión, como vostede a enfoca aquí, é absolutamente oportunista. É unha maneira de: como non sei que traer ou que preguntar, vou meter un montón de cuestións, todas mesturadas. É o que acaba de facer.

O escenario mudou varias veces dende que se impuxeron por primeira vez en teoría eses aranceis, e parece que vai seguir mudando. Non sabemos que aranceis se van impoñer nin cando, pero vostede reclama axudas directas. E aínda por riba di: «Mire, compare o que fixo o ICEX». É que o ICEX é o que ten que facer. ¿É que os cartos do ICEX non son tamén das empresas galegas?

Mire, as medidas que saca a Xunta de Galicia son con fondos propios, que saen dos impostos de todos os galegos, que saen do IRPF que paga vostede, que paga a súa comunidade de veciños, por exemplo. E o meu labor é que eses cartos vaian cando se necesitan. Eu, agora mesmo —parece ser que vostedes si—, non teño coñecemento de quen e como vai resultar afectado polos aranceis. ¿E sabe por que? Porque aínda non sabemos cales son os aranceis. Non o sabe nin sequera a Unión Europea, pero sábeo Patricia Iglesias. (*Aplausos.*) Esta é a cuestión, e, por esta razón, a señora Iglesias sabe que hai que dar axudas directas aos sectores. ¡Pero que sinxelo!, pero que sinxelo e que simple é falar dende aí. Sen ningún tipo de análise, imos dar axudas directas. Porque isto —marca propia do Partido Socialista— vende moitísimo. Axudas, axudas, axudas. ¿Os préstamos? Os préstamos dan igual. Non, os préstamos non dan igual. Os préstamos ao circulante son un importante apoio para as empresas no contexto actual, e eu non teño por costume aprobalos sen falar cos sectores. Por iso levou un tempo deseñar as condicións para que vaian precisamente ás empresas que o necesitan, e antes de saír publicados no *DOG* van estar traballados cos sectores, como fago sempre que traballo con calquera sector respecto dun plan de acompañamento. E falarei cos sectores porque son os que coñecen as empresas.

Di vostede que eu non quero os sindicatos. ¿Pero que está dicindo? ¿Pero que está dicindo? Respecto enormemente o labor dos sindicatos, e os sindicatos son chamados cando ten que



estar o diálogo social. Estamos falando doutro tipo de reunións. É mestura, mestura... No medio vaino deixando caer. Eu respecto enormemente os sindicatos e o diálogo social, pero desta cuestión a min non me poden informar nin en Comisións Obreiras nin en UXT, de cal é a afección de cada un dos sectores empresariais. Porque está custando moito aos *clusters* e ás asociacións empresariais coñecer, empresa por empresa. Porque en cada sector —dependendo da empresa, xa non do sector—, hai unha afección distinta. E, se non, pregúntelle ao seu goberno socialista en Madrid, que sabe perfectamente que hai unha serie de empresas en España —empresas, xa non sectores— que son as que están directamente afectadas e coas que estamos intentando traballar. Pero que fácil é dicir dende aí «axudas directas». Axudas directas, e con isto xa facemos a demagogia de sempre. De sempre, sempre é o mesmo.

Vostede plantexa que quere que plantexemos un plan para coordinarnos co seu grupo ou cos grupos da oposición, en concreto co grupo minoritario do Partido Socialista. É dicir, vostede pretende coordinar sobre o que coordina o ministro Cuerpo, porque todas as medidas que se están adoptando por Galicia están incluídas no Plan ICEX, como as das restantes comunidades. Nesa mesa, nese pleno de Internacionalización dentro da Conferencia Sectorial de Economía, todos os conselleiros levamos as medidas, e o Plan ICEX contempla as nosas medidas. Pero vostede quere coordinar sobre o ministro de Economía. ¡Chega a iso! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si. Home, plantexa por que no Goberno non nos sentamos cos grupos da oposición para coordinar un plan, con todos os datos que vexo que ten, que son moitísimos. Ten vostede unha análise profunda da situación. (*Aplausos.*) E sabe vostede xa cales son os efectos indirectos que se van producir. Antes sequera de que saiba o señor Trump e a señora von der Leyen como vai quedar a situación, xa o sabe a señora Iglesias. ¡Impresionante, impresionante! (*Aplausos.*)

Mire, se de algo sabemos os gobernos populares é de respecto institucional, cousa que non sei se lle soa. E, dende logo, moi lonxe de facer o ridículo que fixo o señor Besteiro, o ridículo absoluto que fixo o señor Besteiro en canto saíu a noticia dos aranceis, agardamos a ver como se asentaba a noticia; agardamos, efectivamente, a escoitar o Ministerio, que parece que lle molesta que agardásemos a escoitar o Ministerio.

Eu non son do «non» polo «non». Non porque o ministro Cuerpo sexa socialista vou dicir: «Non, eu non vou escoitar». É que o ministro Cuerpo está facendo as cousas ben. E, polo tanto, estamos sendo coordinados polo ministro Cuerpo, que ten que ser coordinado pola Unión Europea. Pero parece que isto a vostede lle molesta. Entón, como isto non o pode sacar, saca os votos dos deputados galegos no Congreso... Claro, porque non pode dicir outra cousa. Así é exactamente como funcionan vostedes. (*Aplausos.*)

Mire, nada máis empezar a lexislatura, tanto o señor Rueda como eu reiteradamente ofrecémolles un pacto pola industria e pola enerxía. ¿E que fixeron vostedes? Nada. Soamente falan dos preitos dos eólicos. Cada vez que vén aquí, recorda os preitos dos eólicos. Volveuno facer agora mesmo. Pero, mire, tamén é certo que, ao mellor, é mellor que non aceptasen, porque ao mellor ata o apagamento era culpa nosa. Porque do apagamento non falan. Por iso lle digo que este é un tema oportunista.

¿Cales son as causas do apagamento? Hai unha comisión independente que dirixe unha ministra. Con toda esta desfachatez, unha ministra socialista saíu dicindo que se creaba unha



comisión independente presidida por ela mesma. ¿Que diría vostede se eu creo unha comisión independente sobre un tema da miña competencia, e digo: «E presídoa eu». Isto é o que está pasando co apagamento, (*Aplausos.*) pero co apagamento non imos preguntar, non lle imos dar respostas... ¿Comunidades autónomas? Non sabemos nada...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): ...¿Cidadanía? Non sabe nada.

Isto si está afectando as empresas e afecta xa. E soamente ten que mirar para as últimas declaracións de Alcoa. Miren, señorías, de verdade...

Fala do Real decreto. Máis de cento cincuenta reais decretos leis por parte do Goberno de Sánchez, un debate de política xeral e tres orzamentos xerais. Calquera goberno democrático dimitiría, calquera goberno democrático con escrúpulos. Pero, claro, este non é o caso de Pedro Sánchez.

Leccións de ofrecemento de diálogo, leccións democráticas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): ...ao Partido Popular, ningunha.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Interpelación de D^a Rosana Pérez Fernández e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en materia de investigación do medio mariño e a eventual creación dunha comisión que coordine o traballo dos diferentes centros de estudo nesta materia

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, moi bo día a todas e a todos.

Señor Villares, bo día.

Señor conselleiro, ¿vostede sabía que a ría de Arousa é a ría máis estudada do mundo? A verdade, se o sabía, e se é así —que é a máis estudada do mundo—, disimúlano vostedes moi ben. Porque o BNG leva anos solicitando á Consellería do Mar que leve a cabo estudos para sabermos cales son as causas da brutal perda de produtividade das rías galegas e, nomeadamente, da ría de Arousa.



Pero, fíxese. O sector do mar no seu conxunto: as mariscadoras, os mariñeiros, as confrarías, os armadores, os mexilloeiros, os rañeiros, os polbeiros, os percebeiros e ata, señor conselleiro, a Confederación de Empresarios de Galiza, tampouco o deben saber. Digo que non saben que a ría de Arousa é a máis estudada do mundo, porque de feito levan anos —tantos coma nós ou máis— solicitando tamén estudos e investigacións sobre a situación das rías galegas e, en particular, sobre a situación da ría de Arousa.

Señor conselleiro, ¿vostede sabía que calquera pode estudar os datos de baleirado dos encoros, pode estudar as baixadas de salinidade e pode estudar se iso ten incidencia? De feito, estúdanse e estudáronse no 2023, ano —como todo o mundo lembrará— de choivas intensas e mortalidade de marisco tamén intensa.

Nós sabemos que os datos de baleirado dos encoros se poden estudar, e mesmo que o baleirado inflúe na baixada de salinidade. E o sector tamén o sabe. E mesmo tanto o sector como o BNG levamos tamén décadas solicitando á súa consellaría, xa que se nega a elaborar un protocolo de limpeza de baleirado dos encoros, que faga estudos para ver a incidencia que teñen os baleirados dos encoros sobre a mortalidade masiva de bivalvos.

Por certo, falando de mortalidades masivas. ¿Vostede sabía, señor conselleiro, que en Galiza se investigan episodios de mortalidade anormal en cultivos e bancos naturais das principais especies comerciais? ¿Sabíao? Ben, o sector do mar non ten coñecemento. Nós tampouco. Vostede, señor conselleiro, ¿tiña idea de que a Xunta de Galicia vén tomando medidas das variábeis ambientais para ter un mellor coñecemento da franxa costeira, nada máis e nada menos que dende hai trinta anos? É dicir, vén medindo distintas variábeis dende hai trinta anos.

Nós supoñíamos que existían datos. Pero, ten que recoñecer, señor conselleiro, que parece un pouco raro que se existe ese histórico de datos, o Grupo Parlamentario do Partido Popular leve anos tamén rexeitando iniciativas do BNG para que se leven a cabo investigacións das que partir para recuperar as rías galegas.

Señor conselleiro, se vostede non tivese, ou non ten, coñecemento de todo isto que lle acabo de dicir, realmente sería moi grave, porque vostede é o máximo responsábel de pesca, da política pesqueira deste país. Agora ben, señor conselleiro, se vostede e o Goberno ao que pertence ten coñecemento de todo isto, de todos os estudos e datos que existen sobre as rías, e non actúa, é aínda moito peor. Porque estaría faltando conscientemente ao seu deber, que non é, señor conselleiro, outro máis que o fomento do sector do mar e a mellora do litoral e dos recursos pesqueiros. E, señor conselleiro, que unha autoridade falte conscientemente ao seu deber politicamente é unha irresponsabilidade. Pero xuridicamente ten outro nome, e pode chegar incluso a ser delito.

Todas estas afirmacións que lle citei, señor conselleiro, non as fixo o Bloque Nacionalista Galego. Fíxoas unha técnica —técnicos para os cales vostedes, o Partido Popular, sempre pide respecto— dun centro de investigación que depende directamente da súa consellaría nunha comparecencia, que nin sequera pediu o BNG, por petición propia neste Parlamento hai pouco máis dun mes.



Entón, señor conselleiro, a pregunta é: ¿ratifica vostede toda a información que proporcionou a directora do Intecmar aquí neste Parlamento no pasado pleno? Se ratifica a información que ela deu aquí, se todo o que ela dixo é certo, ¿por que, tendo todos eses datos, todos eses estudos, todas esas investigacións, non está a Consellería, non está vostede, como conselleiro, actuando? Esa é a pregunta fundamental que lle facemos hoxe.

¿Por que se ocultan eses estudos —porque parece ser que existen—? E o máis importante: ¿por que a Consellería non lle está a dar utilidade e non está tomando as decisións políticas para poñelos ao servizo da recuperación das rías e do sector pesqueiro e marisqueiro galego? Nós non estamos dicindo que non haxa que seguir investigando, nós non estamos dicindo que os estudos que existen sexan suficientes, pero se existen medicións de variábeis ambientais dende hai máis de trinta anos, se existe dende hai máis de quince o Observatorio Costeiro, que ten unha rede de estacións oceanográficas que miden a temperatura, a salinidade, o PH e outras variábeis da columna de auga e se existen na ría de Arousa dúas estacións de seguimento en continuo e que, no caso da estación de Cortegada, na desembocadura do río Ulla, rexistra datos de temperatura e salinidade a diferentes profundidades dende o ano 2007, ¿por que non están actuando?

¿Por que, señor conselleiro, estes recursos e estes estudos non se están poñendo ao servizo da recuperación das rías e do potenciamento do sector do mar? ¿Por que toda esa investigación que aparentemente existe —e moita máis que aínda ten que haber e que se ten que desenvolver— non está levando parellas decisións políticas e actuacións orzamentarias dende a Consellería do Mar? ¿A que están dedicando, señor conselleiro, os cartos que se deberían destinar a máis investigación e a actuar segundo as pautas que establecen ou que establezan esas investigacións?

Si, señor conselleiro, preguntámoslle a onde van os cartos, porque non é entendíbel nin é xustificábel baixo ningún concepto que dediquen vostedes a mesma cantidade neste exercicio 2025, por exemplo, á investigación que a que dedican a —léolle textualmente o nome da partida— «feiras e eventos» nos que se participa. Non é xustificábel, non ten explicación ningunha —ou, ao mellor, para vostedes, si, segundo o seu modelo, evidentemente—. Non ten explicación ningunha que dediquen 20,3 millóns de euros a promocionar produtos que xa case non temos, que cada vez producimos menos —e non lle vou dar datos, porque os coñece vostede de sobra—, e a moitos produtos que temos que importar ou que dediquen —tam pouco é entendíbel—, por exemplo, 4,6 millóns de euros este ano 2025 —4,6 millóns de euros— a acudir a unha feira de turismo gastronómico e no mesmo ano 2025, 4,6 millóns a unha feira e 2,7 millóns —un pouco máis da metade— á investigación para a recuperación e conservación das zonas produtivas. É absolutamente inxustificábel.

Nós cremos, señor conselleiro, que hai que coordinar todo ese coñecemento que xa existe e toda esa investigación que parece que xa ten a Consellería do Mar —a que existe, insisto, e toda a que ten aínda que existir—. Cremos, señor conselleiro, que hai que poñela en común, tanto a que teñan os distintos centros de investigación da Consellería como a que teñan as universidades e mesmo o coñecemento do propio sector; e, sobre todo, todo ese coñecemento sobre a perda de produtividade das rías cremos que hai que aplicalo e cremos que ten que traducirse en desenvolver as actuacións que permitan recuperar as rías...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...—remato, presidente—.

Porque vostede, señor conselleiro, sabe mellor ca nós que o que está en xogo é moito. Entón, fíxenlle unha serie de preguntas que agardo que nos responda.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro do Mar, don Alfonso Villares Bermúdez.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Moi bos días, señor presidente.

Señorías.

Señora Pérez, sempre que podo, fágoo: destacar o papel dos nosos centros de investigación como piares científicos do noso sector marítimo-pesqueiro. E, ademais, eu creo que é de recoibo facelo, porque hoxe non poderíamos entender a nosa realidade nin tampouco poder revisar o noso futuro sen o traballo que realizan os centros de técnicos vinculados a esta Consellería do Mar, e ademais o resto de técnicos —ben sexan do Estado, ben sexan das universidades—, cos que tamén colaboramos. É un traballo que, ademais, sen ir máis lonxe, está a permitirnos recuperar a plena capacidade das nosas rías ante episodios acaecidos os últimos anos, estudando os factores de caída de produción e a influencia tamén do cambio climático en canto ao comportamento das correntes mariñas ou a temperatura dos mares. É unha liña de investigación que ten un papel fundamental á hora de afrontar os desafíos neste eido e que se traballa desde a Consellería do Mar para coordinar esforzos na adaptación do sector a fin de, por un lado, rexenerar máis bancos —ben sexa a curto ou medio prazo—, tamén xerar novas zonas de traballo, ou procurar especies que sexan máis resilientes, e tamén diversificar a produción, mellorando, ¿como non?, a comercialización final.

Son uns centros de investigación que hoxe, ademais, sitúan a Galicia á vangarda da investigación mariña e da sustentabilidade, xa que a innovación no ámbito mariño é unha peza angular no avance cara a unha maior fortaleza do noso sector; e en Galicia posuímos, ¿como non?, os mellores centros e os mellores técnicos.

Polo tanto, a nosa filosofía —e tampouco vou descubrir nada— é establecer alianzas cos centros científicos de referencia en ciencias mariñas. E é por iso que tampouco quero perder ocasión de poñer en valor a actividade que estamos a desenvolver neste apartado cun único e gran obxectivo, que é garantir que as nosas xentes do mar poidan seguir a vivir con dignidade da súa actividade. *(Aplausos.)* Ese é o fundamento máis importante de todo: garantir que as nosas xentes do mar poidan seguir a vivir con dignidade da súa actividade. *(Aplausos.)*

Está claro que precisamos máis e mellores ferramentas de traballo colaborativo e sempre ao servizo do sector, pois é en función do estado dos recursos e dos datos científicos técnicos



dispoñibles en cada momento co que imos adaptando o noso traballo, e tamén é no que nos baseamos á hora de tomar as nosas decisións. Asumimos, ¿como non?, a responsabilidade de analizar cada situación con base nun traballo coordinado, implicando os distintos axentes e tamén identificando os problemas de fondo, facendo propostas e partindo dunha xestión compartida coa comunidade científica; unha comunidade científica que, ademais, é membro principal do noso quefacer diario, especialmente porque o actual escenario —como dicía— está moi marcado por un cambio climático, o que fai necesario que temos que ter maior coñecemento —tanto cuantitativo como cualitativo, tanto do medio costeiro como tamén da dinámica oceanometeorolóxica— para favorecer o desenvolvemento das actividades económicas vinculadas ao mar.

E, por dar datos, o orzamento deste ano así o reflectiu reforzando o labor dos cerca de 350 profesionais que se dedican a esta actividade e para cuxos proxectos achegamos 24 millóns de euros: 4,5 millóns de euros ao Cetmar, que foi un 5 por cento máis que o presuposto do ano pasado; 5,5 millóns de euros ao Intecmar, que foi un 4,3 por cento máis; 6 millóns de euros ao Plan de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica; 2 millóns de euros a Redemar, un 10 por cento máis que o ano pasado; 2,75 millóns de euros ao Cima, un 5,7 por cento máis; 280.000 euros ao Observatorio Costeiro de Galicia; 4,5 millóns de euros a asistencias técnicas ás confrarías de pescadores; e 1,4 millóns de euros ao Programa de ciencias mariñas, do que tamén falarei un pouquiño máis adiante.

Nestes instrumentos é no que nos apoiamos para realizar unha xestión eficiente dos nosos recursos, tamén pensando, ¿como non?, na súa vertente social, así como na restauración dos ecosistemas —que eu creo que é dun dos piares máis fundamentais nos que nos temos que basear na toma de decisións de futuro—. Todos e cada un realizan, ademais, un traballo fundamental para enriquecer os datos e argumentos de Galicia a prol dunha xestión marítimo-pesqueira que teña en conta a máxima que sempre defendemos, que é o equilibrio ambiental e o equilibrio económico e social; investigación, innovación e tamén formación. Formación para que sexamos capaces de mobilizar todo o coñecemento sobre a nosa contorna marítima e a súa vinculación á economía azul, no marco do noso compromiso coa especialización e a diversificación dos oficios. É por iso que tamén é importante destacar que hai 11,5 millóns de euros para o Programa de ensinanza pesqueira, máis dun 7 por cento que o presuposto do ano pasado; e 1 millón de euros á formación náutico-pesqueira, que é un 30 por cento máis que o presuposto do ano pasado. Polo tanto, investigación, innovación e formación para unha mellor ordenación das nosas políticas do mar.

O traballo que se está a desenvolver por parte da comunidade científica de Galicia no eido da investigación, innovación e transferencia de coñecemento sobre o medio mariño e o litoral é inxente. Así, por exemplo, o Intecmar ten catorce proxectos de investigación en curso e outros catro en colaboración con outros centros: o Cetmar ten cincuenta e en Redemar estanse a levar a cabo dezaoto.

Tamén resulta relevante o labor da nosa comunidade na coordinación científica mariña, da que temos un dos mellores exemplos no Programa de ciencias mariñas de Galicia; un programa, ademais, que nacía xa hai tres anos, ao abeiro do instrumento financeiro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia; unha achega conxunta de 10 millóns de euros



para desenvolver un proxecto de presente e de futuro con dous obxectivos: o primeiro, dar solución ás necesidades máis inmediatas do sector, achegando competencias multidisciplinares dirixidas ao desenvolvemento das tecnoloxías, da dixitalización e da educación ambiental; e, en segundo lugar, impulsar a transformación do tecido empresarial, fortalecendo entre os axentes de investigación o tecido empresarial para afrontar os retos futuros do sector dentro da economía azul.

As cifras deste programa eu creo que tamén son sorprendentes. Está composto por 89 grupos de investigación integrados nas institucións galegas máis punteiras: as tres universidades públicas de Galicia, os catro centros do Consello Superior de Investigacións Científicas, o seis centros de investigación dependentes da Xunta de Galicia, o Cesga, o Cetmar, o Cima, o Intecmar e Meteogalicia. Eu creo que é o resultado do traballo en rede de máis de 250 membros da nosa comunidade científica, e ademais conta coa dedicación total de 4.100 profesionais cun plan de traballo específico repartido en once áreas.

Trátase dun modelo integrado de xestión do fluxo de coñecemento científico en ciencias mariñas, completamente adaptado ao contexto ambiental, sociocultural, económico e tamén institucional de Galicia. Eu creo que é unha boa mostra de fórmula laboral de Galicia, a través da que vimos colleitando eu creo que bos resultados no marco da xestión global da actividade pesqueira, na que a Xunta de Galicia exerce de impulsor e a ciencia, ¿como non?, presta o seu asesoramento. É dicir, que na posta de información e datos é a súa máxima a través do seu propio comité de gobernanza; unha fórmula que, ademais, está a mostrar a nosa preocupación polo futuro da pesca, sendo conscientes de que o mar pode ser un ben esgotable se non é xestionado de xeito sostible e de xeito responsable.

Polo tanto, remato esta intervención destacando o traballo dos nosos centros de investigación, que é fundamental para obter a información necesaria para garantir o aproveitamento máis sostible dos nosos recursos.

E ante as preguntas que, neste caso, me formulaba a señora Pérez, quero contestarlle que claro que somos conscientes de todo o traballo de investigación que se leva feito; nosoutros e vostedes, que tamén son conscientes dese traballo. Ao fin e ao cabo —como ben comentou vostede—, xa son máis de trinta anos nos que estamos a destacar, e eu creo que todos diremos —uns igual coa boca máis pequena e outros con moitísimo máis orgullo— que contamos —e direino repetidamente— cos mellores centros. Eu creo que somos a comunidade, a rexión pesqueira de Europa, que ten os centros de investigación máis importantes, onde hai homes e mulleres, persoas, que fan o seu traballo. E, ¿como non?, eu creo que calquera persoa responsable que ten unha actividade política ten que asesorarse, á hora de tomar as decisións que haxa que tomar, dentro das políticas pesqueiras, con este equipo, con este conxunto de técnicos que fan este traballo inxente. Facer accións políticas sen ter en conta eses estudos e esas persoas que están a levar ese traballo e esa profesionalidade despois de tantos anos, creo que sería unha irresponsabilidade moi grande. E eu dígolle aquí, señora Pérez, que non a estamos a tomar...; nin moito menos, estamos a ser responsables e estamos a escoitar a xente que sabe. E tamén estamos a escoitar o sector; é fundamental tamén escoitar o sector porque tamén nos aporta opinións que versan sobre o coñecemento —igual sen tanta profundidade de datos do seu medio—; pero, polo tanto, eu creo que no que hai



que basearse —e é no que nos estamos baseando— é no que din o sector e os estudos científicos. Eu creo que ese é todo o sentido común que se nos pode aplicar a Galicia, aos que estamos aquí, nesta terra; e, nese sentido, eu creo que tampouco non hai ningunha diferenza. Imaxino que vostedes, se algúns teñen, como ten vostede, responsabilidade nos concellos, tamén levan a cabo accións e escoitarán os técnicos para intentar acertar o máximo posible; ás veces acertarase máis, ás veces acertarase menos, pero iso nos pasa a todos. Pero, desde logo, que hai investimentos na Consellería do Mar para a investigación e para a ciencia, iso é indiscutible, non se pode discutir de ningunha das maneiras, e orgullosos que estamos todos. ¿Que hai investimentos económicos para levar adiante estes traballos? Sen dúbida ningunha. E, ¿como non?, escoitamos a uns e a outros para tomar as mellores decisións. *(Aplausos.)*

Señora Pérez, nós estamos actuando, ¿como non? Sería unha irresponsabilidade non facelo; e non estamos ocultando nada —tamén sería un absurdo facelo—. Polo tanto, eu creo que estamos a facer o que calquera galego de ben entende que debe facer, polo seu pobo ou pola súa xente, con todo o sentido común, con toda a paixón, con toda a humildade e con toda a honestidade coa que cada un de nós levamos adiante o noso traballo. Eu avogo por eles, defendendo o seu traballo e tamén defendendo a profesionalidade e o sentido común de todas as persoas que están, neste caso, involucradas nos nosos centros de investigación.

Cando falaba de investimento en eventos, sabe que o noso presuposto está moi baseado nos fondos FEMPA, e eses fondos FEMPA tamén plantifican unha serie de diñeiros para a promoción. O de que o nome sexa «feiras ou eventos», bueno, son eventos aos que se vai, a onde van galegos e galegas con pequenas empresas, sobre todo porque non teñen capacidade para ir cunha empresa máis forte...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): ...e intentar poñer en valor os seus produtos. Eu creo que desa cuestión tamén é coñecedora vostede.

Polo tanto, nada máis.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, confundíuse, confundíuse... Esta comparecencia non é a súa comparecencia de orzamentos; xa estivemos nesa comparecencia de orzamentos. Coñecemos á perfección os números deses orzamentos, tamén coñecemos o seu discurso e, por desgraza, tamén coñecemos a súa actuación ou, mellor dito, a súa falta de actuación. Polo tanto, falando de orzamentos —vostede mesmo o dixo, e citouno, e eu non o quixen citar na miña



primeira intervención—, dixo que dedican 11,7 millóns de euros á formación, ao Programa de ensinanza pesqueira. Dedican 11,7 millóns no ano 2025, e 20,3 millóns á participación en feiras e eventos. Esa é a diferenza entre o modelo que vostedes propoñen e o modelo que propoñemos nós. Baixo o noso punto de vista, é inconcibíbel que se dediquen, por exemplo, 17,7 millóns a infraestruturas portuarias —este ano 17,7 millóns, porque é un lugar de traballo dos nosos profesionais, ¿verdade?— e se dediquen 20,3 millóns á participación en feiras e eventos. Polo tanto, o Debate dos orzamentos xa o demos no seu momento, e o Bloque Nacionalista Galego xa lle dixo a valoración que tiña deses orzamentos.

Agora imos falar doutra cousa que vostede, evidentemente, esquivou. Esquivou responderme a que, se son certos todos os datos que a directora do Intecmar deu aquí na súa comparecencia a respecto, precisamente, dos estudos e das investigacións que existen dende hai trinta anos na Xunta de Galiza, ¿por que non se está actuando en consecuencia? ¿Vostede cre, señor conselleiro, sinceramente, que neste momento —despois de escoitalo a vostede— hai algún galego ou algunha galega, nomeadamente do sector do mar, que entenda que, se existen datos, estudos ou investigacións de trinta anos para aquí, todo iso non servise para variar a curva descendente —impresionantemente descendente— dos datos, da produtividade e de postos de traballo no sector do mar? Porque quero lembrarlle, señor conselleiro, que vostede é responsábel directo —directo, aí non ten a quen lle botar as culpas— de que este ano, nun só ano —no 2024— desaparecesen *de la faz de la tierra* —do mar neste caso, mellor dito— case mil traballadores e traballadoras do sector do mar galego (*Aplausos.*) —¡no último ano!— e de que nun ano —no 2024— desaparecesen 222 mariscadores e mariscadoras. Entón, a pregunta era moi clara, señor conselleiro, non tiña ningunha complicación e podía responder coa mesma claridade.

Queda dito que existen os estudos, queda confirmado por vostede que existen os estudos. Agora, respóndanos —a xente do mar tamén o quere saber— a por que durante todos estes anos, mentres todo o mundo, e o propio sector —citeille antes todos os subsectores, seguramente aínda me quedou algún—, e mais o Bloque Nacionalista Galego, lles vimos pedindo estudos, non os puxeron enriba da mesa. ¿Para que lles están servindo eses estudos? ¿Onde os teñen?, ¿gardados nun caixón? E, en todo caso, ¿por que non están presupostando, orzando cantidades que se comparezan con eses estudos que existen precisamente para recuperar a produtividade das rías galegas? ¿Vostede dáse conta —díxenllo antes— de que politicamente iso é unha irresponsabilidade e de que xuridicamente se chama doutra maneira?

Claro, señor conselleiro, porque se ten unha información que logo non se utiliza para o que ten que ver coa súa competencia, que é mellorar a calidade das augas das rías, que é mellorar a súa produtividade e que é amparar e protexer as persoas que viven do mar, se logo non se utiliza, realmente significa que está vostede sendo coñecedor de que existen datos, pero non os está empregando para o que é a súa competencia e a súa obriga empregalos.

Polo tanto, señor conselleiro —non vou ir máis alá—, cando menos, aquí hai unha irresponsabilidade política. ¿Por que, se existen estudos, non se están a actualizar? ¿Por que se lle dedica máis a feiras e a eventos orzamentariamente que á investigación nos orzamentos da Consellería do Mar, cando existen os estudos e cando a curva de perda de produtividade é xa absolutamente abraiante neste momento?



Ben, pois todo iso, señor conselleiro —e non os orzamentos, que xa os coñecemos de memoria—, era o que queríamos que nos explicase. E sobre todo —e xa remato, presidente—, queríamos que nos dixese vostede se considera que, habendo todos eses estudos, están realmente coordinados; se considera que debera haber —porque parece ser que os estudos existen e as investigacións existen, quedou claro hoxe—... Hoxe vaise enterar todo o sector do mar galego de que xa tiñamos estudos, de que os levabamos pedindo, pero resulta que xa existían. ¡Ah!, pero é que estaban agochados nun caixón porque non interesa, *(Aplausos.)* nin hai cartos, nin se quere poñer cartos para iso. *(Aplausos.)* Insisto, o que nos gustaría que nos respondese é por que non actúa ou por que non está actuando e fomentando conforme a eses estudos que existen.

En todo caso, señor conselleiro, se cre vostede que hai que coordinar todas as investigacións xa existentes e mais todas as que poidan vir no futuro inmediato e non tan inmediato, precisamente que esa coordinación sirva de base para as súas propias actuacións...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...para as actuacións do Goberno galego, que está atendendo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...moitas outras cousas que non son precisamente as de coidar das rías.

Máis nada e grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da interpelación, o conselleiro do Mar.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Moi ben, señora Pérez. Eu creo que, se aquí hai unha sorpresa, a sorpresa estaa tendo —polo que escoitei— vostede ao darse conta hoxe de que temos uns grandes centros de investigación. E non vai ser polas veces que se dixo aquí o orgullosos que estamos desde o Partido Popular e desde o Goberno da Xunta de Galicia de que os mellores centros de investigación mariña que hai en toda Europa sexan os nosos, os galegos. É un orgullo. *(Aplausos.)* E non será, señora Pérez, polas veces que eu vin aquí, que estiven neste estrado —e volvo estar— e polas veces que o dixeran. *(Aplausos.)* Polo tanto, alégrome moito eu hoxe de que vostede se dea conta tamén de que temos esa potencia tan importante na investigación. Iso, por un lado.

Por outro lado, unha cousa vai parella coa outra, e tamén é importante resaltalo e poñelo en evidencia. Temos as mellores augas, sen dúbida ningunha, de todo o planeta. Hai cousas que corrixir, hai cousas que facer, hai cousas que mellorar e hai traballos que temos que levar adiante entre todas as administracións: as administracións municipais, a Administración autonómica e tamén a Administración estatal. Pero gozamos das mellores augas que hai en todo o planeta, e iso que non se poña en dúbida por ninguén. *(Aplausos.)* Ás veces vostede,



nas súas críticas, señora Pérez, é demasiado estridente e intenta realzar demasiado un mal funcionamento de distintas administracións que pode implicar unha mala calidade da nosa auga. Ao final, o que consegue realmente é todo o negativo e todo o contrario para o noso sector, e é que finalmente se saiba fóra das nosas fronteiras que as nosas augas non son boas. Non, as nosas augas son as mellores que hai, e, nesas augas, ¿como non?, tamén quero destacar o labor que fan todos os concellos, sexan das cores que sexan, (*Aplausos.*) tanto alcaldes do PSOE, do BNG como do Partido Popular; (*Aplausos.*) de todas as cores. Cada un deles fai o mellor traballo, sen dúbida ningunha, porque eu niso creo. Polo tanto, temos as mellores augas, e nosoutros tamén, desde a Xunta de Galicia, facemos o traballo para que así sexa. Por iso que, señora Pérez, eses son datos que lle teño que dicir.

E comentáballe na primeira intervención que eu non vin aquí falar dos presupostos —que tamén me dixo que hoxe non era o momento de falar dos presupostos—; eu vinlle falar dos presupostos que estamos a dedicar á investigación, que son os presupostos que lle detallei, e, ademais, a maior parte deles son presupostos —diñeiro, investimento...— que vén a través de fondos propios da Xunta de Galicia. Polo tanto, tamén é importante destacar ese aspecto.

E cando realmente quere poñer en evidencia un aspecto importante, xa lle dixen na primeira intervención que dentro dos nosos presupostos é importante tamén, sobre todo, destacar os fondos FEMPA, fondos europeos que xa veñen aliñados e que nos din por onde teñen que ir. Pois ben, hai unhas partidas económicas importantes que Europa considera que teñen que ir para a promoción e que teñen que ir, neste caso, para iso que vostede coas súas palabras quere ridiculizar; e eu dígolle: non ridiculice, porque detrás dese diñeiro hai galegos, galegas e empresas —pequenas empresas sobre todo— que están intentando facer o posible para seguir poñendo o valor de Galicia, de Galicia Calidade, dos nosos produtos do mar, no sitio onde teñen que estar, (*Aplausos.*) porque son os mellores produtos que hai e se poden atopar en todo o mundo. (*Aplausos.*) Iso é tamén importante dicilo.

Por tanto, non terxiverse, señora Pérez, nin diga cousas que, ao final, confunden, porque así tamén eu creo que está a tratar mal unha parte do sector, do sector mar-industria, no cal eu creo que aí está o sector extractivo, pero tamén está o sector comercializador e o sector transformador, e del viven moitísimas persoas, moitísima xente. Polo cal, eu creo que entre todos temos que facer ese traballo, e desde a Consellería do Mar estámolo a levar adiante.

Nós non estamos a ocultar nada, señora Pérez. Os datos da investigación están aí, encima da mesa, e están para que realmente os poida ver calquera. E nosoutros estamos a facer a nosa xestión política tendo en conta eses datos. Pero aquí non hai unha variña máxica coa cal poidas dun día para outro conseguir unha evolución, conseguir un cambio que poida ser tan evidente ou, polo menos, que teña unha evidencia e unha premura que vostede está a demandar. Estanse facendo traballos e realmente traballos moi importantes nos que eu quero destacar, neste caso, a coordinación que estamos a ter non soamente cos nosos centros —tanto cos centros dependentes da Consellería do Mar como cos do resto das consellerías—, senón cos centros estatais e tamén coas universidades públicas. Eu avogo polo traballo que están a facer, pola profesionalidade de todos os traballadores públicos das nosas universidades, dos centros estatais e dos centros pertencentes á Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) Eles van ser a nosa guía á hora de tomar as nosas decisións; xa están sendo a nosa guía para tomar as nosas decisións.



Nese sentido, o que lle teño que dicir é que me alegro moitísimo de que hoxe, señora Pérez vostede, se enterase de que temos os mellores centros de investigación de toda Europa. ¡No-raboa e benvida, señora Pérez! (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Interpelación de D^a María Cristina Fernández Davila e D^a Ariadna Fernández González, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o impulso e a elaboración consensuada por parte do Goberno galego dun plan de mellora educativa

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Fernández Davila.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: «Engano», segundo a Real Academia Galega: «dise da falta de verdade no que se di, no que se fai ou no que se pensa», incluso. E, se houbo unha frase que representa o acontecido neste acordo asinado en outubro de 2023, é a seguinte: «Non vos chamedes a engano, porque non vou devolvedvos os vossos dereitos».

E iso foi o que aconteceu, señor Román Rodríguez. Vendido como un acordo para a mellora do ensino na Galiza, non era máis que un engano electoral no que caeron algúns sindicatos, mentres asinaban un documento que vendía as pretensións de mellora laboral nas aulas, e se facía, por enriba, a prezo de balde.

É que a Consellería de Educación —vostede, señor Román Rodríguez, en concreto— xogou moi ben as súas bazas, e a CIG, xa na primeira reunión destas negociacións deste grande acordo, advertía de que para nada aquilo era un acordo histórico, como vostede e o señor Rueda publicitaban, xa que adoecía das demandas básicas que se reclamaban dende que o Partido Popular está no Goberno.

Non era tampouco unha cuestión económica, senón que todo o profesorado está a sufrir que o alumnado non reciba a atención que precisa por falta de profesionais e especialistas. E a resposta da Consellería foi colocar un parche para eses recortes de persoal de todos estes anos. E, por riba, sen custo.

Podemos resumir as peticións do profesorado en tres piares básicos: a recuperación dos seus dereitos, a mellora da atención do alumnado e aumentar o cadro de especialistas.

Se imos á primeira cuestión, a recuperación dos dereitos que foron perdidos dende o ano 2010, habería que falar de tres ámbitos. Primeiro, voltar ás horas lectivas pactadas en 2007 e que permitiron reforzar a plantilla de todo o profesorado en toda Galiza a mil docentes máis na época do Bipartito. Quedaran en 18 horas semanais para os de secundaria e 21 para os de infantil e primaria. A Consellería aceptou tan só reducir os horarios das mestras e mestres a 23 horas. Non asumiron cambios en secundaria nin da formación profesional, EOI etcétera. E, coa baixada dos horarios nos centros, quedaron sen atender horas de garda, apoios e reforzos que necesitaba o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Todo un engano, porque a medida non resolvía as necesidades dos centros.



O segundo ámbito serían os seus salarios, que foron conxelados e que, malia as subas dos últimos anos —ás veces, é certo, por debaixo do IPC, nestes tres últimos anos perden 2,3 puntos—, pois a perda do poder adquisitivo dende 2010 chega case ao 20 por cento. Están tamén pendentes de devolver as pagas extraordinarias reducidas entre os anos 2012 e 2016, e que outras comunidades autónomas xa o fixeron. Unha cantidade que se sitúa por riba dos 6.300 euros por docente. Mentres, a Consellería fixou complementos para os docentes en postos de dirección, nas inspeccións e asesorías técnicas da Consellería; ademais de intentar contentar coa suba nos sexenios o persoal con máis antigüidade, que foi precisamente o que coñeceu outros tempos antes dos recortes no ensino. Coma sempre, aplicando o «divide e vencerás». Nunca antes ningún goberno da Xunta realizara unha suba desigual para o profesorado. E, cando aplicaron o escaso incremento desa suba, fixeron o cálculo sobre o importe do ano 2023 e non do 2024. Isto tamén soa a engano, ¿verdade, señor conselleiro?

E o terceiro ámbito sería a diminución da carga burocrática. O aumento da burocracia nos centros educativos está a afogar con tarefas administrativas os docentes, que perden do seu tempo para dedicarllo ao seu labor fundamental, que é a atención ao alumnado. Malia isto, a Consellería non ten un plan definido, e queda na súa vontade a aplicación de medidas e criterios que, de momento, nin expuxo nin está a aplicar.

Do segundo piar, que era a situación do alumnado nos centros educativos, pois dúas cuestións: por unha parte, a redución da *ratio* nas aulas. Existe unha realidade urxente, que é reducir o número de alumnado dentro das aulas para que as docentes poidan ter unha atención o máis personalizada posible e asumir así a inclusión do alumnado con diversidade. Mais a Consellería limitábase a adaptar a previsión da caída da matrícula a un calendario de aplicación escandaloso, nun horizonte temporal inadmisíble, con remate da *ratio* en vinte alumnos en primaria no ano tan só 2032. ¿Daquela quedarán crianzas na Galiza, ao ritmo que vai o envellecemento da poboación, señor Rodríguez? Na ESO e Bacharelato, rebaixar a *ratio* ata 25 e 30 alumnos comezará a negociarse aínda no curso 2026–2027. Iso quere dicir que se rematará esa redución no ano 2036. No resto das ensinanzas, absolutamente nada. O problema da *ratio* hai que atallalo agora; agora é o momento, e non cando os centros acaben pechando por falta de nenos e nenas, mentres que a súa Consellería non se atreve a eliminar os concertos educativos coa privada, como vén de anunciar Cataluña para o vindeiro curso, cunha realidade demográfica totalmente diferente á nosa.

Como isto lle parecía moito apurar, pois o señor Rueda en abril anuncia a aplicación da letra pequena deste infame acordo, (*A señora Fernández Davila amosa un documento.*) reservando para si a decisión final no caso de necesitar superar a *ratio* máxima, por demandas xustificadas nas proximidades do centro ou por ter alumnos irmáns matriculados, en lugar de dobrar as aulas se fose preciso, que é o que teñen que facer.

Din vostedes que responde a unha cuestión de zonas escolares tensionadas. Unha auténtica incongruencia, cando a Consellería bate o peito valorando que coas medidas se deixaron de pechar centos de aulas pola baixada da natalidade. Cuestión que non está avalada por ningún informe, que saibamos. Por outra banda, a redución do alumnado nos agrupamentos estase a facer só nos de infantil. Quedan pendentes os de infantil con primaria e dos distintos ciclos de primaria, algo que tampouco se verá ata 2028. Así que esta situación quedou blindada na



Lei de acompañamento aos orzamentos da Xunta deste ano, deixando ben claro a intención de boicotear o xa de por si mal acordo da vergoña asinado un ano antes.

Se imos a outra cuestión, sería o cómputo por dous e por tres do alumnado con discapacidade. Aquí urxe minguar a *ratio* en aulas con alumnado NEAE, con valoración médica e dos equipos de orientación, para poder darlles a atención debida. E a Consellería, ¿que é o que fixo? Ben, pois deixou fóra todo o alumnado que carece do recoñecemento oficial de discapacidade ou dependencia, non tendo en conta os informes de orientación nin dos equipos específicos provinciais. Este cómputo aplícase este curso tan só a cuarto de infantil, non permitindo os desdobres naquelas aulas con alumnado con diversidade e que supera o máximo da *ratio*, como supostamente negociaran vostedes nese acordo. Tampouco se están a ampliar o número dos niveis en que, aplicando a nova *ratio*, corresponda outra aula a maiores. Cuestión recollida simplemente no DOG. Polo tanto, xa non é un engano; jé que é unha auténtica estafa, señor conselleiro! (Aplausos.)

O último e terceiro piar sería aumentar o número de especialistas; iso tan importante para as familias. Moito do alumnado NEAE precisa unha atención especializada debido ás súas características e capacidades, evitando así as desigualdades e a discriminación. Para avanzar nesa cuestión, vostede, señor Rodríguez, e o señor Rueda publicitaban a implementación do plan Mega, que non forneceu os centros dos docentes especialistas precisos para aqueles que teñen un alumnado de máis do trinta por cento NEAE. Polo tanto, un gran fracaso na atención á diversidade, pola inacción precisamente da aplicación da lei estatal a prol dunha inclusión real e efectiva.

Non se trataba de facer unha xestión máis eficiente dos recursos, como di o presidente Rueda. É unha decisión política de facer máis estreita a porta para a maioría do alumnado, señor conselleiro. Así que o que se precisa é que teñan vontade política dunha vez por todas para impulsar o ensino público, ofertando máis prazas, que son necesarias, e poder contar cos medios persoais, orzamentarios e materiais que precisan os centros escolares. Non queremos xa máis enganos.

Por iso preguntolle hoxe, señor conselleiro: ¿vai o Goberno galego implementar un plan de mellora educativa elaborado nunha mesa de traballo con representación de todos os sectores educativos, para consensuar: primeiro, dotar do profesorado e especialistas que precisan os centros; segundo, recuperar como mínimo os dereitos dos docentes acadados no ano 2007; terceiro, reducir a *ratio* nas aulas nesta lexislatura; e tomar medidas concretas para reducir a burocracia que recae no persoal docente?

Nada máis e grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moi bos días, presidente.



Señorías, Galicia ten un bo sistema educativo. Creo que podemos estar orgullosos del. Non é perfecto e hai cousas que mellorar, sen dúbida ningunha, pero o que non se pode facer é negar as evidencias, xa que entre todos fomos capaces de ir construíndo e consolidando un sistema educativo que educa en calidade, que educa en equidade e que xera igualdade de oportunidades.

Fronte a esta realidade, moi resumida, acabamos de escoitar o discurso do BNG. Ben, do BNG ou da CIG ensino, non sei moi ben de quen. Antes dicíase que o BNG tiña un sindicato e agora case que o sindicato ten un partido. Porque o discurso é exactamente, señorías, o mesmo. É o discurso de sempre: negar a evidencia. Porque, claro, podemos estar cinco anos, seis ou sete dicindo sempre o mesmo e chocando coa realidade, chocando coas evidencias. É que, segundo vostedes, todo o que se fai no conxunto do ámbito da Xunta de Galicia e, en concreto, na Consellería de Educación é todo un desastre, é todo unha estafa, é todo algo pésimo, vai en contra de todos os principios morais, éticos, fundamentais... Pero ao final os resultados veñen poñer en evidencia un recurso absolutamente —eu ata diría— negacionista. Negacionista, porque ten que ser moi complicado para vostedes dicir que todo o que se fai está mal ou que todas as medidas que se están aplicando son negativas para o ensino.

A verdade é que é moi complicado falar da *ratio* cando Galicia ten unha das mellores *ratio* de España, moi por debaixo da media de España. (*Aplausos.*) E, ademais, reducímolos voluntariamente; comezando, iso si, de xeito progresivo dende cuarto de infantil para adiante. Algo que vostedes parece que non o ven.

Tamén debe ser moi complicado, señorías, falar de inclusión educativa cando Galicia, segundo o Ministerio, é líder en inclusión de alumnos con necesidades educativas especiais en aulas ordinarias —iso dío o Ministerio de Educación—, con moita diferenza respecto á media. Ou cando o propio informe PISA nos di que somos o ensino máis equitativo de España.

¿Que hai que facer novas cousas? ¿Que hai problemas sen resolver? Sen dúbida. Agora, facer un negacionismo tan claro ten realmente pouco sentido.

Tamén é moi complicado, señores do BNG, ter que falar de mala calidade ou falar de resultados. ¿Por que? Porque os informes internacionais máis recoñecidos, volvo a PISA ou outros máis, dinnos que estamos por riba da media en todas as variables educativas analizadas, por riba da media de España e por riba da media da OCDE; e, no caso concreto de ciencias e tamén de pensamento creativo, somos os primeiros de España. E outros informes dinnos que no dominio das linguas estranxeiras somos os primeiros de España. Por certo, no ano 2009, cando viñamos do seu goberno, estabamos por debaixo da media de España en todo. E agora non só estamos por riba da media de España en todo, senón que nalgúns somos líderes no conxunto de España.

Ten que ser tamén moi complicado, como fan vostedes, falar de ensino rural. Temos practicamente un terzo de investimento por alumno máis alto nas zonas rurais que nas zonas urbanas.

Ou tamén debe ser moi complicado para vostedes, señores do BNG, falar de falta de apoio ao profesorado cando hoxe, con moitos menos alumnos, temos máis profesores que en anos



anteriores e estamos todos os anos facendo procesos de estabilización, procesos de oposición, para os profesores do propio sistema.

En definitiva, ten que ser moi complicado e hai que ter moito valor para poder facer un discurso tan negacionista como o que vostedes plantexan, a nivel xeral. Somos unha das comunidades autónomas de España que máis invisten por alumno, máis de 1.000 euros respecto á media; practicamente 8.075 euros, fronte a unha media de 7.000 euros. Temos tamén os orzamentos máis altos da historia, lévano sendo de xeito consecutivo nos últimos anos.

E ten que ser moi difícil para vostedes ter que vir aquí dicir ou replicar o que lle plantexa, neste caso, a CIG. Creo que deberían ter unha visión diferente, porque vostedes non son un sindicato; vostedes son un partido político. E claro, non se pode estar replicando o que di unha organización, por moi afín que sexa.

E ben, a boa situación non é casualidade. ¿Que hai detrás desta boa situación do ensino galego? Primeiro, hai boa política estable, planificada, coherente e que busca sempre o acordo, que o BNG acostuma, absolutamente, desprezar sempre. Pero, sobre todo, o que hai detrás é un grande esforzo do conxunto da comunidade educativa, que, escoitándoos a vostedes, parece que os profesores e os mestres que están no sistema educativo galego fuman un puro todos os días. Pois non, están traballando, e moito. Están posibilitando que teñamos uns grandes avances, desde a perspectiva cualitativa e cuantitativa, nas principais variables que miden a saúde do sistema educativo.

Non fomos autocompracentes, en ningún caso somos autocompracentes. Temos feito moito nos últimos anos, tamén sabemos que queda moito por facer. Aí están moitas das cuestións que vostede está criticando: por unha parte, o plan Mega de mellora educativa, que ten seis programas; e, por outra parte, un acordo que asinamos con tres das catro organizacións sindicais que están na mesa sectorial. E si, señorías, é un acordo absolutamente histórico; si é un acordo que establece as bases organizativas do ensino galego nos próximos anos; e si é un acordo que está salvando a estrutura territorial e a estrutura laboral do sistema educativo nun momento de regresión demográfica preocupante, moi preocupante.

E é obvio tamén que este ano, este curso no cal estamos, non era un curso calquera. Por unha parte, era o primeiro curso dunha nova lexislatura, onde os galegos devolveron a confianza neste caso ao Goberno e ao presidente Rueda. Pero tamén é un ano no que estamos e imos afrontar de xeito progresivo a maior transformación educativa da Galicia dos últimos anos. (Aplausos.)

Vostede facía un pequeno balance dalgúns puntos. Eu tamén o quero facer, para que nesta Cámara se poida ver quen está cumprindo e desenvolvendo medidas reais e eficientes para o profesorado e para o conxunto das comunidades educativas e quen está simplemente intentando manipular ou xustificar unha posición que naquel momento ninguén entendía. ¿Como era posible que a CIG se levantase dunha mesa de negociación que posibilitou tantos avances para o sistema educativo? Tamén parece que agora son vostedes os que defenden o acordo, o cal é curioso, porque non o quixeron asinar.



E, claro, falamos da redución da *ratio*. Xa o dixeran: de xeito progresivo, de 25 a 20. Aquí hai unha diferenza moi grande entre as formacións, fundamentalmente de esquerdas, que se dedican a falar, pero que non concretizan nada e, neste caso, o Partido Popular e o Goberno da Xunta, que facemos o que dicimos. Porque vostedes falan moito de *ratio*, pero hai moi pouco tempo o Goberno de España e do señor Sánchez —un Goberno de esquerdas, progresista etcétera, etcétera, que apoia o Bloque Nacionalista Galego— aprobou unha lei orgánica, a Loxse, ¿verdade? ¿Fixo algunha modificación na Loxse este fantástico Goberno de esquerdas apoiado por vostedes para modificar a *ratio*? A resposta élle «non». E nós, sen embargo, facémolo; voluntariamente, porque cremos e confiamos niso. Por iso hai unha gran diferenza entre falar e facer, señoría.

E ás veces fálase e fálase mal, e vostede púxoo aquí encima da mesa. Fala de manipulación, fala de intentar confundir... ¿Pero que manipulación máis grande pode haber que dicir que as instrucións organizativas, nas cales se plantexa que haxa excepcións para aqueles cursos nos cales non se está aplicando o dos vinte alumnos e se hai algún alumno que chegue fóra de prazo, teña irmáns e se poida axustar dentro da marxe de 25 alumnos a o número de alumnos de clase...? ¿Sabe cantos alumnos pode haber con datos provisionais nesa situación? ¿Sabe canto é a súa «grande estafa», o que vostede define como unha «grande estafa»? Pois o 0,07 de alumnos que se poden ver afectados en positivo por unha medida absolutamente lóxica. Se iso é unha grande estafa, se iso é unha gran mentira, se iso deixa por terra os acordos, realmente teñen que facerse mirar. Non é o 0,7; é o 0,07.

Ponderación de alumnos con necesidades educativas especiais, por dous ou por tres en función dos certificados de discapacidade. Ningunha comunidade autónoma o fixo. O Goberno dixo que o ía facer, non o fixo por agora. Pero ningunha comunidade autónoma está facendo o que nós estamos facendo para favorecer a integración dos alumnos con necesidades educativas especiais. E, aínda así, somos conscientes de que hai que seguir traballando nesta liña.

Reforzamos moitísimo o persoal naquelas aulas onde tiñamos alumnos deste tipo, e vostedes négano. Pero hai un dato que é moi importante, e é que agora temos practicamente cinco mil profesionais dedicados á atención á diversidade. E cando gobernaba o Bipartito con vostedes había 2.700. E somos conscientes —insisto— de que hai que seguir mellorando.

Fala vostede dos agrupamentos no rural. Antes estaban a dezoito e agora están a catorce. Está blindado por lei para que se fale do que ten que ver ou non co apoio ao ensino rural, absolutamente blindado por lei. E, claro, todas estas medidas ¿que posibilitaron? Salvar duascenas unidades, por exemplo; aproximadamente, un total en tres anos de novecentas unidades. E permiten o máis importante: unha estabilidade territorial e laboral no sistema educativo. Hoxe poderíamos estar falando de peche de unidades, pero non é diso. Non se falou de peche de unidades no inicio de curso. ¿Por que? Porque este acordo posibilitou e permitiu non facelo.

Temos máis profesores que antes —como dixeran—. Temos tamén en marcha xa unha nova oposición, como facemos todos os anos: 1.664 prazas que dentro de moi pouco se van poñer en marcha.



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Di vostede tamén que non cumprimos os acordos salariais. Xa o dixo a CIG no seu momento: «*esto es una estafa, no se va a cumplir*». Pois mire, dende o 1 de xaneiro do ano pasado están cobrando 30 millóns de euros —supón— e, vostedes, hai unha rolda de prensa onde antes negaban, pois agora reivindicán máis. É sempre, exactamente sempre, igual, a mesma metodoloxía política do BNG: unha medida négase e despois pídese que se cumpra.

Fala vostede tamén de cuestións burocráticas. Estamos traballando nesa liña. E, mire, voulle dicir unha cousa que é un anuncio. Xa estamos traballando en proxectos como EdugallIA e Séneca. Pero xa este ano, en moi poucos días, imos presentar unha ferramenta informática que vai posibilitar que todas as familias poidan matricular os seus fillos a través do móbil.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): É unha medida importantísima. ¿Por que? Porque vai posibilitar ter unha maior conciliación e vai posibilitar tamén que haxa moita menor carga burocrática, sobre todo nos momentos de pico de matrícula nos centros. Pois mire, unha medida máis. Imos poñer en marcha unha aplicación...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...para poder matricular todos os nenos en todas as etapas a través do teléfono móbil.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): En teoría...,

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno despois, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...—perdón, xa remato, señor presidente—...quero dicir que teñen unha cuestión moi complicada con este discurso negacionista ...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...que nada aporta.

Moitas grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Aínda ten outro turno despois. Grazas.

Tiñamos algo de présa, porque ademais quero saudar os alumnos que hoxe visitan o Parlamento. Son os alumnos de quinto e sexto de primaria do centro Valle-Inclán de Vigo. Querían estar aquí no Parlamento e teñen que se ir xa. Entón, benvidos ao Parlamento e tamén as súas profesoras e todos os invitados que están hoxe arriba.

Réplica da señora Fernández Davila.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Ben, non esperaba menos de vostede, señor conselleiro. Cando non se teñen argumentos hai que botar man desas cousas e enlamar, enlamar todo o que se poida. «Fuman puros». ¿Eu dixen que o profesorado fuma puros no seu traballo? Iso acábao de dicir vostede. O que están os docentes e as docentes é aburridos, aburridos e desmotivados pola situación na que están inmersos nos seus centros de traballo, iso si que o están. (Aplausos.) E vostedes o único que fan é tirarse no medio do lameiro e espatusar como as galiñas. Iso fano moi ben vostedes, non o BNG. Miren, Galicia o que precisa son persoas que estean dispostas a traballar pola mellora de todas as galegas e galegos neste país. E para iso si que nos vai atopar ao BNG; non para outras cousas.

Pero deixemos isto e vexamos, por exemplo, algúns titulares de prensa que poñen en evidencia a situación real, non a que vostede reflectiu agora con ese conto que acaba de ler. Por exemplo: «*Piden con 1.524 firmas la tercera unidad infantil en el CEIP San Clemente en Caldas de Reis. La recuperación de la tercera unidad de infantil, suprimida este curso por un error administrativo pese a existir una reserva de plazas más que suficiente, rompe así su compromiso e incumple sus propios criterios*». «*Los centros ordinarios integran ya 47.400 alumnos que necesitan apoyos*». «*Los estudiantes con necesidades específicas educativas, un colectivo que demanda un apoyo mucho más intenso*». «*La poca inclusión real en ESO desborda la lista de espera en los centros de educación especial*». E, unha que me gusta particularmente, é que por fin alguén di disto: «*A los españoles les preocupa más la educación que la defensa, dice el Barómetro*».

Moi ben, pois se partimos de aí, agora podemos ir con algúns datos oficiais. Galiza atópase na cola das comunidades autónomas do Estado con respecto ao aumento do gasto en educación. Mentres Valencia, Navarra e Baleares o incrementaron un 45 por cento entre 2009 e 2023, Galiza tan só aumentou o seu orzamento nun 14 por cento. O aumento do prezo está nun 39 por cento ao IPC xeral, ou a inflación acumulada está ao redor do 35 por cento. Iso si, a partida que máis aumentou foi a débeda pública: triplicouse, mentres non destinaban moitísimos máis recursos aos servizos básicos como o ensino público. Ao Consello Económico e Social preocúpalle que estean reducindo unidades con criterios simplemente cuantitativos, e o que pide é usar outros que non danen os concellos rurais. Hai un descenso do número de centros públicos, sobre todo en infantil e no rural, un 12,2 por cento, fronte ao 6 por cento dos privados. En quince anos as unidades tan só se pecharon nos centros públicos. Dende o 2020, incremento da matrícula nos CRA, nos centros rurais agrupados: 206 matrículas máis que en 2018 e 2019, mentres vostedes, ao mesmo tempo, pechaban catro das súas unidades.

Dous datos no Informe de execución dos orzamentos da Xunta de Galicia 2024: quedaron sen executar 43 millóns de euros, dos que 13 millóns eran para pagar profesorado de secun-



daria e formación profesional. E mentres, ¿que acontecía, señor conselleiro? Pois que os centros non contaban cos recursos docentes suficientes e non se podían cubrir todas as baixas laborais. ¿Por que non usaron eses orzamentos para atender o alumnado? Mentres quedaron sen executar 3 millóns de euros en programas de conciliación, houbo escolas que non tiñan aulas matinais e tardías, por exemplo.

Máis datos. Coa aplicación do famoso plan Mega de fondos europeos, e baixo o paraugas da atención á diversidade, o que fixeron vostedes foi tapar os buratos que tiñan coa falta de profesorado nos centros. Cuestión que foi denunciada por todos os sindicatos, tamén os que asinaron ese acordo. Deixaron de adxudicar oitenta interinidades este curso de especialistas PT e AL e non cubriron trinta prazas de atención preferente que os centros demandaba.

Pero este curso o Partido Popular na Xunta de Galicia, dende logo, luciuse. Tivemos visitas neste Parlamento de ANPA e familiares que viñan ver como se debatían cuestións que defendiamos das comarcas da Coruña, Costa da Morte, Ferrol, A Barbanza, O Salnés, O Condado, Baixo Miño, Val Miñor, Vigo, Lugo, A Mariña, Compostela, incluso da Limia... Viñeron a este Parlamento intentando lograr algunha mellora para moitos casos; que, ao final, vostedes rectificaron —algunhas veces unha semana despois—, pero case sempre o fixeron con docentes compartidos e insuficientes. Cando vostedes rectifican realmente é cando verdadeiramente acertan. (Aplausos.)

Señor conselleiro, vou rematar agora cunha cita que saíu na prensa do que dixeron uns investigadores de educación en EsadeEcPol: «*Para la educación universal lo más importante son su trabajadores, los que hacen posible tener un ejército lo mejor preparado, lo más motivado y lo más recompensado posible, con las expectativas bien altas. Es probablemente la mejor política educativa que uno puede tener*». E, con respecto ao alumnado, dicían: «*Si el maratón es olímpico participan pocos muy preparados y el intervalo de tiempo de llegada es mínimo. Si es popular...*» —o maratón— «*..., entre el primero y el último hay muchísima distancia. ¿Ha bajado el nivel? No; la media baja porque corren más personas*». Iso ocorre coa educación. Señor conselleiro, ¡deixen de es- treitar tanto esa porta!

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da comparecencia, o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señora deputada, vostedes falan dunha mesa de traballo. ¿Cren que son cribles? Porque cando houbo esa mesa de traballo vostedes levantáronse. Á parte, a súa estratexia é sempre a mesma: «*tengo la mano tendida, pero primero hay que hacer lo que yo diga, o, si no, no hay mano tendida*». Vémolo practicamente en todas as propostas de negociación que lanza o BNG: «*si; eu quero negociar e quero chegar a un acordo, pero primeiro hai que facer isto*». Vémolo, por exemplo, no decreto do plurilingüismo que vostedes queren derrogar, e nisto tamén pasa



exactamente o mesmo: «non; nós, se non facemos isto, non sentamos». A verdade, é sempre o mesmo.

Señora deputada, se está todo tan mal, se levamos tantos anos maltratando, se levamos tantos anos facendo as cousas de xeito tan pésimo, se o profesorado está tan desmotivado, tan abandonado e tan vilipendiado, ¿como é posible que, por exemplo, hoxe haxa unha xornada dun club de lectura practicamente con quiñentas persoas desmotivadas ou que mañá haxa un congreso de formación do profesorado aproximadamente con outras quiñentas persoas tamén desmotivadas? (*Aplausos.*) Esta é a forma que ten vostede de intentar tapar unha realidade absolutamente obxectiva. ¿Como é posible que en dez anos, nos que estes señores fixeron todo tan mal, sen embargo os resultados educativos subisen tanto? Iso é simplemente o resultado final. «Non, é que, como non hai moito gasto... As cousas van mal porque non hai moito gasto». ¡E dído tan tranquila! Vostede mide o éxito ou a capacidade ou a eficacia ou a eficiencia dunha política pública con base no gasto dun dato illado. Iso, señorías, non é manipulación, non... Iso non é manipulación.

Vostede debería saber, por exemplo —que llo dixen antes—, que en Galicia o gasto por alumno é de máis de mil euros respecto á media. Pero aquí somos moi malos... Ou vostede debería saber de onde parten as bases para poder facer comparacións ou para poder dicir se, efectivamente, este ano medra máis aquí ou medra máis alá tamén a base de partida... Pero é que, ademais, na filosofía política un maior gasto non implica facer as cousas ben. Vostedes no Bipartito son un exemplo precioso, ¡un exemplo fantástico! Máis gasto non é facer as cousas mellor. É un indicador tremendamente simplista para medir a calidade dunha política pública. Porque, por exemplo, vostedes falan do peche de unidades; no bipartito, cunha moito menor crise demográfica —comparativamente, sen ningunha situación demográfica tan complexa como a de hoxe e cunha situación financeira boísima porque vostedes tiñan moito diñeiro—, pecharon cen unidades. Sen embargo, agora o que temos é un acordo que posibilita salvar —¡literalmente salvar!— do peche máis de novecentas unidades; tendo en conta os datos dun Goberno de esquerdas que aprobou unha lei onde non modificaron a *ratio*.

E fala do barómetro. Mire, eu estou realmente orgulloso dunha cuestión: para os galegos —e vémolos nas enquisas— a educación non se percibe como un problema. Isto é moi positivo, sobre todo se o comparamos con outras comunidades autónomas ou con outros momentos. Quizais o máis importante é que a educación sexa o que ten que ser: unha plataforma para formar e educar os galegos de hoxe para que no día de mañá os galegos de mañá teñan máis oportunidades, con independencia de que se gaste máis ou menos —¡que gastamos máis que a media española!—. Pero a vostede preocúpalle que nós gastemos menos... É unha cuestión francamente curiosa.

E claro, ao final podemos ir e facer comparacións. Vostedes din en moitas ocasións que o orzamento do ano 2009 era o mellor orzamento que houbo nunca ao longo da historia da comunidade autónoma, e veñen dicindo en moitas ocasións que, se fixésemos unha comparación en termos nominais, no ano 2009 habería máis orzamento que hoxe. Non ten moito sentido, pero deámoslle veracidade a esa simpleza que vostedes plantexan. Se tiñan no ano 2009 máis orzamento que hoxe, ¿como é posible —cando falan vostedes de atención á diversidade— que hoxe teñamos practicamente cinco mil profesionais en atención á diversi-



dade e vostedes, con máis orzamento, tiñan 2.700? ¿Onde está a preocupación real pola atención ao alumnado con discapacidade? Xa digo, nos termos nominais que a vostedes lles gusta utilizar tanto.

Como xa dicía, vostedes están nunha postura absolutamente negacionista. Vostedes están negando; están dicindo o que máis lles gusta dicir: «non». O BNG di «non» ao cuestionar un acordo que posibilita salvar practicamente novecentas unidades en tres anos; di «non» a unha mellora real da atención do alumnado con necesidades educativas especiais única en España. Ninguén o fixo en España e estámolo facendo nós con moitos problemas, con moitas complexidades, cun enorme gasto de recursos; ninguén o fixo en España. Se o comparamos co que facían vostedes no ano 2009 en termos nominais —como lles gusta facer—. O BNG tamén di «non» cando se fala da redución progresiva da *ratio*, porque vostedes dixeron «si» á estabilización da *ratio* en 25 e «non» a unha redución progresiva en 20. Vostedes tamén din «non» ao ensino rural. ¡Éncheselles a boca ao falar de ensino rural e non hai un dato que avale esa cuestión pola súa parte! E, por suposto...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...vostedes tamén din «non» á mellora das condicións salariais e á carreira profesional do profesorado. Por suposto, prefiren unha medida lineal para todos, «café para todos». Se un profesor se preocupa por formarse ou por ocupar cargos directivos, ten que ter un recoñecemento, para fomentar e estimular precisamente aquelas persoas que máis se forman ou que máis desenvolvemento teñen.

A verdade é que cando vostedes gobernan tamén se lles ven as costuras. Eu podería dicir aquí casos onde os concellos do BNG e do PSOE fan un incumprimento constante dos mandatos que teñen polo marco lexislativo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...e incluso abandonan as familias nalgún servizo. En realidade, falar de «estafa» —como se fala con tanta frivolidade— ou falar de «timo» e pensar que os galegos se deixan estafar ou se deixan timar...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...é ter en moi pouca estima os galegos, como vostedes fan.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, presidente. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Imos continuar coas preguntas ao Goberno.

Estamos tratando de ver se podemos arreglar un pouco a temperatura ambiente, porque seica vai frío... (*Murmurios.*) Home, pode ser que si que vaia frío, porque ata se conxelou a imaxe do conselleiro de Educación. (*Risos.*) ¡Quedou aí conxelada! Debe ser do frío tamén, non sei. Bueno, estámolo intentando, pero non é un asunto fácil, xa saben.

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o tempo de presenza do presidente da Xunta de Galicia no Centro de Coordinación Operativa da Estrada (Cecopi) nas xornadas da caída xeral do sistema eléctrico do 28 e 29 de abril

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Paloma Castro, do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora CASTRO REY: Agradecémolo, señor presidente. Grazas.

Bo día, conselleiro.

O pasado 28 de abril sucedeu na península ibérica e no sur de Francia algo excepcional e inimaxinable: unha baixada total na subministración eléctrica ata acadar a cota cero. Foi un incidente excepcional cuxas causas aínda están por determinar xa que, como vostede sabe, estamos a falar do sistema eléctrico, un sistema moi complexo: o sistema síncrono interconectado de maior tamaño do mundo, con elementos que están a mover enerxía de forma instantánea, xirando á mesma frecuencia en Riga, Istambul ou Sevilla. Se insisto nisto é porque calquera que coñeza minimamente esta complexidade non se atrevería a exixir unha resposta sinxela e inmediata, salvo que fose dunha ignorancia integral ou que fose secundario coñecer a resposta e a intención fose facer dano.

Pois ben, este incidente foi ás doce e media, constituíuse inmediatamente o Consello de Ministros —seis veces neses tres días— e a señora Aagesen desprazouse a Red Eléctrica coa prioridade de restablecer a subministración. O Goberno constituíu tamén o Consello de Seguridade Nacional e o Cecod, onde estivo a señora Aagesen toda a noite ata a mañá seguinte, cando se restableceu o cen por cento da electricidade; por certo, en contacto permanente coas comunidades autónomas. As comunidades autónomas, por certo, estableceron un nivel 2 de emerxencia, o que as mantiña ao mando dos seus territorios.

Todo con aparente normalidade, ata que chegou Feijóo e a súa estratexia destrutiva —que leva nome feminino, por certo—. Levantou o teléfono e deu conta aos presidentes autonómicos do PP para que solicitasen o nivel 3 de emerxencia e delegasen así as competencias no Estado. Chegados a este punto, eu dubido se Feijóo non o faría porque non confía nas competencias dos seus presidentes autonómicos —cousa que non é de estrañar, despois da xestión de Mazón da dina— ou porque veu aquí unha oportunidade para derivar isto nun problema maior e así poder volver insistir nas súas dúas únicas solucións ante calquera movemento do Goberno de Pedro Sánchez: pedir dimisións e pedir convocatoria de eleccións. Pois, como a resposta foi máis rápida do esperado, non puido ser así.



¿E que pasou en Galicia? O presidente Rueda, tras o Consello da Xunta —e corríxame se me equivoco—, activou ese Plan de emerxencias no nivel 2; desprazáronse el e vostede á Axencia Galega de Seguridade Pública da Estrada e estiveron alí ata as 21.30, cando se activou en Galicia o nivel 3 de emerxencia e delegaron vostedes todo no Goberno de España —dígoos de forma literal, porque vostedes marcharon de alí e deixaron ao mando o delegado do Goberno—. O día seguinte, co 97 por cento restablecido, compareceu Rueda e agradeceu o traballo e coordinación á Delegación do Goberno: recoñecemento á UME, ao persoal da Administración central e autonómica e aos técnicos da súa consellería. Pero dous días despois chegou novamente Feijóo a Galicia a enfangar: usou o Centro de Emerxencias da Estrada —por certo, un organismo público— para facer un acto de partido criticando que se declarase a emerxencia nacional e que se dese a competencia ao Goberno de España. (*A señora Castro Rey amosa unha fotografía.*) Estas son unhas declaracións carentes de todo sentido e demóstrao máis unha imaxe coa cara de Rueda de perplexidade, de «¿onde me meto eu agora ante este despropósito?». As declaracións do seu líder criticando a xestión do Goberno de España non tiveron sentido, e quería saber se vostede comparte esta crítica ou, se non...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CASTRO REY: ...e, polo tanto, cando abandonaron vostedes... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo Pouso.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): (*Murmurios.*) (*O señor Calvo Pouso queda en silencio.*) Estou pensando ben o que vou dicir.

Moitas grazas, presidente.

Señora Castro, vostede sabe que lle teño aprecio persoal, pero hai veces que o pon moi difícil. Tiven que ler as preguntas varias veces e tiven que pensar realmente se se atrevería a facer esta pregunta vostede aquí en sede parlamentaria. ¡É increíble!

En Galicia, igual que no resto da península ibérica, sabe que o pasado 28 de abril houbo un apagamento insólito na historia recente, nunca pasara isto. Por certo, tardamos case vinte e catro horas en recuperar a subministración en Galicia... E vostede na primeira iniciativa que trae sobre esta cuestión a este Parlamento non vén preguntar —porque non lle interesa— polos danos persoais sufridos durante o apagamento. Non vén preguntar polos centos de incidencias rexistradas nin vén preguntar sobre os miles de chamadas que recibimos no 112. Tampouco vén preguntar sobre as dificultades que tiña a xente que traballaba nos hospitais, nos centros de día ou en calquera tipo de asociación que estaba prestando servizo a moitos galegos e galegas. ¡Todo iso a vostede dálle igual! Non lle importa en absoluto. Tampouco vén preguntar sobre os prexuízos que se causaron a determinadas empresas. Por certo, esta semana saíu Alcoa dicindo que se causaran unhas perdas significativas durante o apagamento, pero a vostedes iso dálles exactamente igual. Por certo, Alcoa di que igual non cumpre co que tiña prometido; o Goberno aí cala e o Partido Socialista asente e aplaude. Nin



sequera vén falar sobre o colapso nas telecomunicacións que houbo, ¡porque foi importante en toda España! A vostede iso... «Claro, pasou un mes, pero é que isto é difícil e preguntar ao día seguinte non é razoable...» Tampouco vén preguntar se o Platerga funcionou ou non funcionou en Galicia, nin tampouco vén salienta o bo traballo que se fixo durante todas estas horas; ¡todo o mundo, señoría!

Sorpréndeme que nin sequera veña falar tampouco de que, unha vez pasado todo este apagamento, a Xunta faga unha visión introspectiva e vexa que cousas fallaron e que cousas hai que mellorar. E, de feito, no seguinte consello da Xunta de Galicia puxemos enriba da mesa unha serie de recomendacións propias e cambios que temos que asumir e que tamén ten que asumir o Goberno do Estado. Pero a vostede todo iso dálle exactamente igual; non perdeu nin medio minuto. Non lles importa, porque non presentan ningunha iniciativa. A vostede o único que lle interesa é enganar. Non sei cales son as referencias que ten, señora Castro, pero pódelle preguntar ao delegado do Goberno, pódelle preguntar ao comisario xefe da Policía Nacional, pódelle preguntar ao xeneral xefe da Garda Civil e pódelle preguntar aos representantes da UME. ¿Cal foi o comportamento e cal foi a actitude e cal foi a colaboración da Xunta de Galicia en todo momento, cando estabamos en nivel 2 e cando estabamos en nivel 3? A vostede iso dálle exactamente igual.

Permítame que llo diga dende o aprecio, señora Castro...:

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...veu vostede aquí facer un ridículo espantoso. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, ten outro turno despois.

Para a réplica, a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Señor conselleiro, eu, a verdade, alégrome de que vostede ratifique as verbas do señor Rueda sobre esa perfecta coordinación que existiu tanto cos técnicos da súa consellería e co persoal da Xunta e tamén como co persoal da Delegación de Goberno, co delegado do Goberno e coa UME. A ese punto era ao que eu quería chegar hoxe: se vostedes deixaron ao mando o Goberno de España —que estivo no control da situación no Cecopi toda a noite— é porque vostedes tiñan plena confianza na súa capacidade de xestión. Non creo que o presidente da Xunta de Galicia e vostede, conselleiro de Emerxencias, deixen os galegos a velas vir ou en mans de alguén que consideren inoperante... *(Aplausos.)* Pois ben, partindo disto, non ten sentido ningún que dous días despois permitan que Feijóo veña a Galicia para desautorizalos e criticar publicamente a xestión do Goberno de España, porque é como transmitirlle á cidadanía galega que deixaron ao cargo da xestión alguén en quen non confiaban, e iso non sería responsable para uns membros dun Goberno. Non sería responsable para quen ten que dar a cara fronte a todos os cidadáns que depositaron neles a confianza.

Intentar tombar o Goberno de España —que foi o que fixo Feijóo aquí días despois co incidente do apagamento —¡iso si que foi un ridículo espantoso!—. *(A señora Castro Rey mostra*



unha fotografía.) Volvo ensinarlle a cara de Rueda mentres Feijóo falaba; unha imaxe vale máis que mil palabras. (Aplausos.)

Iso denota ademais unha ignorancia absoluta. Porque se a Comisión Europea está a dar un prazo de seis meses aos técnicos independentes da Unión Europea para que emitan un informe sobre as causas deste apagamento, é imposible exixir as causas ao día seguinte de forma sinxela. Estamos a falar dunha inmensa coreografía de millóns de integrantes que varían nos diferentes puntos de toda a xeografía europea.

Señor conselleiro, eu o que lle quero pedir dende aquí é que deixen de secundar esa política destrutiva do fango que fan os seus homólogos en Madrid e entren vostedes na senda da colaboración institucional e da coordinación, porque, xa sexa nunha situación excepcional como a que vivimos ou na xestión ordinaria, as cousas irían moito mellor e gañaríamos todos os galegos. Pídlle tamén que non insistan vostedes e abandonen esa postura inxustificable de non...

O señor PRESIDENTE: Terminou o tempo. Grazas.

(A señora Castro Rey pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Para o peche da pregunta, o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidente.

Mire, a verdade é que houbo un apagamento, pasou case un mes e ninguén ten ningunha claridade acerca do que pasou. A vostedes dálles igual, porque son especialistas en intentar sempre poñer unha cortina de fume. Como non lles interesa falar dos Whatsapp, falemos doutra cousa. Dá igual se a Eurovisión foi Israel, se nisto houbo un ciberataque ou se non sei que... Sempre teñen unha desculpa. Durante todo o tempo que durou este apagamento estivemos traballando constantemente no Cecopi; todos perfectamente coordinados, señoría. Iso é o que lle tiña que preocupar. Por certo, o ministro chamou ao día seguinte, cando se levantou o nivel 3, o presidente da Xunta para agradecerlle a coordinación que houbo. Para que o saiba. Pero iso é aquí en Galicia.

¿E di vostede que por que subimos ao nivel 3? Por un motivo, señoría. Primeiro, porque o Cenem desde Madrid enviou un correo electrónico e dábanos de prazo quince minutos para decidir se subiamos ao nivel 3 ou non. ¿Onde se viu iso? ¿Pero que maneira de xestionar é esa? Teña en conta que isto xa era ás nove da noite, pero sabe vostede que nos dixeron que sobre as seis da tarde estaba todo recuperado; non era certo. A esa hora as comunicacións de toda España tamén caeron. É dicir, estabamos a escuras e calquera galego que intentase chamar o 112 non podía.

Polo tanto, había unha emerxencia que era nacional —porque afectaba a todo o territorio nacional, señoría; afectaba a todo, non afectaba só a Galicia—. Había loxicamente unhas competencias que nós non temos: non podemos actuar nas telecomunicacións, pois non



temos competencia. Nin nós nin outras comunidades autónomas, señoría, pero vostede iso parece que non o entende —non o entende—. Pois esa situación é a que leva a que, nese período de tempo de graza do Ministerio de quince minutos, adoptásemos —de acordo tamén co delegado do Goberno— que entón pasabamos ao nivel 3 —como, por certo, facían outras comunidades, pero dábanos igual—. Pero entenderá vostede que isto era unha emerxencia nacional. ¿Ou era só de Galicia? ¿Pero como ten vostede a cara de vir aquí e poñerse a cuestionar determinadas cousas? *(Aplausos.)* ¡Debía caerlle a cara de vergonza, señoría! ¡A cara de vergonza tíñalle que caer por facer este tipo de intervencións!

Iso si, cando volvamos recuperar a normalidade é o tempo entón de pedir explicacións, pero non durante a emerxencia. Durante a emerxencia hai que traballar cóbado con cóbado, unha administración e máis a outra, intentando solucionar os problemas que pode ter a xente e intentando solucionar os problemas dos hospitais, dos centros de día e das residencias. Agora si, cando pase a emerxencia, claro que pedimos explicacións do que pasou. ¿Parécelle que esa non é unha forma institucional de traballar? Pois eu creo que é a verdadeira maneira de como hai que facer as cousas, e non intentar facer política como, por certo, intentou dende o Partido Socialista algún empregado da Fegamp, e que despois o propio presidente da Fegamp pediume desculpas por esa nota de prensa que enviaron fóra de tempo e desacreditada. ¡A iso é ao que se dedicou o Partido Socialista! —ou polo menos algún dos integrantes do Partido Socialista—. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Nada máis e moitas grazas.

Pregunta de dona Lara Méndez López e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a disposición da conselleira de Política Social e Igualdade a atender as peticións do alcalde de Foz relativas á xestión da residencia e centro de día desta localidade

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Lara Méndez, do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora LARA MÉNDEZ: Grazas, presidente.

Moi bos días, señorías.

Conselleira, nestes últimos seis meses tivo oportunidade de recibir, visitar e comprometer axudas, ata de conmemorar un vixésimo aniversario. Pero, iso si, fíxoo co alcalde de Mañón, co alcalde de Arbo, co alcalde de Valga, co alcalde de Muíños, de Lobios, de Sanxenxo, do Páramo, da Pastoriza, da Guarda, de Padrenda —ou sexa, o alcalde de Vedra—, e incluso algún alcalde como o da Veiga, señora conselleira, que en menos de seis meses recibíuno en dúas ocasións. E todo isto ten un denominador común: todos son alcaldes do PP. Porque, en vez de cubrir as necesidades e atender a veciñanza, o que fan é un uso groseiramente partidista cos seus, e de vez en cando meten algún alcalde do PSdeG ou do BNG para dicir que son imparciais.

O que teñen que facer os alcaldes socialistas é plantarse na Consellería de Política Social, como fixo o de Cambados ou como fixo o alcalde de Foz —a quen lle dou a benvida neste



momento, xunto coas súas concelleiras de Política Social e Economía— ou ir a algún concello veciño para pedirlle simplemente que os reciba, señora conselleira; que o reciba e que os escoite, porque o que lle están pedindo e demandando son necesidades para os seus veciños e veciñas. A pregunta é sinxela: ¿por que non os recibe? ¿Por que non cumpre co que teñen asignado nun convenio do 19 de xaneiro do ano 2023: a transmisión do inmovible da residencia e o seu equipamento? Máis aló dun compromiso verbal que hai agora mesmo, a realidade é que hai dous anos que asinaron ese convenio e nada fixeron, señora conselleira. Son unha infraestrutura e un servizo que lle custa, xunto con outros de políticas sociais, da orde de 700.000 euros ao ano. O que lle pedimos é que atenda as súas necesidades, que lles alivie esas contas e que, ademais, se comprometa tamén, señora conselleira, a concertar prazas nesa residencia.

Á parte, este é un modelo de xestión herdado do Partido Popular, que incluso cando tiveron ocasión de corrixilo cando vencía no ano 2023, non o fixeron. É un modelo herdado do señor Castiñeira, no ano 2017, que asinaba coa Xunta de Galicia. Polo tanto, señora conselleira, non me responda a min, respóndalle ao alcalde de Foz...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ...por que non o quere recibir. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidente.

Señora Méndez, bos días.

O Goberno galego traballa man a man e faino sempre da man dos concellos. Buscamos todos os camiños posibles para mellorar a atención e para mellorar tamén os recursos de atención a todas as persoas maiores. Facémolo así porque temos un único fin, un fin común: darlles sempre a mellor atención e a mellor calidade de vida a todas as persoas maiores, dándolles todos eses coidados que necesitan para que poidan desfrutar desta nova etapa das súas vidas e poidan facelo onde eles elixan, pero sobre todo achegando cada vez máis servizos a todos os recunchos de Galicia. Por certo, quérolles agradecer aos concellos hoxe —a todos eles— a súa permanente colaboración e implicación no coidado das persoas maiores.

Sobre o caso concreto da residencia de Foz, eu quero lembrar que é un centro que foi posto en marcha no seu día grazas ao esforzo, como vostede ben dixo, do anterior Goberno local e da Xunta de Galicia. O centro é de xestión municipal porque así o decidiu no seu día o Concello e fíxoo por unha razón moi concreta: para darlles servizo e para darlles atención a todos os veciños do concello de Foz. Porque, se o centro fose de xestión autonómica, entraríase en todas esas prazas por lista pública e non terían prioridade os veciños dese concello de Foz. Ademais, é un centro que nuns dous meses será integramente propiedade municipal, tal e



como se acordou nese convenio e se ratificou nunha reunión co Consorcio dende hai uns días.

Polo tanto, eu lémbrolle que hai en toda Galicia moitísimas residencias de titularidade e de xestión municipal por precisamente non ser unha competencia exclusivamente autonómica. Mire, eu doulle exemplos de residencias municipais —tamén na súa provincia de Lugo—: en Cervo, en Ribadeo, en Paradela, en Carballedo... Todas funcionan sen ningún tipo de problema e sen ningún tipo de conflito coa Xunta de Galicia, como pretende sempre exteriorizar e teatralizar o aquí presente alcalde de Foz.

Polo tanto, asegúrolle, señora deputada, que non hai nin haberá nunca ningún tipo de trato desigual nin co Concello de Foz nin con ningún outro.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a señora Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Mire, señora conselleira, que fale de «teatralidade» a un alcalde que o único que fai é defender os intereses dos seus veciños e as súas veciñas xa deixa moito que desexar... *(Aplausos.)* Ao mellor ao alcalde anterior, do Partido Popular, o señor Castiñeira, non lle protestaba. ¿E sabe por que? Como dixemos moitas veces aquí nesta Cámara, porque posiblemente estivese recibindo fondos por outra vía, como subvencións para saneamentos, obras e outras necesidades, e así podía dedicarlle eses cartos que non lle dedicaba ás outras cuestións —porque llas financiaba a Xunta de Galicia pola porta de atrás— para dedicarllos á residencia. *(Murmurios.)* Ao mellor ese é o seu modelo, pero o que defendemos nós é outro.

Mire, señor alcalde —e diríxome a vostede—, non sei se a conselleira o vai recibir. Síntoo moito, non lle podo dar esa resposta. Polo menos valeu a pena, porque polo menos o conselleiro de Sanidade e a conselleira de Vivenda si que o recibiron. Non sei por que a conselleira de Política Social se nega a recibilo constantemente, unha e outra vez.

Señora conselleira, vostede non se debe nin ao señor Rueda nin ao Partido Popular; débese aos galegos e ás galegas. *(Aplausos.)* E os galegos e as galegas están representados polos seus alcaldes e alcaldesas. Aquí hai un alcalde que quere simplemente falar con vostede. É máis, voulle tender eu a man tamén, señora conselleira: díxome o alcalde antes de entrar que non lle importaba esperar, con tal de que o recibise cinco minutos. *(Murmurios.)* ¿Ten cinco minutos antes de saír de aquí, deste Parlamento, para poder sentar a falar co alcalde de Foz, que xa está aquí? ¿Pode falar con el para que lle traslade os problemas? Porque o que lle preocupa, señora conselleira, ao alcalde de Foz non é outra cousa que, por unha banda, aliviar as arcas municipais, e, por outra, mellorar un servizo e que non haxa un trato discriminatorio dos veciños e veciñas de Foz co resto dos veciños e veciñas dos outros concellos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.



A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ¡Cinco minutos, conselleira!...

O señor PRESIDENTE: Grazas... *(A señora Méndez López pronuncia palabras que non se perciben.)*

Para o peche da pregunta, a conselleira de Política Social e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidente.

Señora Méndez, non me sorprende absolutamente nada que o alcalde de Foz estea hoxe presente neste Parlamento de Galicia. Non me sorprende porque ao alcalde de Foz o que realmente lle gustan son as fotos. *(Murmurios.)* Mire, como está hoxe aquí, no Parlamento de Galicia, plantouse un día no meu despacho —eu nin estaba— e fixo un *selfie*. A continuación... *(A señora Méndez López pronuncia palabras que non se perciben.)* Eu non a interrompín, señora deputada. Hai que escoitar tamén con respecto. *(A señora Méndez López pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, señora Méndez. Vostede xa formulou a pregunta; agora está respondendo a conselleira.

Cando queira, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): A continuación, fun eu ao concello de Ribadeo a visitar o asilo e cortoume o paso para querer falar e para facer a foto e entregarme uns papeis, e hoxe aparece aquí, no Parlamento de Galicia. Ao alcalde de Foz non lle importa a residencia de maiores; impórtanlle as fotos. *(Aplausos.)* ¡Claro que lle importan! E coas fotos pretende agochar, pretende esconder, a súa mala xestión e vendérllelo así aos seus veciños, pero o que pasa é que os veciños de Foz xa non llo cren. Impórtalle tanto a residencia de Foz que lle deu as competencias ao Bloque, e os do BNG saíron fuxindo e dixeron que non as querían. Iso é o que lle importa ao alcalde de Foz a residencia de maiores.

Dende a Xunta de Galicia nós si que imos tomar sempre en serio a atención e o coidado ás persoas maiores. Imos seguir incrementando cada vez máis as prazas públicas en residencia. Temos o triplo que cando vostedes gobernaron co Goberno bipartito, chegando ás 16.700, e imos continuar concedendo máis bonos de coidado no fogar de 5.000 euros ao ano e estendendo a rede de casas do maior por toda a xeografía galega.

Mire, señora deputada, como ben sabe, o presidente da Xunta de Galicia, o presidente Rueda, vén de anunciar vinte e catro novos centros residenciais —o maior plan de residencias de Galicia— e a creación de mil oitocentas novas prazas residenciais na nosa comunidade.

E vostede tanto di que non se recibe o aquí presente alcalde de Foz, pero foi recibido en moitas ocasións pola Consellería de Política Social; foi recibido polo xerente do Consorcio Galego de Servizos Sociais, porque é con quen se firmou o convenio co Concello de Foz para, precisamente, facer esa xestión da residencia. Eu voulle dar as datas —e pódeo corroborar tamén



o aquí presente alcalde—: foi recibido en novembro do ano 2024 e recentemente tamén o 8 de maio. Precisamente froito dese diálogo, vaise transferir a propiedade do inmovible ao Concello de Foz, como así se solicitou. Polo tanto, a residencia é de xestión municipal, porque así o decidiu no seu día o Concello para darlles servizo e para darlles a atención a todos os veciños de Foz.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Ramón Tomás Fernández Alfonzo e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as demandas do persoal da residencia de maiores de Caranza, en Ferrol

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Fernández Alfonzo, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Bo día, señora conselleira de Servizos Sociais e de Igualdade.

Hoxe, 21 de maio, é obrigado comezar esta pregunta facendo constar que as traballadoras das residencias privadas de maiores van pola cuarta xornada de folga sen que vostede as recibise, en contra dun acordo unánime deste Parlamento que votou a favor de que se producese esa reunión. (*Aplausos.*) Son mulleres, na súa inmensa maioría, que reivindicán salarios e condicións de traballo dignas. Esta é unha reivindicación que cae dentro das súas competencias como conselleira de Igualdade, e na súa competencia como conselleira de Servizos Sociais aínda máis, tendo en conta que traballan prestando un servizo nas residencias de maiores. Moitas persoas preguntámonos que clase de conselleira é vostede, que clase de representante democrática é vostede, que despreza dun xeito tan ostentoso reunirse coas traballadoras e mediar nun conflito que é da súa competencia. A resposta aparece cada vez con máis claridade: é vostede esa clase de conselleira e esa clase de gobernante que antepón os intereses económicos das grandes empresas aos lexítimos intereses das traballadoras.

Vou agora á problemática da residencia de Caranza, unha residencia pública de xestión directa na que hai multitude de problemas —moitos deles comúns a outras residencias—, derivados, por unha banda, do mal estado dunhas infraestruturas antigas que nunca foron sometidas a unha reforma en profundidade, e, por outra banda, da falta de persoal e da mala xestión do persoal. Non o di o BNG, dío a enquisa sobre riscos psicosociais que se realizou nese centro de traballo e que deixa patente a sobrecarga de traballo, a falta de comunicación, a mala organización, os cambios arbitrarios nas funcións do persoal e a falta de apoio por parte da dirección. Isto ten como consecuencia un ambiente de traballo con riscos moi elevados para a saúde do persoal —é dicir, un ambiente laboral tóxico—, que provoca un número elevado de baixas que non se cobren ou que á súa vez redundan nunha maior carga de traballo para as demais traballadoras.

Estes problemas, como digo, seguramente son comúns a outros centros de traballo, mais, contra toda lóxica e prognóstico, a dirección da residencia de Caranza optou por apagar o



lume con gasolina: ante as queixas do persoal e a contestación social provocadas por este ambiente tóxico, a dirección do centro decide abrir expedientes disciplinarios a *diestro e siniestro*. Hai ata vinte e un expedientes abertos na residencia de Caranza entre os anos 2024 e o que vai de 2025, e estes vinte e un expedientes disciplinarios ocorren nun ano e pico nun cadro de persoal de cento vinte persoas. Moitos deles abrironos a traballadoras con trinta anos de experiencia e follas de servizo intachábeis —dos cales doce foron case simultáneos, despois dunha concentración convocada polo comité de empresa—.

Ante esta situación insostíbel, a pregunta que lle trasladamos tamén é obrigada: ¿como pode ser que vostede e a súa consellería toleren e alimenten unha xestión disfuncional e tóxica na residencia de Caranza? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Política Social e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidente.

Señor Fernández, eu penso que está fóra de toda dúbida o apoio da Xunta de Galicia aos maiores: levamos moitos anos demostrando e garantindo a correcta prestación dos servizos nos centros residenciais, que son sempre obxecto de controis pola Inspección da Xunta de Galicia, sexan da titularidade que sexan.

En canto á residencia pública de maiores de Caranza pola que vostede pregunta, cumpre a *ratio* de persoal. De feito, na última RPT creáronse dez novos postos e dous reconvertéronse a xornada completa, o que permitiu reforzar o servizo prestado e mellorar a atención aos usuarios deste centro residencial; tamén se dá cobertura a todas as necesidades de persoal que se presentan no día a día.

Pero somos coñecedores de que o clima laboral nese centro residencial non é o axeitado. Por iso, dende a Xunta de Galicia levamos a cabo reunións periódicas co comité de empresa e realizamos tamén un estudo de riscos psicosociais que derivou nese plan de acción que estamos poñendo en marcha, con medidas concretas, e que imos ir implantando progresivamente. Tamén estamos recollendo as suxestións de todos os traballadores —como vostede pode comprobar—, e adquirimos cos representantes dos traballadores o compromiso de colaborar e de facelo, por suposto, de xeito conxunto para reconducir esta situación, que penso que é o desexo de todos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, o señor Fernández Alfonso.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Señora conselleira, é vostede a máxima responsábel dun modelo de residencias de maiores que fai augas, totalmente orientado a engordar os bene-



ficios das grandes empresas transnacionais que hoxe controlan o sector na Galiza e baseado na precariedade e no desprezo de miles de mulleres que realizan o traballo. Temos menos da metade das prazas recomendadas e un déficit flagrante de prazas públicas, que, ademais, están situadas en edificios vellos e sen reformar. Ao mesmo tempo, a súa consellería tarda o dobre do que marca a lei en emitir as declaracións ou as revisións do grao de dependencia, o que provoca que haxa persoas nas residencias cun grao de dependencia maior ao recoñecido. E temos un persoal absolutamente sobrecargado, literalmente queimado. Insisto, isto non o di o BNG, dío a avaliación de riscos da que vostede fala. A posición da súa consellería é: que se apañen, e, se a xente protesta, ¡leña con ela!

O que acontece na residencia de Caranza non ten nome. Repítollo: vinte e un expedientes disciplinarios entre 210 persoas, mentres no resto da provincia da Coruña e no mesmo período hai tres expedientes entre 2.000 persoas que traballan nos centros da súa competencia. A vostedes isto na Consellería debía parecerlles normal, porque teño que lembrar que os expedientes son comunicados polos seus altos cargos, o que é a todas luces unha persecución ao persoal que protesta. Os expedientes son represalias evidentes para calquera, cunha proporción absolutamente desmedida, e pasaron pola dirección da súa consellería con toda normalidade. ¿Como cre vostede que se senten esas persoas sobrecargadas de traballo e queimadas cando reciben a comunicación por parte da súa consellería de que se lles abre expediente disciplinario e cando ven que pode estar en risco o seu posto de traballo?, ¿e cando ven que pasa o tempo e que aumenta o número de expedientes entre as compañeiras?, ¿e cando ven que a persecución conta cos parabéns da Consellería? ¿Que efectos cre vostede que provoca isto na saúde das traballadoras? Pois é vostede a responsábel.

Señora conselleira, débelle vostede, en primeiro lugar, unhas desculpas; en segundo lugar, a retirada inmediata deses expedientes, e, en terceiro lugar, o cesamento da directora que provocou esta situación. Colóquese, polo menos unha vez, do lado das que coidan. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, a conselleira de Política Social e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidente.

Señor Fernández, como xa lle indiquei, garantir o benestar e garantir a correctísima atención aos maiores é prioritario e primordial para a Xunta de Galicia. Por iso, cada ano, para logralo, reforzamos o orzamento destinado ás persoas maiores, que neste mesmo ano 2025 é de 728 millóns de euros, que, por certo, poderían ser 900, se o Goberno de España cumprise co disposto na Lei de dependencia. Díganllo tamén vostedes —xa que a min mo preguntan moito— aos seus socios de goberno e ao presidente Pedro Sánchez, para que cumpra con Galicia, porque nos acabamos de enterar e acabamos de coñecer onte mesmo unha acta dunha comisión bilateral entre o Goberno de España e o Goberno do País Vasco onde a ministra de Facenda, a señora Montero, se compromete a financiarlle o 50 por cento do custo da dependencia. Díganllo tamén, señores do BNG, ao seu socio de goberno, o Partido Socialista, e ao presidente Pedro Sánchez. *(Aplausos.)*



Da rede pública autonómica forman parte moitas residencias; tamén, por suposto, esa residencia pública autonómica de Caranza, en Ferrol, unha residencia que cumpre sobradamente coa *ratio* de persoal, que dispón, ademais, do equipamento axeitado ás necesidades dos usuarios e que, por certo, fomos mellorando e fomos actualizando —sábeo moi ben vostede, que asente— nos últimos anos cun millón e medio de euros. Tamén estamos mediando —como xa lle dixen— a nivel laboral para acadar o maior consenso posible.

Polo tanto, trátase dunha residencia pública que funciona, que leva moitos anos prestando un servizo fundamental a todas as persoas maiores —tamén do concello de Ferrol—, e a Xunta de Galicia e os traballadores eu penso que temos todos un mesmo obxectivo: garantir o benestar e garantir sempre a correcta atención a todos os usuarios.

Pola nosa banda, señoría, xa lle digo que dende a Xunta de Galicia imos facer todo o posible e imos seguir traballando da man dos traballadores do centro residencial para blindar a correcta atención de todos os usuarios e, polo tanto, para garantir que esa residencia de maiores de Caranza funcione sempre de xeito impecable.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Faremos un receso dun minuto.

Suspéndese a sesión á unha e vinte e oito minutos da tarde e retómase á unha e vinte e nove minutos.

(Pausa.)

O señor PRESIDENTE: Ben, retomamos...

Grazas. *(O señor presidente pide silencio.)*

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Procedemos ao debate acumulado de dúas preguntas, unha do Grupo Parlamentario Popular e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ambas as dúas son sobre o conflito que afecta a cooperativa de Vivendas en alugueiro social de Xuxán, na Coruña.

Pregunta de D. Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o conflito que afecta a cooperativa de vivendas en alugueiro social de Xuxán, na Coruña

Pregunta de D^a Alexandra Fernández Gómez, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir que as parcelas do Parque Ofimático da Coruña adxudicadas a Galivivienda sexan realmente vivendas de alugueiro social

O señor PRESIDENTE: Comeza formulando a pregunta o señor Rodríguez Martínez.



O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Bo día a todos.

Un saúdo moi especial para os cooperativistas afectados pola situación que hoxe traemos a este pleno.

Conselleira, a vivenda é a principal preocupación da cidadanía, tamén na Coruña, onde o prezo do alugueiro é o máis caro de Galicia, pese a contar con máis de 30.000 vivendas baleiras. É un paradoxo ao que contribúe a errática política que o Goberno central, co apoio do BNG, está a desenvolver en materia da vivenda. Para facer fronte a esta situación, a Xunta está a realizar un importante esforzo nesta cidade. Ademais das 40 vivendas xa entregadas, ten, no barrio de Xuxán, 360 máis en construción: 104 en promoción propia e 256 en terreos cedidos a cooperativas. E 600 vivendas máis están en fase de tramitación municipal.

Hai dúas semanas anunciouse a licitación do proxecto para a construción de 58 novas vivendas de promoción pública no barrio dos Rosais e, ademais, está o proxecto de interese autonómico de Monte Mero, con máis de 4.000 vivendas, das cales o 80 por cento serán protexidas. Onte adxudicouse a redacción do proxecto.

Por desgraza, este esforzo non se ve acompañado por outras administracións. Vémolo no que está a acontecer coas vivendas en réxime de alugueiro social en Xuxán; unha promoción de 224 vivendas construídas sobre solo público adxudicado pola Xunta de Galicia en réxime de dereito de superficie a cincuenta anos e cun canon practicamente simbólico que, ademais, conta cunha subvención de fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de máis de dez millóns de euros. Esta cooperativa foi a primeira en acoñerse ao convenio aprobado o pasado mes de agosto entre o Instituto de Crédito Oficial —o ICO— e o Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana para financiar a construción de vivendas en alugueiro accesible. O problema vén derivado do modelo de financiamento que o ICO pretende impoñer para financiar a construción das vivendas. Esta entidade de crédito, coa consideración da Axencia Financeira do Estado, pretende establecer unhas condicións que supoñen unha suba das cotas inasumible para unha parte importante dos cooperativistas, obrigando a uns desembolsos que desvirtúan totalmente o carácter social da promoción.

Este conflito está a xerar unha lóxica preocupación entre estes cooperativistas, que ven esvaecer as súas expectativas de acceder a unha vivenda en alugueiro cun prezo accesible. O endurecemento das exixencias para acceder ao financiamento malogra os esforzos que, neste caso, a Xunta está a realizar como apoio aos promotores das novas vivendas e o obxectivo social destes apoios.

Ante esta situación, conselleira, ¿pode vostede confirmarnos hoxe unha vez máis, para a tranquilidade dos cooperativistas, que a Xunta garantirá en todo momento o carácter social da promoción, que é o fin para o cal cedeu un solo da súa titularidade?

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Formula agora a pregunta dona Alexandra Fernández Gómez, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidente.

Ten razón o señor Rodríguez en que a situación da vivenda en Galiza é moi mala. Lémbrolle que as competencias son exclusivas da Xunta de Galiza. (*Aplausos.*)

O problema aquí é que a política de vivenda da Xunta de Galiza é un auténtico *bluff*: unha montaxe propagandística destinada a impresionar que logo se demostra falsa. Hoxe, en concreto, queremos falar do *bluff* dos alugueiros sociais e das súas consecuencias. Un alugueiro social é aquel de rendas reducidas destinado a persoas vulnerables que, pola condición de ser programas a perdas, son fundamentalmente as administracións públicas quen os desenvolven. Un alugueiro social é, maioritariamente, unha vivenda de promoción pública en alugueiro, e nesta materia, a Xunta leva anos encadeando propaganda incumplida. No último plan prometeron impulsar 858 novas vivendas de promoción pública e non chegaron nin á metade. Iso si, logo, para ocultar ese engano, chegaron incluso a presentar informes manipulados a esta Cámara asegurando que cumpriran onde se computaban como licitacións de nova vivenda pública pequenos arranxos de pisos existentes e onde se contaban os cambios de inquilino como entregas desas supostas novas vivendas. Aínda que os cachamos enganando a xente e aínda que cambiou a titular da Consellería, seguen exactamente as mesmas malas prácticas, retorcendo os datos e retorcendo a verdade ata estrangulala.

A ninguén lle escapa que levamos anos sen política de vivenda pública e que non se crearon alugueiros sociais. É nese contexto en que a Xunta se embarcou nun novo *bluff*: se non creamos alugueiros sociais, podemos facer pasar como tal algo que non o é, porque o modelo de cooperativas de vivenda — neste caso en dereito de superficie — permite alugueiros por debaixo do prezo de mercado, máis accesibles, pero os prezos que se están marcando non son os dun alugueiro social.

Así, en marzo de 2024, a entón conselleira Ángeles Vázquez, asiste e avala a presentación no Palexco da promoción Alugueiro50 de Galivivenda baixo a etiqueta de «alugueiros sociais». Na súa nota de prensa incluso se especifica que as rendas non superarán os prezos máximos dun alugueiro de vivenda protexida, pasando por alto un pequeno detalle, e é que os cooperativistas deberían facer fronte a máis de cincuenta mil euros en concepto de aportación social a maiores desa renda. Tal foi o engano, que houbo máis de seis mil solicitudes de persoas interesadas no proxecto anunciado pola Xunta que, no momento en que se presentaron as contas detalladas, quedaron en apenas cento vinte solicitantes. Houbo unha espantada masiva cando se comezou a ver a realidade dos seus alugueiros sociais. Pero nin tan sequera esas contas eran certas. Ao engano por parte da Xunta, súmase unha xestión negligente por parte da xestora da cooperativa, onde a empresa Galivivenda modifica de forma escurantista as condicións económicas dun día para o outro, chegando a solicitar rendas de mil euros.

Aquí a Xunta de Galicia ten a responsabilidade total porque a Xunta é a propietaria dese solo e a Xunta é a responsable da súa concesión. Por tanto, exiximos: primeiro, desculpas por enganar a xente; e, segundo, medidas para frear a acción negligente desta xestión. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Dará a resposta a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, dona María Martínez Allegue.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Grazas, presidente.

Señores deputados, señor Rodríguez e señora Fernández.

Antes de nada, por suposto, quero transmitir-lles aos cooperativistas de Xuxán — máis de douscentos socios cooperativistas — que a Xunta non vai permitir que se desvirtúe o carácter social das súas futuras vivendas. (*Aplausos.*)

Señora Fernández, paréceme ruín tentar sacar rédito político dunha situación insólita e inaceptable que para nada vén provocada pola Xunta de Galicia. Pero como semella que vostede non o sabe —ou, o que é peor, sábeo pero ocúltao—, vou tratar de explicar os feitos tal e como son. Dende logo, dende o Goberno galego temos o firme compromiso de facilitar unha vivenda digna, de calidade e cun prezo accesible, e temos que facer que ese compromiso sexa de todas as forzas políticas, de todas as administracións e, por suposto, tamén do sector privado, porque é imprescindible. Temos que incentivar a construción de vivenda protexida, porque a Xunta de Galicia, ademais de construír vivenda pública — cousa que tamén poden facer as corporacións locais — por certo, como está a facer o Concello da Coruña e semella que fará o Concello de Vigo —, tamén saca a licitación, mediante concurso, parcelas previamente urbanizadas cun prezo simbólico para que promotores e cooperativistas constrúan vivendas protexidas. Como resultado dese concurso público, transparente e obxectivo, resultaron nos últimos meses distintos adxudicatarios, e un deles, e no ámbito de Xuxán, na Coruña, foi Galivivenda.

Señora Fernández, a colaboración público-privada é fundamental — semella que non ten experiencia na materia —. Tamén, por se non o saben, o Programa VI dos fondos MRR europeos pretende fomentar precisamente as promocións de vivendas en réxime de alugueiro accesible. Todos os fondos asignados á nosa comunidade autónoma — a Galicia — dese programa xa están comprometidos. É máis, recibimos un millón de euros adicionais doutras comunidades autónomas que non foron quen de comprometerlos. Neses fondos do Programa VI, por unha banda, estamos a cofinanciar vivendas construídas directamente pola Xunta de Galicia, como, por exemplo, en Xuxán, 3 edificios e 104 vivendas xa están en execución, e tamén convocamos liñas de subvencións para que promotores públicos e privados puidesen acceder a estes fondos. Pois ben, nesa liña de subvencións dese Programa VI que se presentou, por exemplo, foi beneficiario o Concello da Coruña, que empezou hai unhas semanas a construír 50 vivendas de promoción pública ao amparo destas subvencións tramitadas pola Xunta de Galicia, e tamén distintos cooperativistas como Galivivenda, que percibiu, efectivamente, 10 millóns de euros.

Polo tanto, a Xunta concursa solo e a Xunta adxudica subvencións deste Programa VI, pero falta a terceira pata imprescindible, que é o que nos trae hoxe aquí a esta Cámara: o finan-



ciamento, os préstamos ICO. Os préstamos ICO supoño que saberá, señora deputada, que foron formalizados mediante un convenio entre o Ministerio e o ICO que foi anunciado a bombo e platillo. Foron catro mil millóns de euros de fondos europeos dese programa VI que o Estado non transmitiu ás comunidades autónomas, senón que quedou con eles. Con eses catro mil millóns de euros formalizou un convenio entre o Ministerio de Vivenda e o ICO e, a maiores, foron dous mil millóns de euros adicionais de fondos estatais que, supostamente, avalarían o 50 por cento desas promocións en réxime de alugueiro.

Anunciábano a bombo e platillo a ministra e o señor Pedro Sánchez: seis mil millóns de euros cos que o señor Pedro Sánchez dicía que construírían máis de corenta mil vivendas en réxime de alugueiro baixo este financiamento. Estas corenta mil vivendas serían financiadas con estes préstamos ICO de fondos europeos. Foi unha vez máis fume, polo menos en Galicia, porque a nosa comunidade autónoma non recibiu nin un só euro deses préstamos ICO, e este pídelles agora aos cooperativistas que acheguen en dez anos a cantidade que tiñan que chegar en trinta e seis anos.

Teña claro cal é o obxectivo deste executivo galego, que é garantir o dereito a todos os cooperativistas ao prezo regulado, que é obrigatorio, porque nada ten que ver o que lles está a exixir o ICO co importe do alugueiro. Semella que non o sabe, pero debe sabelo: os prezos da vivenda protexida de alugueiro están taxados, e por normativa autonómica neste ámbito, en solo público de Xuxán —porque é desenvolvido pola Xunta de Galicia—, son de 4,85 euros o metro cadrado. Ese é o importe máximo de alugueiro que pode pór a cooperativa.

Paréceme realmente desolador que teñamos que estar a debater nesta Cámara unha cuestión que está a quitar o sono a centos de coruñeses e de coruñesas e que indigna, ademais, a este executivo que agora mesmo estou representando. Pero teña claro, señoría, que dende a Xunta de Galicia non imos claudicar e non imos permitir que se desvirtúe o carácter social destas vivendas como consecuencia do financiamento destes préstamos ICO.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, o señor Rodríguez Martínez.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Señora Fernández, benvida a Xuxán. Nótase que acaba de chegar porque, de non ser así, sabería que todas as forzas políticas do Concello, incluída a súa, chegaron a un acordo para non facer política e para mostrar unanimemente o apoio á situación destes cooperativistas. Señora Fernández, a vivenda está mal en España, en Galicia e, por suposto, na Coruña. É, por certo, na Coruña onde goberna o Partido Socialista co seu apoio e coa súa axenda urbanística. (*Aplausos.*) Outro día, señoría, esperamos que veña aquí preguntar polas vivendas da Sareb prometidas por Pedro Sánchez e Inés Rey na miña cidade.

Doulle as grazas, conselleira, pola súa resposta e pola claridade e a contundencia desta. Doulle as grazas tamén por facer patente a importancia da colaboración público-privada para acadar este importante obxectivo de duplicar nesta lexislatura o parque público da vivenda



en Galicia. Como ben dixó, este tipo de iniciativas dependen de tres piares: solo barato, axudas públicas e o financiamento do ICO en condicións que respecten o carácter social da promoción, porque para iso este organismo recibiu fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia. O ICO non xestiona eses fondos para establecer que as condicións de financiamento se traduzan en cotas de mil euros ao mes —a maiores do custo da solución habitacional que soporte cada cooperativista—, porque desvirtúa totalmente a finalidade coa que a Xunta accedeu ao solo. Por iso, é fundamental exixirlle ao Goberno de España que o ICO garanta unhas condicións de financiamento asumibles que de verdade faciliten o acceso á vivenda das persoas e dos fogares con menos recursos, máis aínda cando hoxe mesmo podemos ver na prensa que o propio ICO recoñece que a operación está aínda en fase de análise e que non se cerraron os termos definitivos do financiamento.

Por tanto, animamos a Xunta a seguir a exixir ao Estado que non malogre o esforzo doutras administracións en materia da vivenda, frustrando o dereito de centos de coruñeses a unha vivenda accesible en réxime de alugueiro. Por iso, conselleira, na súa quenda de aclaracións, ¿podería detallarnos cales foron, logo de ter coñecemento desta...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: ...situación, as xestións realizadas pola Xunta ante o Goberno de España e cal foi a súa resposta?

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: O problema aquí, señora conselleira, é que os cooperativistas están sendo dobremente enganados: pola Xunta e pola xestora; por unha Xunta de Galiza que escolleu a propaganda fronte á verdade. Aquí está a conselleira (*A señora Fernández Gómez amosa unha fotografía.*) vendendo como alugueiros sociais —e presentando este proxecto cun cartel que di «alugueiro social»— o que non o é. (Aplausos.) E están enganados tamén —claro, claro...— por unha xestora que manipula datos, informacións e vontades ante unha pasividade cómplice por parte da Xunta de Galicia. Aquí producíronse asembleas irregulares, propostas económicas que varían dun día para o outro e o incumprimento de prazos, que, ademais, están pondo en risco as axudas e a viabilidade do propio proxecto. Creouse unha cooperativa paralela para evitar que o historial que arrastra esta xestora —o negro historial que ten— supoña un problema para o financiamento da propia cooperativa. Hai unha falla de transparencia evidente en canto ás negociacións co ICO. Entón, aquí cada día os cooperativistas están enfrontándose a un novo capítulo de mentiras que está xerando unha grande incerteza, logo de ter feito xa, por certo, unha aportación inicial de capital, e vense agora atrapados en todas as mentiras da xestora.

Da reunión de onte co ICO, o único que quedou claro é que a xestora aínda non presentou toda a documentación para que haxa unha proposta formal do ICO. Por tanto, ninguén sabe



aínda no día de hoxe cales son as condicións reais en que se vai financiar esa cooperativa. Hai un abuso evidente por parte da xestora. Cando os cooperativistas acudiron ao Instituto Galego de Vivenda e Solo, a primeira resposta foi dicirlles que paguen un avogado —si, que busquen un avogado; iso foi o que lles dixeron—, (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) cando vostedes teñen un convenio co Consello da Avogacía —que lle recordo, porque vostede parece que o esquece—. Vexo que anda moi despistada con ese convenio. O outro día preguntáronlle na radio cantas denuncias houbo nese teléfono por ocupación. Foron tres, conselleira. E cando 224 persoas lle piden asesoramento, non lles ofrece ese asesoramento co Consello da Avogacía por un problema moi serio no que vostedes teñen responsabilidade. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ¿Que van facer vostedes ante...? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Terminou o tempo. Grazas... (*A señora Fernández Gómez pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non a escoitan. Non se lle escoita. Terminou o tempo. (*Aplausos.*)

Para o peche desta pregunta, a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a señora Martínez Allegue.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Grazas, presidente.

Señorías, dende logo, a Xunta fai súa a preocupación dos cooperativistas. Non consentiremos que a abafen con pagamentos imposibles, e faremos todo o posible, todo o imprescindible e todo o que estea nas nosas mans para rematar este despropósito, (*Aplausos.*) como vimos facendo dende o primeiro momento en que tivemos coñecemento por un destes cooperativistas o pasado 25 de abril.

Reaccionamos, e con axilidade. Dende o primeiro momento contactamos co Ministerio e remitímoslle ata catro cartas. A primeira, ao secretario xeral de Vivenda e Urbanismo, Heriberto García Porto, o 30 de abril, (*A señora Martínez Allegue mostra un documento.*) pedíndolle ao director xeral do Ministerio unha entrevista co ICO por esta situación. O 7 de maio remitín eu mesma —firmada por min— a solicitude da reunión urxente co ICO por esta situación; (*A señora Martínez Allegue mostra un documento.*) o 13 de maio remitín de novo unha solicitude de reunión ao Ministerio, á ministra; (*A señora Martínez Allegue mostra un documento.*) e o 15 de maio envíelle unha cuarta carta (*A señora Martínez Allegue mostra un documento.*) para explicar cal era a situación á ministra, por se non o sabía. Seguimos agardando por esa convocatoria, por esa reunión urxente que ten que facer o Ministerio, porque recordo que o ICO e o Ministerio conveniaron, e o que executa é o ICO, efectivamente, pero o que decide é o Ministerio.

Culpar a Xunta de Galicia desta situación carece de calquera tipo de base. Repito: tentar sacar rédito político disto é ruín. Xa non engana a ninguén, señora Fernández. Como lles veño de



relatar, logo de meses de conversa da cooperativa, o ICO muda as condicións de financiamento, e semella que agora mudaron de novo. Non o sabemos —enterámonos pola prensa—, porque o ICO non nos comunica nada.

Dende logo, dende a Xunta de Galicia, non deixaremos de insistir na nosa petición da modificación urxente desas condicións de financiamento. Na Xunta seguiremos a exigir que sexan acordes coa finalidade que se pretende: construír vivenda protexida en réxime de alugueiro, non só para os promotores, senón tamén para as cooperativas. Teño que dicirlle, señora Fernández, que estamos a coñecer iniciativas que son rexistradas non só neste Parlamento e no Concello da Coruña, senón tamén no Congreso e incluso no Senado. A acción política ten que ir da man. Temos que reclamar conxuntamente ao Estado e temos que exigir a flexibilidade destes préstamos ICO para que cumpran a súa finalidade.

Señores do Bloque Nacionalista Galego —deste Parlamento, desta Cámara galega—, vostedes din unha cousa aquí e din a contraria en Madrid. Póñolle un exemplo: o deputado en Madrid, o señor Rego, parece que ten claro quen ten a culpa. Nunha iniciativa rexistrada o pasado 5 de maio no Congreso di textualmente: «As condicións exixidas polo ICO para acceder ao financiamento son abusivas. Realmente non permiten» —di o señor Rego— «impulsar este tipo de vivendas que son absolutamente necesarias». O que dicía o deputado, o señor Rodríguez, do Concello da Coruña, é outro exemplo: moción aprobada de xeito unánime por todos os grupos políticos para pedir explicacións ao Ministerio sobre os cooperativistas de Xuxán. Leo as declaracións da concelleira do Bloque Nacionalista, Avia Veira: «É unha felicidade que nos poidamos pór de acordo para isto. O importante é que a xente poida acceder a vivendas accesibles a prezo accesible». Estou totalmente de acordo con ela, señorías, totalmente de acordo. As administracións, as forzas políticas, temos que estar unidas neste tema. Meu pai, que era moi sabio e me daba moitos consellos, dicía un refrán: «Non cuspas, que che cae enriba». Señora Fernández, vaille pasar iso. Deixe de enganar, que lle vai vir de volta. *(Aplausos.)*

Señorías, Galivivienda (*A señora Fernández Gómez amosa unha fotografía.*) é a primeira cooperativa coñecida que está a ter estes problemas con esta trampa de préstamos ICO, pero poden ser moitos máis en Galicia e en España. *(Murmurios.)* Se o ICO non modifica as condicións de financiamento para este tipo de actuacións, os cooperativistas veranse seriamente comprometidos. Dende logo, reclamamos que o papel de todas as administracións sexa conxunto e que respondamos dunha maneira precisa, urxente e esperanzadora.

Repito e remato: non toleraremos e non permitiremos que, como consecuencia destas garantías dos préstamos ICO xurdidos de fondos europeos —catro mil millóns de euros—, precisamente para avalar e conveniar este tipo de promocións, se vexan desvirtuados os alugueiros accesibles. Non o imos permitir. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Nicole Grueira Fernández e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as novidades que incorpora o novo Plan estratéxico de xuventude 2025-2027

O señor PRESIDENTE: Fará a pregunta dona Nicole Grueira, do Grupo Parlamentario Popular.



Cando queira.

A señora GRUEIRA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Benvido, conselleiro.

Hoxe imos falar aquí dunha peza clave para o presente e para o futuro de Galicia; imos falar da nosa xuventude.

Conselleiro, imos imaxinar por un momento que vostede está agora con rapaces, cun grupo de mozos e mozas galegas, con mozos que están pensando no seu futuro, no seu primeiro emprego, na súa primeira vivenda ou no seu proxecto de vida, que queren construír aquí, na súa terra. Estes mozos e mozas pregúntanse que oportunidades temos e que está a facer o Goberno galego para axudalos a iniciarse e a quedar aquí, en Galicia. Estas son preguntas reais que se fan cada día milleiros de mozos e mozas aquí, en Galicia, e no resto do país. Son preguntas que, dende logo, merecen respostas con feitos, e vostede, señor conselleiro, ten a chave.

Dende o Grupo Popular sabemos que está a traballar con vontade para abrírlles máis portas, para darlles máis certezas e para axudalos a construír o seu futuro aquí, en Galicia. Por iso, dende o Grupo Popular, traemos hoxe aquí esta pregunta para que poida explicarlle á xuventude galega todas as ferramentas que está poñendo á súa disposición o Goberno galego para que especifique esas medidas que recolle o novo Plan estratéxico de xuventude 2025-2027. É un plan que sabemos que chega para consolidar o traballo que Galicia xa leva facendo. É un plan que nace para seguir fomentando ese emprego xuvenil, para mellorar o acceso á vivenda, favorecendo así a súa emancipación, e para potenciar a participación e a iniciativa xuvenil. En definitiva, é un plan que reflicte que o compromiso do Goberno galego coa mocidade é firme. É un plan que representa unha oportunidade máis; un plan que é unha mostra de que, cando hai un Goberno que goberna con sentidiño e seriedade, a mocidade non queda a ningún lado. É un plan que, dende logo, é unha ferramenta máis que pon o foco no máis importante: a xuventude galega.

Por iso, conselleiro, dende o Grupo Popular preguntámoslle por esas novidades que incorpora este novo plan para resolver e poñer de primeira man as solucións para responder a esas inquietudes que a xuventude galega ten. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, don José López Campos.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moi ben, moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día a todos e a todas.

Moitas grazas, señora Grueira. Como ben apuntaba, creo que é moi ben traída esta pregunta en relación coa situación da nosa mocidade. Se eu tiver a oportunidade nestes últimos meses



de dar contestación e de falar sobre a situación do ámbito cultural en Galicia en varias ocasións, ou tamén sobre aspectos fundamentais da nosa lingua, creo que é importante tamén poñer o foco nenas políticas tan demandadas e tan necesitadas para a nosa xuventude. Co obxectivo de camiñar conxuntamente e de traballar por ese futuro —con esa ollada posta no futuro de cada mozo e cada moza galega—, creo que era importante buscar ese camiño de oportunidades para que todos e cada un deles poidan desenvolver ese futuro co que soñan. Por iso, era importante traballar, e así o fixemos durante moitos meses, cun contacto directo e cun proceso de escoita e de participación activa coa mocidade galega. De aí xurdiu ese documento ao que vostede apuntaba perfectamente, que é o Plan estratéxico de xuventude 2025-2027. Este plan conta con 133 medidas concretas, pero á súa vez transversais. Temos claro que as políticas de xuventude teñen que ir actuando de forma transversal en todas e cada unha das consellerías e coas responsabilidades do Goberno galego. É unha estratexia que leva aparelado un investimento que mobilizará máis de setecentos millóns de euros, que entendemos que son fundamentais para asentar os piares da Galicia do mañá.

Este plan, como dicía antes, estableceuse cun proceso de escoita activa, na que escoitamos os xoves falar de empregabilidade, a través tamén das necesidades que teñen de fomento da mobilidade internacional e da adquisición de novas competencias, distintas ás que coñecemos, como a educación formal. Tamén falamos da problemática e das necesidades que teñen na mellora do seu benestar físico, do benestar psíquico e tamén emocional, na procura de estilos de vida saudables. Tamén falan de favorecer a súa emancipación a través de medidas concretas, como puido ser neste caso a posta en marcha do Bono Emancípate ou do Bono Alugueiro. Tamén falan de impulsar a iniciativa xuvenil e o desenvolvemento do talento, onde tamén hai cobertura a través da Iniciativa Xove e de alternativas educativas. Como ben saben, puxemos en marcha tamén esas actividades de ocio e tempo libre para acompañar as familias nesta campaña de verán. Doulles un dato: tiñamos 11.600 prazas —pechamos esa convocatoria hai exactamente uns días— e recibimos máis de dezaseis mil setecentas solicitudes na campaña de verán máis importante de todo o territorio español.

Eu creo que é unha forma de potenciar tamén ese voluntariado e, desde logo, de conseguir e de seguir mantendo unha sociedade e unha xuventude totalmente activa, implicada e comprometida nunha sociedade para ser mellor. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a señora Grueira.

A señora GRUEIRA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, despois de escoitalo queda claro que a mocidade galega, como ben dixeran antes, conta cun goberno serio, que actúa con feitos e que non queda nin na pancarta nin nas promesas. A xente nova sábeo ben —sábeo moi ben—; por iso, cando chega o momento de elixir —de votar—, elixen maioritariamente o Partido Popular, porque confían na política útil, na política de verdade, na política que axuda a xente e que lle mellora o día a día, fronte a esa degradación constante á que nos teñen afeitados o Goberno de Pedro Sánchez, coa colaboración sempre do Bloque galego.



É importante, neste senso, poñer en valor todo o que se está a facer en Galicia a favor da xuventude. Mentres en Galicia hai un goberno que se encarga de poñer enriba da mesa todas as medidas para baixar a taxa de desemprego xuvenil, o Goberno de España lídéraa en Europa; mentres que aquí se duplica o parque público de vivenda, alí, en Madrid, seguen prometendo pisos que nunca chegan; e mentres a Xunta aposta pola mobilidade en todos os eixos, o Estado acaba de recortarlle máis trens á mocidade galega. En definitiva, son dous modelos, dúas formas de gobernar e, por tanto, dúas opcións a quen votar.

En Galicia hai estabilidade, hai xestión e hai planificación. Grazas a iso, a mocidade galega conta con esas ferramentas necesarias para poder emprender, formarse, emanciparse e construír aquí o seu futuro, e esa é unha realidade. A Galicia preocúpalle a súa xente nova, e por iso o Goberno galego decidiu impulsar un novo plan estratéxico da xuventude, unha mostra máis dese compromiso firme. É un plan real que nace para responder as inquedanzas da xente nova con medidas concretas, pensado exclusivamente para cada mozo e cada moza galega, porque en Galicia o Goberno galego cumpre coa mocidade galega. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Grazas de novo, señor presidente.

Moitísimas grazas.

Señora Grueira, creo que coincidimos no diagnóstico e coincidimos tamén nas medidas que temos que aplicar nos próximos anos; medidas que teñen que ser claramente orientadas a buscar a mellora da calidade de vida e das condicións dos nosos xoves. Voulle relatar esas medidas, dunha maneira breve, no tempo que temos para esta pregunta parlamentaria. Xa tiveron a oportunidade de falar delas tamén na última comparecencia, pero creo que vou detallar catro ou cinco que consideramos que son as máis importantes.

En primeiro lugar, no ámbito da mobilidade, entendemos que debemos facilitar e que debemos mellorar esa mobilidade internacional dos nosos xoves entre distintos países. Debemos permitirles, por exemplo, obter bolsas para cursar estudos en países extracomunitarios e axudas complementarias tamén aos programas que, desde logo, teñen un éxito claro, como o Erasmus Plus. Temos que mellorar e que buscar fórmulas complementarias e o fortalecemento tamén de programas internacionais para coñecer a situación e para coñecer a evolución do mercado laboral europeo, dentro dese marco laboral conxunto que temos como Unión Europea. Nese aspecto, unha das principais novidades é a posta en marcha dun proxecto, para o que xa está aberto o prazo, que é Galicia Moza con Alma, para facilitar as estadias formativas en empresas da Unión Europea. Xa ten, como dicía antes, aberto o seu prazo de solicitude. Ou os programas de Mentoring, por exemplo, que estamos poñendo en marcha e son un éxito absoluto, tanto pola participación dos nosos mozos como tamén pola cifras e pola *ratio* de inserción laboral que estamos a conseguir. Estamos buscando, desde logo, con esas ferramentas a mellora daqueles colectivos en xeral, pero, fundamentalmente, pensamos



naqueles colectivos —aquela xente nova— que está en ámbitos de exclusión social, que teñen algún tipo de discapacidade ou que pertencen ao ámbito rural.

Outro dos aspectos importantes no que estamos traballando é no compromiso coas prazas de residencias xuvenís. Sabe vostede que temos o compromiso de ofrecer máis de cincocentas novas prazas de residencias xuvenís naquelas cidades que aínda carecen delas, como son A Coruña, Ferrol, Santiago e Pontevedra. Son proxectos nos que xa estamos traballando. Tamén no eido da saúde emocional e da saúde mental, do que tamén se falou neste pleno, queremos seguir traballando nese proxecto de correspondentes xuvenís que está permitindo estender estes programas de voluntariado e ter a información das circunstancias dos nosos xoves.

En canto ao acceso á vivenda, a primeira preocupación da nosa xuventude, temos en marcha: os proxectos de aloxamentos compartidos; a adquisición de inmobles a través do Bono Emancíparte, con máis de tres mil setecentas solicitudes que temos recibidas; así como tamén —dicimos— eses proxectos de apoio e de axuda ao acceso á vivenda. En definitiva, son proxectos que permiten construír...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): ...unha Galicia mellor para unha xuventude que nos exige tamén unha Galicia que estea forte.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Rosana Pérez Fernández e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Consellería do Mar no que atinxe á realización dun estudo do impacto ambiental, económico e social da fábrica de Altri sobre o río Ulla e a ría de Arousa

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona Rosana Pérez Fernández, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, a vostede moléstanlle os datos da situación do sector do mar que nós poñemos enriba da mesa unha e outra vez, non porque non sexan certos, senón porque lle desloquen a súa política de propaganda. Di vostede que prexudicamos o sector ao evidenciar eses datos. Nós cremos que o que prexudica o sector é a propia Consellería do Mar, e ímolo comprobar unha vez máis.

Se hai datos das rías galegas que nos impactan son precisamente os da ría de Arousa, onde, malia pasar por graves dificultades produtivas, o sector primario do mar é estratéxico e onde preto de vinte mil persoas teñen o seu medio de vida no mar. Esta ría pode verse en risco se se compromete



a calidade das augas do río Ulla, o máis determinante para a produtividade marisqueira e para a riqueza dos lombos do Ulla. Precisamente, a realidade catastrófica deste banco marisqueiro —o dos lombos do Ulla— amosa dende hai anos que o río xa leva moito tempo en mal estado sen que a Xunta faga absolutamente nada. Precisamente por todo isto resulta especialmente vergoñento o informe da Dirección Xeral de Pesca que figura na DIA de Altri, no que deixa todo sen avaliar e no que fía todo ao estudo do impacto ambiental presentado polo propio promotor.

Sería unha burla, señor conselleiro, se o tema non fose dunha enorme magnitude para moitos sectores —nomeadamente para o sector do mar da ría de Arousa— e poboacións que se poden ver afectadas pola instalación dunha macrocelulosa situada a carón do Ulla. Diante dese valor fundamental do sector de Galiza —que é como vostede cualifica moitas veces, precisamente, o sector do mar—, ¿a Consellería vai avaliar o impacto ambiental, o económico e o social que suporía para o río Ulla e para a ría de Arousa a instalación de Altri, en Palas de Rei, ou vai seguir mirando para outro lado e facendo propaganda dos produtos que vostedes mesmos queren destruír?

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Dará a resposta o conselleiro do Mar, don Alfonso Villares Bermúdez.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Señor presidente, señorías.

Señora Pérez, ningún pode negar a evidencia do que debe facer calquera administración pública que actúe con responsabilidade e que traballe para e polo desenvolvemento do seu tecido económico e industrial.

Esa evidencia é a de cumprir co noso compromiso de analizar con rigor cada un dos proxectos que chegan á nosa comunidade, traballando para facer realidade aqueles que sexan viables ambientalmente e rendibles economicamente. Altri, señorías, non é unha excepción, e o noso labor é velar por que a empresa cumpra todas as condicións que establece a declaración do impacto ambiental, que exige ao promotor a adopción de múltiples medidas para garantir a compatibilidade ambiental do proxecto e unha vixilancia constante do seu cumprimento.

Como xa saben, este proxecto xa conta cunha DIA favorable na que todos os informes vinculantes emitidos para a súa elaboración son condicionados, precisamente, para minimizar o impacto na contorna. Polo tanto, é unha rigorosa análise feita a partir de criterios obxectivos que dá garantías para a viabilidade ambiental deste proxecto. Ademais, consonte a lei, analízanse todos os factores sobre os que o proxecto pode ter incidencia: a poboación, a saúde humana, a flora, a fauna, a biodiversidade e a xeodiversidade, o solo, o subsolo, o aire, a auga, o medio mariño, o clima, o cambio climático, a paisaxe, os bens materiais, o patrimonio cultural e a interacción entre todos os factores mencionados.

No caso concreto do medio mariño, o 9 de abril do 2024 a Consellería de Economía solicitou un informe co fin de analizar a posible afectación dun vertido de augas residuais e sanitarias



no río Ulla desde o punto de vista da pesca, da acuicultura e do marisqueo. O 18 dese mes, a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica emitía o informe solicitado concluíndo que, estando os establecementos de traballo situados a máis de setenta quilómetros en liña recta desde a zona na que figura o proxecto, non parecen previsibles impactos no sector, aínda que no informe de impacto ambiental se deberían avaliar os posibles riscos —especialmente no caso de incidentes e fallos no sistema de depuración— e as medidas protectoras e correctoras para aplicar. O 31 de xaneiro dese ano a empresa daba contestación a ese informe sinalando expresamente que levou a cabo a avaliación dos posibles riscos e a planificación das medidas correctoras plantexadas, polo que o 3 de febreiro a Dirección Xeral de Pesca e Acuicultura confirmou non haber inconvenientes que impedisen continuar coa tramitación do proxecto. A conclusión é: levar a cabo a avaliación do impacto ambiental non é competencia da Consellería do Mar, pero si, desde logo, informar, como así fixemos.

Estes son os informes técnicos, pero, antes de que houbese estes informes técnicos, tamén había unha serie de informes —non informes, chamémoslles «opinións políticas», pero de políticos relevantes—. Pásolle a mencionar: o alcalde de Ribadeo —que era daquela alcalde do BNG— dicía que «Somos coñecedores de que se abre unha oportunidade, aínda que non sabemos, no día de hoxe, se vai quedar nun globo sonda ou se realmente é unha aposta firme». Apunta que «Non se quere entrar en competencia con ninguén, senón que se expoñen as fortalezas de Ribadeo para poder acoller este proxecto na Mariña». Destaca que «O municipio fai esta oferta firme e con honestidade, *en busca de sumar esforzos y sinergias*».

Había outro político tamén relevante, que era o señor Blanco, que foi ministro do Goberno de España, que dicía: «*Que yo sepa, por el momento...*».

O señor PRESIDENTE: Grazas. Ten outro turno despois.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): *...Galicia no tiene escasez de agua. Hay que recordar que el agua no saldrá del río Ulla, como he oído decir en algunha ocasión, sino de embalses como el de...*

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno despois para dicilo. Grazas.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): *...Portodemouros. No se puede beber el agua, que cogerá...*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas. ¡Ten outro turno despois, señor...!

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): *...la planta de ese embalse, pero la que devuelva el embalse, sin embargo, estará más limpia y sí se podrá beber». (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Ten outro turno despois, ho...!

Para a réplica, a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.



Señor conselleiro, xa vemos e xa queda aínda máis claro por que lle molestan tanto os datos: vostede e vostedes son máis de opinións.

Mire: son 1.176 parques de cultivo de ameixas e berberechos; 2.385 bateas, o setenta por cento de todas as autorizadas en Galiza; 1.643 embarcacións de artes menores; 1.544 mariscadoras e mariscadores; e un volume económico derivado só —¡só!— da pesca fresca e do marisqueo de 126 millóns de euros no ano 2023. Todo isto, señor conselleiro, merécelle á súa consellería a conclusión textual de que «Non parecen previsibles impactos no sector, tendo en conta que as instalacións e os establecementos de produción acuícola están situados a máis de setenta quilómetros en liña recta». ¿«Non parecen previsíbeis», señor conselleiro, é un argumento técnico? ¿«Non parecen previsíbeis», señor conselleiro, é unha opinión ou é un dato? Claro... (Aplausos.) ¿«Non parecen previsíbeis» con base en que, señor conselleiro?

A Dirección Xeral de Pesca emite un informe favorábel definitivo —e abro comiñas— «...tendo en conta que a empresa sinala de xeito expreso que levou a cabo a avaliación dos posíbeis riscos» —pecho comiñas, señor conselleiro—. Se a consellería informa favorablemente porque o di a empresa, ¿para que nos serve a consellería, señor conselleiro? ¿Ou é que son o mesmo a consellería e a empresa?

Señor conselleiro, no día de hoxe non hai informe que consiga tapar o engano e a fraude colossal que representa Altri.

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Señor presidente, ¡deixou rematar o señor conselleiro!

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora... Grazas. Non, pero estaba...

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ¡Deixou rematar o señor conselleiro!

O señor PRESIDENTE: ¡Non, non...! ¡Xa coñecen a mecánica!

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ¡Deixou rematar o señor conselleiro!

O señor PRESIDENTE: Non, non, non...

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Eu non entendo a súa vara de medir, señor presidente. Cada día enténdoa menos. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Non, non, pois...

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Deixou rematar o señor conselleiro.

O señor PRESIDENTE: ¡Non, non o deixei rematar!

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ¡E incluso lle riu a graza!



O señor PRESIDENTE: ¡Non, non, perdoe...!

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ¡Incluso lle riu a graza, señor presidente! *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Pero, ¿vai suceder sempre que na última pregunta imos ter...?

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Non entendemos a súa vara de medir. Ou si...

O señor PRESIDENTE: ¡Non, non ten a palabra! Non ten a palabra, señora... *(Aplausos.)*

Vostedes xa coñecen a mecánica. *(Murmurios e protestas.)* Nas preguntas... Perdoe, unha cousa é que me fagan caso e outra que non. *(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* E ás veces tampouco mo fan vostedes. *(Pronúncianse palabras que non se perciben)* Entón, as preguntas son como son, xa saben que niso son tallante. *(Pronúncianse palabras que non se perciben)*

Non, e eu díxenllo. Eu non podo estar todos os días... ¡Isto non é unha escola! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Entón, dixen «rematou» e rematou. *(Murmurios.)*

Pero moitas veces tamén pasa con vostedes, ¡apliquen o conto! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Para o peche da pregunta, o señor conselleiro.

(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)

Silencio. Acabouse. *(Murmurios.)*

O señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez):

(Un señor deputado: ¡Sé fuerte...!) (Murmurios.)

¿Empezamos xa? Non sei o tempo que teño, vou intentar, logo... Non sei se se me... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Non, silencio... Se o van interromper... Pode contestar vostede desde a tribuna.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Eu vou intentar, dende logo... Cando eu aquí falei, a verdade é que se me cortou a palabra cando había que cortala, entendo eu, sen máis, e tampouco se lle dá máis importancia. De todas formas, señora Pérez, non se preocupe, porque me vai sobrar bastante tempo para contestarlle nesta segunda intervención; polo tanto, se iso compensa, logo, o seu malestar polo anterior exceso na miña intervención, espero que poida compensalo desa maneira.



Con respecto ao que vostede pregunta, si que temos un preestudo da avaliación do impacto económico e social da implantación desta empresa, pero na Mariña de Lugo. Vóullelo pasar a relatar outra vez: a fábrica daquela —que era o 18 de outubro do ano 2021— requiría 800 millóns de investimentos e xeraría 1.500 empregos directos. En primeiro lugar, falouse de que se ía instalar en Cervo; despois, como era tan boa esa empresa, a alcaldesa de Viveiro, do Partido Socialista, propuxo o seu concello para instalala; despois, o alcalde de Ribadeo, que era do BNG, tomou a iniciativa e mandoulle unha carta ao presidente da Xunta e ao presidente de Altri dicindo que era o seu concello onde tiña que instalarse; e, despois, foi o alcalde de Foz quen fixo o mesmo. Posteriormente, o 14 de marzo do ano 2022, a Mancomunidade de concellos da Mariña de Lugo, presidida polo partido Socialista e onde hai dous concellos —Barreiros e Ribadeo— gobernados polo BNG, fíxolle tamén unha petición á Xunta de Galicia —ao conselleiro de Industria— coa mellor das actitudes e co único obxectivo de que Altri viñese para A Mariña, fose cal fose o seu concello. Como, ao final, non foi para A Mariña, os seus alcaldes, indignados porque Altri foi para outro lado, promoveron unha serie de mobilizacións en toda a comarca que tiveron que soportar eu tamén como alcalde de Cervo. Iso foi o 28 de abril, e despois —jun ano despois!—, o 17 de maio do ano 2023, o Partido Socialista fixo un documental sobre a traizón do PP da Xunta e da Mariña con Altri, jun documental de quince minutos falando a favor de Altri!

Garantir o desenvolvemento industrial e respectuoso co medio ambiente é o obxectivo de calquera sociedade e, desde logo, é o noso obxectivo, o da Xunta de Galicia: máis postos de traballo, fixar poboación e facer, sobre todo, que os fillos non se vaian da terra onde se criaron os seus pais. Iso é o que quere calquera pai, e o primeiro é o respecto ao medio ambiente, ás persoas e aos territorios onde se asente calquera empresa e —como non— dar as mesmas garantías a aqueles territorios veciños situados a máis de setenta quilómetros de distancia.

Mentres nós, desde a Xunta de Galicia, desde o Partido Popular, traballamos para a Galicia de mañá. Eu o que lles recomendo a vostedes é que traballen en explicarlle e en dicirlle á xente como antes dicían «Altri, si» e hoxe din «Altri, non». *(Aplausos prolongados.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.


(O señor presidente pide silencio.)

Remata aquí o pleno.

Moi boa tarde.

Remata a sesión ás dúas e vinte minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

